

73 xulio
agosto
setembro
1981

GRIAL



P
E
N
Z
O
L

ERMIN

FERMIN

P E N Z O L

N Z O L

OL

IN MEMORIAM

* Ánxel Fole * Ramón Piñeiro * Manolo González *
M.º Xosé Rodríguez Galdo * Ramón Lorenzo * Basilio
Losada * Isaac Díaz Pardo * Xesús Alonso Montero *
Emilio González López * Marino Dónega * Xosé M. R.
Pampín * Olga Gallego e Pedro López.

GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

Director periodista: Xosé Landeira Trago. — Colaboradores: Ramón Piñeiro López e Francisco Fernández del Riego. — Consello de Redacción: R. Carballo Calero - D. García Sebeñ - C. Fernández de la Vega - X. M. López Nogueira - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Ullas - Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.

N.º 73 xulio
agosto
setembro 1981

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN: EDITORIAL GALAXIA
Rosaldo, 1 - VIGO

SUMARIO

	<u>Págs.</u>
<i>Perder amigos: Fermín Penzol, por ANXEL FOLE</i>	277
ENSAIOS	
<i>A personalidade política de Fermín Penzol, por RAMÓN PIÑEIRO</i>	279
<i>Anibal Otero e a lexicografía galega. Comentarios á Vocabulario de San Jorge de Piquín, por MANOLO GONZÁLEZ GONZÁLEZ</i>	289
<i>A polémica librecambismo-proteccionismo en Galicia a mediados do século XIX. Fontes para o seu estudo, por MARIA XOSÉ RODRÍGUEZ GALDO</i>	299
<i>Penzol e a súa obra, por RAMÓN LORENZO</i>	306
ESCOLMA	
<i>Documentación epistolar</i>	309
<i>Discunto pra Fermín Penzol, por FERMIN BOUZA BREY</i> ..	337
PENEIRA DOS DÍAS	
<i>Fermín en Barcelona, por BASILIO LOSADA</i>	339
<i>Unha lembranza da figura humana e cordial de Fermín Penzol, por ISAAC DÍAZ PARDO</i>	343
<i>O meu Fermín, o noso Penzol, a "Penzol" de todos, por XESÚS ALONSO MONTERO</i>	345
<i>Fermín Penzol e a "Mocidade Céltiga" de Madrid, por EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ</i>	348
<i>Os espellos de Fermín Penzol, por MARINO DÓNEGA</i>	351
<i>Soledá, por XOSÉ M. R. PAMPÍN</i>	353
<i>Protagonistas do galeguismo no Arquivo da Fundación Penzol, por OLGA GALLEGO e PEDRO LÓPEZ</i>	356
<i>A propósito da publicación en "La Nación" dunha necroloxía de Antolín Favaldo, por CARMEN e MARIA XOSÉ RODRÍGUEZ GALDO</i>	379
<i>Ronsel de arroaz, por X. L. REI NÚÑEZ</i>	385
<i>Onomástica galega: Abelaira e familia, por FROILÁN LÓPEZ</i> ..	389
<i>Os fondos bibliográficos da Biblioteca Penzol</i>	392
LIBROS, por Olga Gallego e V. P. A.	395
O HEGO DA CULTURA	401



En lembrança
de D. Fermi

C. Merino-81

PERDER AMIGOS: FERMIN PENZOL

A morte fainos perder amigos de continuo. Oio resoar a tesourada fatal da Parca desde hai uns anos. Os nosos vellos amigos, un a un, van emigrando ó Alén. Hai uns anos foi Lorenzo Varela, recién volto ós lares nativos. Seguíron a éste Luis Seoane, Andrés Lage, Alvaro Gil, Eduardo Sampaio... A triste lembranza onde había o rostro animado dun estimadísimo amigo. Chéganos agora a triste noticia do pasamento, en Santiago, de Fermín Penzol, despois de longa doenza. Alá o vimos por derradeira vez hai algúns anos.

Quedáronnos unhas cantas fotos con el en calquera terraza dun café de Santiago, sempre con Ramón Piñeiro e a súa esposa. Ou na casa de Ramón Otero Pedrayo, alá en Trasalba, con un fondo de alcipreses, vides e montes azulados pola distancia.

Hai coma cousa dun cuarto de século, no yate de Ramón Baltar, eu tiña visto, asombrado, desfilar quince ou vinte veleiros de pesca, na tardiña dun día de fogaxe agosteña, pola ría de Arousa, perto de Rianxo. E eu que coidaba que os barcos de vela eran cousa de había medio século... Nas rías da costa luguesa eran xa moi escasos.

Decíámolle isto a Fermín Penzol na súa casa de Castropol, mentres gorentabamos o café do xantar, na compañía da súa esposa Blanquita Jiménez e máis do matrimonio Piñeiro. O comedor tiña un amplo ventanal sobre a ría do Eo. E no ventanal enmarcouse un soberbo veleiro de tres paus.

Foi aquel lonxano día, na parola de sobremesa, cando tiven detallada noticia da biblioteca do noso anfitrión. Cando a bibliografía galega chegaba escasamente ós mil títulos. Desde entón ós nosos días aumentou moi notablemente.

Libros sobre todo: sobre o viño, sobre a pesca, sobre as meigas, sobre os tesouros, sobre as aves. E, daquela, o Fermín semelloume un ser fabuloso. Ouvía e non daba creto. Un bibliófilo da mellor lei. Con unha paciente constancia que rozaba o heroísmo. E escoitando falar ó Fermín decateime de que esta interesantísima biblioteca, dun modo ou de outro, estaba destinada a Galicia. Non se debía perder, non se perdería. Na inefable sorriso de Fermín estaba o seu destino.

Esta sorriso do Fermín era un verdadeiro poema. Sempre o foi para mín. Para mañán, para pasado mañán. Para o futuro próximo e o lonxano. Para sempre. ¡Enternecedoramente avencellada á Galicia de mañán! Este galeguiño, nado en Sahagún, de pai de Pon-

ferrada e nai de Castropol, sorría gloriosamente, coma unha figura do Pórtico da Glória. Para sempre e pensando en Galicia. A metade da súa sorriso levábanlla os ollos. Diremos que se facía luz neles. A lufada de bondade viñalle de moi fondo; da súa alma galaica. Facía retinguelear as verbas de Castelao: "Veleiqui un galego químicamente puro, infusibel ó soplete e inatacábel polos ácidos". Eu non coñecín un galego máis profundamente galego ca o Fermín Penzol. Non se concebía.

Mesmo por eso, ca dór da súa morte evoco a súa figura nun fondo musical enxebre, con alegría de gaitas e pandeiros. Galicia estálle cantando, cas suas máis sentidas melodías, ó mesmo tempo que chora por el.

A todos nos comunicaba a gracia do galaico, coa súa *ledicia* e a súa *saudade*. Sempre sorrinte, este rexistrador da Propiedade era un conmovedor exemplo da Galicia de Rosalla, Pondal, Curros, Castelao, Otero Pedrayo. Toda a súa vida foi grande, bó e xeneroso. Sorría feiticeiramente. Un vivo documento do máis engaiolante galeguismo. "Asina sorri un galeguista de sempre". Ca súa intelixencia, a súa bondade, a súa inefable simpatía.

Hai horas que descansa Fermín á destra de Deus Pai. Case non ten sentido rézar por el. Máis ben que el rece por nós...

—*¡Fermín Penzol: prega por todos nós...!*

ÁNXEL FOLE

Lugo, 6-III-81



A PERSONALIDADE POLITICA DE FERMÍN PENZOL

— I —

Fermín Luis Fernández Penzol-Labandera naceu no mes de agosto do 1901 en Sahagún de Campos, onde o seu pai era xuez. Puxéronlle de nome Fermín porque era o da súa avoa materna, e Luis porque naceu no día dese santo. En todas partes se coñecía por Fermín Penzol, a non ser en Castropol e na súa comarca, onde era coñecido como Fermín Labandera. A vella familia Penzol-Labandera, ao ir diversificándose, unha parte dela identificouse como familia Penzol e a outra como familia Labandera, e o Fermín pertencía a ésta.

O seu pai era de Ponferrada e a súa nai de Castropol. Aos poucos meses de nacer o Fermín, trasladáronse para Mondoñedo, destino que o pai solicitara sin dúbida pola proximidade a Castropol. A non ser polas demoras administrativas do traslado, o Fermín tería nacido en Mondoñedo como lles aconteceu a varios dos seus devanceiros maternos, pois os Penzol-Labandera, vella familia fidalga dos confíns galego-asturiáns, no século XVII estableceron casa en Mondoñedo. Procedían de *As Paleiras* (*paleira*, naquelas terras, é sinónimo de *tobo*, *tobeira*, *cocho*), e tiñan larganza de propiedades e rentas para ir vivir á capital da provincia. Máis tarde, afinaron de novo nas súas propiedades e, a evolución dos tempos, levounos a Castropol. O Fermín, que se criou en Mondoñedo e logo iba herdar parte dos caseríos tradicionais da familia, así como a casa de Castropol, asumiu biográficamente o ámbito no que tiña decorrido a historia da familia materna. O pai, como dixemos, era de Ponferrada, onde a familia tiña a casa na Plaza de la Encina, unha grande horta á beira do Boeza e larganza de viñas. A el tocoulle en herdo a casa e maila horta, que logo pasarían a Fermín.

En Mondoñedo permaneceron mentres que o Fermín —que foi fillo único— non chegou á idade de ingresar no Instituto. Alí transcurriu, xa que logo, a súa infancia, da que sempre gardou memoria moi viva. Cando contaba as trasnadas infantís nas San Lucas, ou

as súas lembranzas de personaxes populares da cidade, ou as aventuras do primeiro automóvil que houbo en Mondoñedo, mercado polo bispo Solís, sorría con alegría, talmente como revivindo os feitos. As aventuras do tal automóvil complacíanlle especialmente, e de certo deberon ser o gran acontecemento mindoniense no seu tempo. Polo visto, cando iba saír anunciábalos a campá da catedral, que movilizaba decontado a curiosidade da xente; pero o condutor non debía ser moi experto en mecánica porque o auto tiña averías con frecuencia, o que daba lugar a que o tivesen que remolcar atado a un carro de vacas, que facía de chedeiro; curioso espectáculo, abofellas, quizáis único na historia do automóvil; irónica venganza do vello carro rural, cangando ao lombo co rufante auto do señor bispo!

En Mondoñedo o Fermín fixo moitos amigos, uns nas familias que trataban os seus pais e outros na escola. O médico familiar era Leiras Pulpeiro, e o Fermín, que sempre conservou amizade cos seus fillos, puxo grande ilusión en editar a súa "Obra Completa" e sentiuse moi ledo cando, coidadosamente preparada por X. L. Franco Grande, a contemplou impresa. Quería rendirle esa merecida homenaxe a aquel santo leigo, republicano e galeguista que tanto amou aos desamparados labregos e á súa desamparada lingua. Leiras foi o primeiro poeta e o primeiro apóstolo idealista que coñecera o Fermín e sentía por el garimoso respecto.

Cando chegou a idade de ingresar no Instituto, o seu pai pasou de maxistrado a Pontevedra e alí permaneceron os anos que durou o bacharelato. Para Fermín foron anos moi felices. Sempre contaba, con renacido entusiasmo, as súas aventuras, as súas experiencias e as súas lembranzas pontevedresas, que deixaron un calco profundo na súa personalidade e que, ao longo da vida, lle serviron para evocar en calquera momento á querida "Boa Vila". Sempre lle gustaba ir a Pontevedra, comer alí, recorrer as ruas, as prazas, os lugares que foron escenario da súa adolescencia, falar cos vellos amigos. Era como recuperar algo "seu".

Ao rematar o bacharelato, o pai decidiu que Fermín tiña que estudar Dereito, como el, que tiña que estudar na Universidade de Madrid, onde el estudara, e que logo ingresaría na Xudicatura, como el fixera. E aquí produciuse o primeiro conflito espiritual na biografía do xoven bacharel, pois el non se negaba a estudar Dereito, conforme aos desexos paternos, pero arrepiáballo a idea de marchar a Madrid. Quería estudar en Santiago, como iban facer os seus compañeiros e amigos. Nas conversas e nos plans dos últimos cursos do Instituto, tiñan falado moito, e con entusiasmo, dos futuros estudos en Compostela, que se lles presentaban como un novo horizonte compartido. O Fermín estaba ilusionado con esa idea, e a enérxica decisión do pai, respaldada inapelablemente polo seu propio traslado a Madrid, pacientemente preparado para cando o rapaz iniciáse os estudos universitarios, foi unha penosa contradición que sempre permanecería viva na súa intimidade.

É importante insistir neste feito da súa resistencia frustrada a estudar en Madrid porque esa ilusión que daquela, de rapaz, tiña por estudar en Santiago, logo, ao longo do tempo, convertiuse en sentimento profundo de que, si así fora, a súa vida tería sido moi distinta, porque estaba certo de que a presenza e a participación directa en Galicia tería sido plena, intensa e constante e, como galego, sentiríase máis logrado.

— II —

De primeiras, en Madrid sentíase como desterrado. Botaba de menos o ambiente familiar e amistoso que deixara en Galicia. Non lle gustaba a xente, non lle gustaba o ambiente, non lle gustaba nin siquiera o viño, tan distinto do de Pontevedra. E, con todo, iba ser en Madrid onde ese sentimento de frustración producido pola ausencia forzada de Galicia se transformaría en sentimento trascendente ao servizo dunha Galicia asumida conscientemente como ideal polo que loitar.

Este reencontro madrileño con Galicia produciuse coa colaboración de Angelito Rego, amigo desde a infancia mindoniense, que en Madrid iba de vez en cando pola súa casa. Un día que foi xantar con eles e logo saíron os dous xuntos, contoulle que lle falaran de que na Coruña aparecera un periódico escrito en galego que polo visto era moi interesante e que se chamaba "A Nosa Terra". Propúxolle iren percuralo polos quioscos a ver si daban con el, e o Fermín mostrouse conformé. Como o Rego era maior ca el, exercía esa autoridade para mandarlle a Fermín que preguntase nos sucesivos quioscos que iban recorrendo, pero en todos lle decían que non coñecían tal xornal. Ao preguntar no quiosco de "El Debate", na Gran Vía, tamén lle dixeron o mesmo, pero aclarando que tiñan un xornal galego que se chamaba "O Tío Marcos da Portela"¹, que o Fermín mercou decontado e logo seguiría mercando periódicamente.

A partir deste achádego insospeitado, deu tamén co enderezo de "A Nosa Terra" e suscribiuse a ela. A súa lectura foi unha verdadeira conmoción espiritual para o xoven Fermín. Si temos en conta que a súa formación familiar e escolar excluía o galego, comprenderemos ben a profundidade da súa sorpresa e tamén da súa fascinación co descubrimento da Galicia verdadeira e do ideal que a reivindicaba.

Non temos datos certos do momento en que este feito ocorrín, pero semella probable que fora arredor do ano 18. O que sí é

¹ Pode sorprenden que no quiosco do xornal madrileño "El Debate" tivesen á venda "O Tío Marcos da Portela", un boletín escrito en galego e publicado en Ourense. Pero é que "El Debate" foi fundado por Basilio Alvarez en Madrid, como "La Zarpa" en Ourense, e máis tarde mercoullo don Ángel Herrera, con diñeiro do banqueiro Bauer, para convertilo no grande e moderno periódico da Editorial Católica que tenta influencia iba acadar nos anos anteriores á guerra civil. O "Ya", aparecido neses anos, era o vespertino de "El Debate".

certo é que o Fermín púxose en contacto cos homes de "A Nosa Terra" e das "Irmandades", e que o Víctor Casas escribiulle propóndolle que colaborase con eles cobrando os recibos dos suscritores de Madrid, colaboración que aceptou. E tamén que empezou decontado a se interesar polos libros galegos, tanto para lelos como para os mercar. Cando procuraba os libros de Rosalía para os ler, alguén lle dixo que os había na biblioteca do Museo Pedagóxico e alá foi preguntar por eles. E cando lle chegaron os recibos de "A.N.T." e foi cobrar o de Lois Cortón ao Museo Pedagóxico, encontrouse coa sorpresa de que era o mesmo bibliotecario a quen el, como lector, lle pedira as obras de Rosalía. Ao identificárense, fixéronse amigos. Resultou que Cortón era neto de don Pascual Cortón, sobriño de don Manuel B. Cossío, curmán de Viqueira e galeguista entusiasta. A partir de entón traballarían sempre xuntos no intenso labor de proselitismo.

Entre os compañeiros da Universidade tamén fixo amizade con algúns rapaces galegos, entre eles con un de Samos que se chamaba Domingo López Valcárcel pero que todos coñecían por "Pintín", por ser ese o nome do seu pobo. Fixeron grande amizade, e Fermín introduciuno no ideal galeguista. O "Pintín" tiña en Madrid tres sobriños —Antón, Xosé e Manolo Fernández— que tamén foron ganados para o ideal. E o Cortón tiña dous irmáns —Enrique e Manuel— que tamén eran galeguistas. A este núcleo inicial iríanse incorporando outros estudantes de Lugo —Rodríguez Somoza, Xesús Carracedo—, de Betanzos —Salvador Mosteiro, Xaquín Peña, Lois Cortiñas—, da Coruña —Emilio González—, de Ourense —Modesto P. Piñeiro e, máis tarde, A. Romero Cerdeiriña, Ben-cho-sey— e varios máis de outras partes. Na iniciación ideolóxica destes mozos serviron de base "A.N.T." e máis as actividades das "Irmandades da Fala". Na súa aglutinación como grupo foi peza fundamental e permanente o Fermín Penzol. Pero houbo unha persoa non estudante, Ignacio Rodríguez Varela, empregado nunha empresa e radicalmente nacionalista, que nos primeiros tempos influíu poderosamente neles despertándolles o receo e a intransixencia fronte a tódolos oportunistas. Desgraciadamente, a tuberculosis acabou axiña con el.

Sobre este fondo máis ou menos espontáneo, xurdíu a etapa organizativa, que se desenvolveu así:

Primeira etapa.—A partir da segunda assemblea das Irmandades, celebrada en Santiago no 1919, o Vicente Risco encarregoulle a un mozo ourensán moi achegado a el, Modesto Pérez Piñeiro, que organizase un grupo nacionalista en Madrid, onde o núcleo anteriormente citado viña existindo como reflexo das Irmandades en xeral e con unha maior vinculación á da Coruña. O Modesto P. Piñeiro, contando coa colaboración de Francisco Fariña, organizou unha agrupación co nome de "Xuventude Céltiga", da que pasaron a ser Conselleiro 1.º Francisco Fariña, Conselleiro 2.º E. Correa

Calderón e Segretario Modesto P. Piñeiro. Esta organización debeu nacer a comezos do ano 20, porque unha nota manuscrita do Penzol fala de que "pouco tempo despois da asamblea nazonalista de Compostela, un rapaz d'Ourense recibiu do Risco o encargo d'organizar un grupo en Madrid". Semella verosímil que se organizase no ano 20, quer no inverno ou na primavera, antes de rematar o curso, quer no outono a comezos do novo curso, ou todo máis tarde nos comezos do 21.

Segunda etapa.—A primeira foi breve, pois o grupo preexistente, que se incorporou a esta organización, alentado polo Ignacio Rodríguez Varela logrou impor o troque de nome, substituindo "Xuventude" por "Mocidade", logrou arredar a Francisco Fariña e máis a Evaristo Correa por nonos considerar verdadeiros nacionalistas e, por conseguinte, fixo necesario elixir unha nova Directiva². Quer decir, o grupo inicial, por ser máis numeroso e máis coherente, asumiu a plena responsabilidade da "Mocidade Céltiga". A data deste cambio non se sabe, pero no 21 a Irmandade da Fala da Coruña dirixese a Penzol como Presidente da "Irmandade Céltiga" de Madrid, e o mesmo Modesto P. Piñeiro, en carta escrita desde Ourense, dille "ti, como primeiro Conselleiro da Irmandade Nazonalista...". O nome de "Mocidade Céltiga" mantéñeno hastra a Asamblea de Monforte (feb. 1922), pero a partir desa data trócano polo de "Delegación da Irmandade Nazonalista Galega", cumprindo estrictamente os acordos de Monforte.

Terceira etapa.—A segunda rematou, como a do nacionalismo en xeral, coa Dictadura de Primo de Rivera. Pero a fins do 24 os membros do vello grupo madrileño reaccionan contra o inmovilismo e matinan na necesidade de actuar. Reorganízanse co anterior nome de "Mocidade Céltiga", xeralmente simplificado nas siglas M.C., e inician contactos con Galicia e con América á procura dunha nova actividade política, que agora se inspira nunha profunda radicalización do ideal nacionalista. Pódese decir que a partir de fins do 26 esmorece, en parte porque os membros do grupo, rematados os estudos universitarios ou as oposicións, fóronse dispersando por Galicia ou por outras partes.

En todo o tempo que vai desde máis ou menos do 18 ao 26 houbo en Madrid unha actividade galeguista que se inicia e se desenvolve arredor de Fermín Penzol. El foi o que a iniciou e el o que, despois de disolto o grupo, aínda continuou tratando de animar, desde Madrid, as iniciativas nacionalistas xurdidas en Galicia ou en América e, ao mesmo tempo, procurando enlazalas entre sí. E ofrecéndose incondicionalmente a uns e a outros para todo canto el poidese colaborar.

² A primeira Directiva da "Mocidade Céltiga" quedou composta así: Conselleiro 1.º, Fermín Penzol; Conselleiro 2.º, Salvador Mosteiro; Secretario, Xaquín Pena; Vicesegretario, Domingo López Valcárcel; Bibliotecario, R. Rodríguez Somoza; Tesoureiro, L. Cortón del Arroyo; Vocais, Ignacio Rodríguez Varela, Xesús Carracedo e Lois Cortiñas.

No vran do 21 Fermín estivo algún tempo na Coruña e fixo amizade cos homes da Irmandade da Fala, entre os cales sentía especial estimanza por Antón Villar Ponte. Pero tanto el como os seus compañeiros do grupo madrileño tiñan por mestre e líder a Vicente Risco. O doutrinarismo nacionalista e a intransixencia táctica que o Risco defendía, exercía verdadeira fascinación sobre aqueles mozos. Xa naqueles anos anteriores á Dictadura era frecuente que na correspondencia fixesen declaración de "arredismo" dentro do que eles consideraban ortodoxia risquiá. Risco era a figura que tiña máis influencia e maior autoridade sobre eles, segundo mo confesou moitas veces o mesmo Penzol.

Unha das realizacións importantes do grupo madrileño, ademais de establecer relación coa señora O'Brien, representante de Irlanda, de difundir "A.N.T." e "Nós" e de colaborar en todo o que se lles pedía, foi a de publicar en Betanzos o boletín "Rexurdimento", que logo se convertería en órgano da "I.N.G." por suxerencia do Risco cando se enfrentou coa resistencia da Irmandade da Fala da Coruña a acatar a súa Xefatura do nacionalismo, que tiña a súa orixe na asamblea de Monforte, pero que algúns sectores —o máis importante deles o da Coruña— non acollían sin resistencia activa. Eso deu lugar a unha certa ruptura, e a reacción dos colaboradores inmediatos do Risco —compre supor que coa aprobación del como Xefe— foi a de suspender a colaboración nas páxinas de "A.N.T." e difundir a consigna de se dar de baixa como suscritores da mesma. Para dispor de un órgano propio pensaron en "Rexurdimento", e o grupo de Madrid, ao que pertencía Salvador Mosteiro, púxose totalmente a disposición de Risco e sacaron de novo "Rexurdimento" como órgano da I.N.G.

Pero esta incondicionalidade ao liderazgo do Risco sufríu unha primeira decepción con motivo da "Triple Alianza" (pacto firmado por cataláns, vascos e galegos en Barcelona, en setembro do 23), pois nunha nota manuscrita do Penzol aparece este xuício: "...sobre todo despois do que sucedeu coa "Triple Alianza" pois apareceron no "Noroeste" da Coruña uns xuícios do Risco que nos tiñan molestado moito, ademais de non haber mandado representante, nin dado conta a ninguén da súa actitude no dito asunto". A segunda e definitiva decepción foi a participación de Risco nas eleccións convocadas pola Dictadura e a súa incorporación á Diputación de Ourense (tamén Lousada —verdadeiro promotor da iniciativa— se tiña incorporado á Diputación de Pontevedra, e Villar Ponte ao Concello da Coruña, pero para eles o máis grave era o do Risco).

Entre a política antinacionalista que aos poucos meses emprendeu a Dictadura e este "fallo" inesperado do seu guieiro, o grupo de Madrid quedou practicamente colapsado, cousa que lles ocorreu a tódolos grupos polo primeiro dos motivos. Os de Madrid, a fins do 24 comenzaron a rebulir e, a proposta de Xesús Carracedo, organizáronse de novo co nome de "M.C.". Iniciaron contactos con

Galicia, dirixíndose aos mozos nacionalistas do Seminario de Estudos Galegos, e ao grupo de Ourense despóis de se comunicaren previamente o Fermín e máis o Leuter. A idea dos de Madrid é que se formase un grupo nacionalista en Galicia, preferiblemente en Compostela ("en Yago", segundo decían a veces) e formado polos mozos nacionalistas do Seminario. A este grupo central deberían vencellarse e cotizar tódolos nacionalistas probados ondequeira que estiveran. E deberían crearse grupos en Buenos Aires e na Habana que apoiasen o nacionalismo do interior publicando un xornal para difundir aquí e libros que recollesen o pensamento doutrinal de Porteiro, Viqueira, etc., co mesmo fin. A novidade estaba en que agora, ideolóxicamente, non falaban de restablecer a "I.N.G." senón dun novo nacionalismo, e cada vez máis claramente dun nacionalismo "independencista".

Nos anos 24 (fins), 25 e 26, os mozos nacionalistas do grupo madrileño esforzáronse en lograr este obxectivo. Como varios deles xa tiñan marchado de Madrid, foi o Fermín quen se comunicou con eles e recabou a súa opinión, que foi concordante, e logo foi tamén el o que mantivo a iniciativa de contacto e persuasión cos de Santiago, cos de Ourense e cos de América. E cando se disolveu a "M.C.", seguiu el en solitario dando azos e ofrecendo axuda. Estaba convencido de que o novo movemento nacionalista tiña que se organizar en Galicia, contar coa axuda clandestina de todos e lograr o apoio de América. A súa correspondencia con Xavier Pardo, con Romero Cerdeiriña, con Filgueira e con Leuter G. Salgado ilumina os esforzos cara Galicia, e as cartas cruzadas con Ramiro Illa Couto, os relacionados con América.

— III —

No ano 31 Penzol era Rexistrador da Propiedade e estaba con frecuencia en Madrid. Asistía á tertulia que tiñan no "Regina" Castelao, Otero Pedrayo, Villar Ponte e Suárez Picallo. Coñecía tamén, porque os tratara na Coruña, a varios políticos da O.R.G.A. Ao fundarse o Partido Galeguista, púxose en contacto con Bóveda e afiliouse. Por "A Nosa Terra", que recibía, e polos amigos que encontraba, iba seguindo a política galega, e en particular a galeguista, naqueles anos centrada na consecución dun Estatuto de Autonomía para Galicia. En xuño do 36, na campaña do Plebiscito do noso Estatuto, tivo moito interese en que se celebrase un mitin en Madrid. Como a dificultade era contar con un local axeitado, el mesmo pagou o aluguer do "Teatro Alcázar", onde se celebrou o mitin. Como orador galeguista participou Francisco F. del Riego.

Esperou en Madrid ao 15 de xullo, data de entrega do Estatuto nas Cortes, e o 16 marchou para Ponferrada, cabo da súa nai. No tren coincidiu con Gómez Román. Faláron, claro, do Estatuto, pero tamén da tremenda tensión que iba medrando no ambiente. Un e mailo outro sentían un dramático pesimismo cara o futuro inme-

diato. E non sin motivo, porque ao día seguinte iniciárase en Marrocos a primeira labarada da guerra civil.

Os acontecementos derivados do 18 de xullo colleron a Fermín en Ponferrada. Coñeceu de perto a crueldade feroz que desatou a guerra e que para el foi un tremendo trauma moral que nunca se lle borraría da memoria. En realidade, a lembranza da guerra era nel unha verdadeira obsesión reprimida. Nunca puido esquecerla nin comprendela humanamente. Leu dúceas de libros sobre ela, pero non conseguiu borrar o profundo arrepío, misturado de noxo existencial, que lle producira no ánimo e que pervivía na lembranza.

— IV —

Polo ano 42, e a través do Ben-cho-sey, incorporouse a unha tertulia de galegos residentes en Madrid que se reunía os sábados pola noite no café "La Granja del Henar" e na que coincidían o propio Ben-cho-sey, Álvaro Gil, Evaristo Mosquera, Castro Arines, o escultor Borrás e ocasionalmente outros, galegos ou non, que coñecían a algún dos contertulios, máis frecuentemente a Álvaro Gil. No outono ou no inverno do 43 coñecino eu alí e, ao cabo de algún tempo, fixémonos amigos. Informeino dos nosos plans de reorganización clandestina do galeguismo e de que a min se me encomendara a misión de establecer contacto e relación cos vascos, cos cataláns, co galeguismo exiliado en Francia (concretamente Pla) a través dos vascos, e tamén, claro, coa resistencia anti-franquista existente en Madrid. Falamos longamente das dificultades e dos serios perigos da empresa, que consideramos con grande obxetividade, pero sempre desde o punto de vista da súa necesidade inevitable. Desde o primeiro momento mostrouse identificado cos nosos propósitos e ofreceume a súa colaboración, que foi sempre valiosísima pola súa experiencia, intelixencia política e serenidade.

Desde o 43 ao 46 compartimos directamente as actividades políticas clandestinas. Tivemos numerosas xuntanzas con representantes das organizacións da oposición, entrevistas frecuentes cos vascos e mesmo fomos xuntos a Barcelona para nos entrevistáremos cos líderes do catalanismo do interior.

Cando, en marzo do 46, eu fun detido e posteriormente encarcerado, foi o Penzol quen se fixo cárrego das relacións políticas coa oposición. Canda min foron tamén presos outros dous galeguistas, os irmáns Cesáreo e Camilio Saco, os dous por segunda vez, e o Fermín e mailo Ben-cho-sey ocupáronse de nos ter informados da evolución política da oposición. Porque compre decir que o Ben-cho-sey tamén participaba con toda decisión nas actividades políticas do galeguismo. En realidade, o grupo clandestino de Madrid estaba integrado por Penzol, Ben-cho-sey, Álvaro Gil, Evaristo Mosquera, Gastañaduy e máis eu. O grupo estaba sempre informado de todo, pero a iniciativa e a responsabilidade activa

levabámola fundamentalmente o Fermín e máis eu, sempre de acordo co comité de Galicia, naturalmente.

No 49, cando saín da cárcel, o Fermín e máis eu pasamos varias tardes examinando a situación política e as súas perspectivas. Concordamos en que non había posibilidades de cambio a prazo curto, e comenciamos a considerar a necesidade de non desatender a galeguización das novas xeracións. Unha das tardes dixome que quedara de acordo con Pita Andrade para téremos unha entrevista os tres cando eu saíra da cárcel. Chamámolo e quedamos en nos ver na súa casa. Tivemos varias entrevistas, e o Xosé Manuel sempre insistía en que xa era tempo de empezar a publicar cousas, xa que, con tódalas limitacións, certamente severas, da censura, era moito peor non aproveitar as posibilidades existentes. Este estímulo do Pita fíxonos meditar sobre o problema e falamos do que se podería facer. Pouco máis tarde apareceu Xaime Isla Couto en Madrid para opositar a cátedras e falamos deste problema, que el, alá en Vigo, tamén tiña meditado. Pola súa banda, en Galicia, Paco del Riego e Otero Pedrayo, cada un ao seu xeito, empezaran a tratar temas galegos na Prensa desenvolvéndoos con sensibilidade galega e, na medida do posible, en lingua galega. Todo isto, ao pouco tempo, iba cristalizar na idea de crear GALAXIA, da que o Penzol foi un dos fundadores.

Pero isto non interrompiu, como erróneamente se ten dito, a continuidade das actividades e das relacións políticas clandestinas coa oposición anti-franquista, actividades nas que o Fermín seguiu participando. Lembro que o mesmo día do enterro de Cabanillas, que era seu grande amigo desde os anos 20, recibimos unha mensaxe urxente e desde Cambados marchamos coller o tren para Madrid, onde nos reunimos con varios líderes da oposición, entre outros con Enrique Tierno Galván. Durante os anos 50 e os anos 60 fixéronse numerosos viaxes a Euzkadi, a Madrid, a Barcelona, a Francia, a Italia, a Alemania para manter contactos ou establecer colaboracións concretas coa oposición. E tamén viñeron a Galicia desde Euzkadi, desde Cataluña, desde Madrid e desde Francia co mesmo obxecto. E o Penzol seguiu sempre co maior interés, tanto si participaba persoalmente como si non, todas estas actividades políticas clandestinas. Compartía plenamente a nosa preocupación e os nosos esforzos constantes por facer que Galicia estivese presente.

— V —

Nos derradeiros anos da súa vida, cando xa lle iban faltando os folgos para saír da casa e, pouco a pouco, para ler de seu, seguiu mantendo viva a preocupación política. Branca ocupábase de lle ler o xornal, escollendo as noticias que lle podían interesar máis, e eu tódalas noites lle completaba a información política, que comentábamos. Seguiu con atención todo o proceso da nosa Autonomía hastra a aprobación do Estatuto nas Cortes. Cando lle co-

muniquei que se fundara o Partido Galeguista, díxolle a Branca que o afiliase. Últimamente dáalle moita importancia ao feito de que se ensinase o galego nas escolas, e tamén percibía, con esperanza, un crecente pulo na actividade cultural. E con esa raiola de esperanza no espírito, tan limpamente galego ao longo da vida, parouse doce e silenciosamente o seu corazón na mañán primaveiral do 5 de marzo.

RAMÓN PIÑEIRO
Santiago



ANÍBAL OTERO E A LEXICOGRAFÍA GALEGA. COMENTARIOS Ó VOCABULARIO DE SAN JORGE DE PIQUÍN

Fermin Penzol foi bó amigo de Aníbal Otero e sentía vivo interés polo seu labor lexicográfico. Visitouno varias veces en Ribeiras de Piquín para avivecer a promesa que lle tiña feita de ordenar o material léxico xa recolleito, comprometéndose o Penzol a lograr a súa publicación inmediata. Froito desa mutua promesa amistosa foi a obra "Contribución al diccionario gallego".

Como homenaxe aos dous amigos, incorporamos neste número os comentarios de Manolo González ao "Vocabulario de San Jorge de Piquín", libro do Aníbal publicado póstumamente por A. Santamarina e F. García Gondar e que Penzol recibiu con grande alegría polo que representa de xeneroso rescate de boa parte da obra de Aníbal Otero.

Desde que empezaron os traballos do A.L.P.I., e mesmo desde o ano 1931 cando entrou a colaborar co Centro de Estudos Históricos, recorrendo lugares de Castela, León e, sobre todo, de Galicia pra recoller materiais pró *Romancero general de España*, A. Otero sente unha fonda preocupación polo tesouro lexicográfico galego, vivo no pobo e adoito descoñecido polos escritores galegos. Durante o tempo que estivo a face-las enquisas pró A.L.P.I., A. Otero recorreu toda Galicia e Portugal nun fatigoso pro insustituíble labor de campo, único método pra recolle-lo léxico galego coa exactitude e coa matización con que a el lle gustaba.

Nin a súa detención e extradición de Portugal pedida polas autoridades "nacionais" simplemente polo feito de amosstrar simpatía por un réxime que lle axudaba na súa carreira de filólogo, nin a ignorancia dos xuzgadores ó consideralo coma un espía por levar consigo os cadernos do A.L.P.I. escritos en caracteres fonéticos que non souberon mandar interpretar, nin o desfile polas cadeas españolas, foron males abondos pra asulaga-lo seu amor e interés pola lingua galega, aínda que conseguiron, iso si, creba-la súa saúde e deixarlle unha doencia nervosa que non había abandonar ata a súa morte o día 11 de marzo de 1974.

Aníbal falaba decote da necesidade dun Dicionario galego, porque os que corrian daquela, e corren aínda agora, non lle gustaban, e tíñalles verdadeira xenreira, de tal xeito que, por exemplo, do de Eladio Rodríguez chega a decir que é unha mistura de castelán, americano, latín, grego e galego. Sostén que o galego é unha lingua

feita e dereita, con longa evolución histórica, obra de todo un pobo e non de ningunha caste concreta. Consideraba que polo momento é máis importante o estudio do galego oral ca do histórico, porque aquel é o único que nos pode proporciona-lo medio axeitado de expresión literaria. Abogou teimosamente pola publicación dun bo dicionario pra orientar ós nosos escritores, e evitar que se boten a inventar palabras innecesarias e sin xeito, que non serven máis que pra encubri-la súa ignorancia e a súa nugalla.

A súa obra lexicográfica publicada é a seguinte:

"Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués", 24 fascículos publicados nos *Cuadernos de Estudios Gallegos* entre os anos 1949 e 1971.

"Contribución al léxico gallego y asturiano", 10 fascículos publicados en *Archivum* de Oviedo entre 1953 e 1964.

"Irregularidades verbales del gallego", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, VII, 1952, páxs. 399-405.

"Una versión latina popular de las doce palabras retorneadas", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, VI, 1951, páxs. 289-295.

"Voces onomatopéyicas del gallego-portugués", en *Homenaje al Profesor Alarcos*, t. II, Valladolid, 1966, páxs. 63-72.

Contribución al diccionario gallego, Ed. Galaxia, Vigo, 1967.

O seu labor no terreo lexicográfico veuse a engadi-la publicación, como anexo 8 da revista *Verba*, do traballo que leva o título *Vocabulario de San Jorge de Piquín*¹, e que viu a luz pública gracias ó esforzo de Antón Santamarina Fernández e de Francisco García Gondar, que tomaron ás súas costas o dificultoso traballo de transcripción e ordenamento do material dos orixinais do autor, orixinais que datan do ano 1941 e que se foron enriquecendo posteriormente con anotacións de datos recollidos en épocas moi distintas.

O libro ábrese cunha INTRODUCCIÓN dos encargados da edición póstuma do libro de Aníbal. Nela fan unha historia do traballo do autor, e dan unhas instrucións pró manexo e comprensión correcta do libro que reúne máis de 10.000 voces, nas que, amáis das recollidas polo autor na súa terra natal de S. Xorxe de Piquín, localidade que lle dá título á obra, están incluídas outras de distintos puntos de Galicia que gardan relación formal ou semántica con algunha das da bisbarra de S. Xorxe. Figuran neste léxico mesmamente voces tomadas de diversos dicionarios e repertorios léxicos galegos, portugueses, astur-leoneses, etc., relacionados igualmente con palabras de Piquín.

Os orixinais, segundo manifestan os editores na introdución, e que eu tiven oportunidade de examinar, están constituídos por 11 libretas de 22×16 cm. aproximadamente, mecanografiados por unha

¹ Otero, Anibal: *Vocabulario de San Jorge de Piquín*, anexo 8 de *Verba*, *anuario gallego de filología*, Universidade de Santiago de Compostela, 1974.

soa cara, aínda que case sempre con notas e novas palabras, escritas a man, introducidas polo propio autor entre o escrito a máquina, e que, a miúdo, enclican tamén o reverso de moitas follas. Incluso unha libreta enteira, a 7, que contén as letras F-, G-, é totalmente manuscrita.

O autor, despois da súa saída da cadea, comezou a xuntar unha colección de palabras que chegaron ó seu ouvido polos camiños máis diversos: conversas cos seus compañeiros de cadea, enquisas feitas prá cofección do A.L.P.L., contacto asiduo cos veciños de S. Xorxe de Piquín, encontros na súa terra con xentes doutros lugares, etc. Esta colección de voces forma un corpus da meirande importancia dentro dos estudos de lexicografía galega, e é unha contribución transcendental que vén demostrar unha vez máis a variedade e riqueza de matices do léxico galego, variedade e riqueza que soamente nunha pequena parte é coñecida por moitos escritores que empregan a lingua da nosa terra como medio de expresión das súas vivencias. O estudo do sistema da lingua galega, así coma o coñecemento da súa riqueza léxica, convírtese case nunha obriga moral pra aqueles escritores que, dun xeito consciente, queiran servi-la cultura do pobo galego.

O vocabulario que nos presenta A. Otero é un auxiliar extraordinario pró estudio da fala viva nos seus distintos niveis:

1. FONÉTICA

1.1 *Vocalismo*

Obsérvase unha vacilación moi grande no vocalismo átono, vacilación moitas veces axudada por fenómenos de asimilación e disimilación:

— alternancia *e / i*: *empericarse/empiricarse, empeoujado/empioujado*;

— alternancia *e / a*: *espientar/espiantar*;

— alternancia *a / i*: *grajería/grijería*;

— alternancia *u / i*: *engabuñoarse/engabiñoarse*;

— alternancia *o / a*: *escorfallar/escarfallar, escorocar/escarocar*;

— alternancia *o / i*: *povisa/pivisa*;

— alternancia *ai / ei*: *gaiteiro/gueiteiro, engaimarse/engueimarse, saimeira/seimeira*;

— alternancia *au/ou*: *auriolo/ouriolo*.

As veces o -o final en contacto con *i* zárrase en -u, tal é o caso de *nevariu*.

Só en raras ocasións o autor rexistra o elemento vocálico -e que adoita aparecer tras -r final, sobre todo no infinitivo dos verbos, quizais por consideralo un vulgarismo que non se produce na fala dun xeito constante. Con todo, algunha vez anota este -e, por ex. en *lurpiare, espoleare*, etc. Noutros casos en que o autor o anotou

nos seus cadernos, non foi rexistrado polos editores, ben por despiste ou por erro da imprenta, como sucede en *atrabincare* e *trabincare* que, por se tratar de formas localizadas nun punto moi concreto, debería conservarse tal como están documentadas no manuscrito. É posible que o que moveu ós editores a suprimi-lo *-e* final fose o feito de que na parte mecanografiada dos cadernos aparecen dun xeito case xeral as formas con *-r*. Como dixemos, este *-e* é considerado por moitos un vulgarismo, pro ésta non pode ser razón en traballos deste tipo nos que se trata de reflexar do xeito máis axustado posible a fala viva. Por iso consideramos que non se deben refugar aquí as formas con *-e* cando aparezan no orixinal do autor. O máis probable é que fose un erro de imprenta ou un despiste dos transcritores, explicable doadamente se temos en conta a dificultade de interpreta-la letra de Aníbal Otero.

A terminación *-ear* dos verbos frecuentativos cambiase a miúdo en *-iar*, zarrándose un grado a vocal átona: *cabeciar*, *cachapeliar*, *larapetiar*, *escarnabiar*, etc., fronte a *refestelear*, *larbear*, *esfacharear*, *lolear*, *trapelear*, etc., que conservan a terminación *-ear*.

En voces do vocabulario de A. Otero advírtese a presenza dun iode antihiático: *moya* (*moa*), *moyer* (*moer*). Outras veces, en vez dun iode o que se forma é un wau, que nalgúns casos desenvolve un elemento velar ou labial que xa existe na articulación labio-velar do [w]; a presenza dun wau antihiático co posterior desenvolvemento dun [b] é o que se observa en *chouer* 'cerrar a la ligera un portillo aberto en un cercado', palabra formada a partir de *choer* (do lat. *claudere*).

Atópanse casos de epéntese de [j] na terminación, por ex. *bercio*, *dedibia* (ó lado de *dediba*), etc. A intercalación desta semiconsoante é un rasgo típico de todo o dominio do leonés, que aparece tamén no galego oriental. Tense discutido sobre a orixe deste elemento, que ata agora non se explicou dunha maneira ben convincente. Penseuse que nalgúns casos este [j] pódese deber á influencia dos verbos en *-iar*, tendo en conta que, como xa vimos, moitos dos infinitivos en *-ear* pronúncianse [jár]. Outra explicación é a de que se trata da propagación do *i* acentuado, explicación que non resulta convincente se temos en conta que as máis das palabras que teñen esta semiconsoante na terminación non teñen *i* tónico. Achanse casos nos que se pode ve-la epéntese dun iode, ou tratarse sinxelamente dunha metátese: *trutia*, *escutiar*, *enjutio* (que poden ser formas metatizadas de *truita*, *escuitar*, *enjuito*).

Hai casos de prótese dunha vocal en verbos e en sustantivos: *ajentar* (cabo do máis frecuente *jantar*), *abadio* (cabo de *badio*), *abercía* (cabo de *bercía*).

1.2. Consonantismo

É relativamente doado atopar dúas variantes fonéticas dunha mesma voz, unha delas con consoante xorda e a outra con consoante sonora: *empadumar/embadumar*, *encañados/engañados*, *ca-*

A Blanca e Fermín Penzol

con fonda estima
colmeiro





M. TORRES

rroufeiro/garroufeiro, charapeliar/charabeliar, embatucar/embaducar, empadumar/embadumar, escatramundar/escadramundar, etc.

Casos de confusión de palatais, sobre todo entre a lateral [l] e a nasal [ɲ]: *embeleñar* ó lado de *embelellar*, *engarameñado* ó lado de *engaramellado*, etc.

Cabo de *enjollar*, que reflexa unha pronuncia [ẽɲʂoɫár] 'doblarse el tallo de las mieses o las puntas al clavarlas', aparece a variante despalatalizada *ensollar*.

Casos de confusión de *c* e *f*, confusión propiciada pola proximidade do punto de articulación de ámbalas consoantes, a primeira interdental e a segunda labiodental: ó lado da forma máis extendida *desacibelar* atópase a forma máis etimolóxica *desafibelar*, que conserva o *f* do latín FIBELLA.

Son abundantes neste *Vocabulario* os casos de disimilación consonántica: *deribia*, en Sadrarín, é a forma disimilada de *dedibia*. A forma *eijo*, en Codeseda, co significado de 'pedra grande de río' non é máis ca unha variante de *jeijo*, con caída do [ʃ] inicial por unha disimilación de palatais.

Asimesmo están ricazmente exemplificados casos de metátese consonántica: *chapareliada/charapeliada, chaparelo/charapelo, espalurdado/espaludrado, figado/fidago, redadeiro/derradeiro, etc.*

Áchanse nalgúñas voces casos de rotacismo de -s diante de consoante sonora (*churmigar* cabo de *chusmigar*) e de confusión de -r e -l implosivos (*esfarmagar/esfalmagar*).

2. MORFOLOXÍA

Nótase a tendencia á moción xenérica nos adxectivos rematados en -e, que nalgúns casos desenvolveron xa un morfema distinto pró masculino e pró feminino, establecendo unha oposición -o/-a, por ex. *meluje* 'persona flaca' pasou en Pena de Cabras a *melujo* (m.)/*meluja* (f.).

Ás veces aparece en galego unha forma gramaticalizada *el* pra comeza-la oración, por ex. *¿i-el pr'ónde vas?* Trátase, segundo A. Otero, dunha especie de partícula enfática que serve pra se dirixir a unha persoa, reclamando a súa atención cunha voz sin sentido, e pra evita-la brusquedade da interrogación ou da exclamación.

Abundan as expresións adverbiais, interxeccións e expresións familiares recollidas por Aníbal. Entre as expresións adverbiais sinalamos algunha como: *de emparzado* 'en aparcería', formada a partir do verbo *emparzar* 'hacer trato o convenio de aparcería'; *por empinche* 'por capricho', formado sobre o sustantivo *empinche* ou *empincha* 'competencia, rivalidad, enfado'; *jacando* 'antaño, en otro tiempo'; *tarín barín* 'justo, casi escaso', por ex.: "anduvo *tarín barín* (la cosecha, el que tiene que llegar a una hora)". Entre as interxeccións cómpre sinalar *eiramá*, empregada pra indicar ponderación: *corren máis os anos qu'eiramá*; tamén en frases de dúbida: *¿Qu'eiramá ha de ir en Soutelo!*; ou pra suliñar que non se comprenden

os motivos dun feito: *¡Non sei qu'eiramá vai catar alí!* Abundan expresións familiares do tipo: *dou ó demo, dódemo, dodeme*, etc.

O libro de Aníbal proporciona un amplo material de alto valor pra estudia-los medios de formación de palabras en galego, presenta un número verdadeiramente prolixo de casos de prefixación, sufixación e composición. Permítenos ve-la vitalidade do sufixo *-ín* (lat. *-INU*) na zona oriental de Lugo: *pulvurín, ramallín, tremesín*, etc. Amóstranos tamén a forza que aínda ten na área oriental a solución *-oa* (lat. *-ONA*): *badanoa, baldragoa, cadigueiroa*, etc., fronte ó resultado *-ona* que é neste intre o máis xeralizado en Galicia.

A formación máis frecuente do plural das palabras rematadas en *-án, -ón* é en *-ais, -ois* (*turtullón*, pl. *turtullois*), como corresponde á área do galego oriental. Rexistra tamén algún caso en *-ús, -ós*.

Despóis de le-lo *Vocabulario de San Jorge de Piquín*, un queda coa impresión de que no galego existe unha vizosa fertilidade de prefixos e sufixos. A ordenación do material alfabéticamente permítenos observa-la importancia e vitalidade dalgunhas raíces no galego (véx., por ex., os derivados de **CAMB*: *camba, cambada, cambadela, cambadeliar, camballudo, cambeiro, cambeleira, cambelo, cambela, cambichar, cambieito, cambo, cambón*, etc.) e, ó mesmo tempo, fixármonos nos procedementos de composición e derivación en galego, que, como xa dixemos, ten unha riqueza grande de sufixos (véx. derivados de *costa*: *costana, costaneiro, costrabedo, costabiada*, etc.) e de prefixos (*couciar - escouciar, chincar - achincar, bourear - debouriar, junguir - dejunguir, moucar - demoucar - remoucar*). Abundan os casos de acumulación de prefixos (*desembear, desembeñar, desempoleirar, desengarguelar*) e de sufixos (*panzullanzán, papulludo, perdiguteiro, pinguinejadoiro, pulvuriñada*).

Hai certos prefixos e sufixos que teñen unha vitalidade moito máis visible ca outros, e que por iso podemos considerar de maior rendemento. Entre eles podemos destacar *en-*: *enosado, enozcar, ensebar, engouñar, enriada*, etc.; e entre os sufixos *-eiro, -eira*: *burrueira, cadigueiro, cabaneiro, brugueira, buligueira, budueira*, etc.

Por medio da prefixación e da sufixación atopamos casos de sustantivos formados sobre unha raíz nominal (*embiligoada* 'golpe dado con la barriga o con el ombligo', *cajigueira* 'quejigal', etc.), de sustantivos formados sobre un verbo (*empendangada* 'lío, embrollo', a partir de *empendangar* 'empantanar, hacer tratos poco seguros'; *empariñolada* 'acción y efecto de empariñolar', verbo éste que significa 'apilar a la ligera y de modo poco seguro', formado sobre *pariñolo* 'despectivo de pared'; *enzoufiada* 'acción y efecto de enzoufiar', verbo que aparece coa acepción de 'ensuciar, embadurnar'), de adxectivos formados sobre sustantivos (*emborrecado, -a* 'lleno de borrecas'), de verbos a partir de sustantivos (*embular*, formado sobre *bula*; *encabezar*, sobre *cabeza*; *espabujar*, sobre *pabuja*, etc.).

Hai casos de alternancia de sufixos e, sobre todo, de prefixos. Nos prefixos podemos sinala-la alternancia de *es-/a-* (*esbatojar/aba-*

tujar, *esmuchicar/amuchicar*), de *es-/en-* (*espioucado/empioucado*), de *en-/a-* (*emberbesarse/aberbesarse, empadumar/apadumar, engaroufarse/agaroufarse*), de *des-/es-* (*esfargallado/desfargallado, eslougarse/deslougarse*). Na alternancia de sufixos cómpre salienta-la de *-eiro/-oiro* (*pandeiro/pandoiro, saltadeiro/saltadoiro, serradeiro/serradoiro*).

3. L É X I C O

A intención de Aníbal Otero non era a de recoller todo o léxico popular indiscriminadamente, senón a de recolle-lo máis enxebre, procurando non lle dar entrada ós castelanismos. Non obstante, aparece algún caso de falso galeguismo, como *conejeira*.

Cando estudia unha palabra, o autor anota tódolos sinónimos que coñece dentro do galego, así, cando estudia a voz *abanicadoiro* que designa o 'columpio', anota como sinónimos: *arromadoiro*, en Seoane; *bambio*, en Marín; *bimbón*, en La Guardia; *carriola*, en Parrochas; *piridenca*, en Quintáns; *piringuenla*, en Lesende; *trenla*, en Noalla; *zongue* (m.), en Celas de Peiro; *trondia*, en Hospital. Pró concepto do cast. 'lloviznar' rexistra, s. v. *barrallar*, amáis desta denominación, as seguintes: *barruzar, babuñar, barrazar, barroñar, barbañar, baturar, breicar, faiscar, froallar, poallar, pruyar, gorgozar, moquejar, moquear, bornazar*, todas elas localizadas. Outros casos de abundancia de sinónimos poden verse s. v. *cullareto, falopa*, etcétera.

Son moi numerosos os casos de polisemia ou reunión de varios significados nunha palabra, por ex., a voz *CAL* encerra as seguintes acepcións: 1. 'Conducto aberto de madeira que lleva el agua desde el caz hasta el rodezno'; 2. 'Cebadera'; 3. 'Pieza del telar en la que se encajan los peines'. A palabra *BALASTRÓN* serve pra designa-lo 'tendón' e, en sentido figurado, indica tamén 'pedra, madero o cosa grande y pesada. También se dice de las personas y animales'; pro, en Hospital, significa 'montón de tierra o piedra'.

É moi significativa na fala popular a gran cantidade de palabras onomatopéicas (*cacarejo*, adj., 'despectivo de un gallo pequeño'; *ñañarear* 'funicar en un trabajo') e de denominacións expresivas (*chave das nozes* 'el amo o as en una profesión o el que tiene poder de resolver una cosa'; *escachademos* 'individuo chistoso que hace reír a cualquiera'; *escaldafarrapo* 'susto'; *herba de pata de lobo; herba de uña de gato*, etc.).

Son numerosas as notas etnográficas que aparecen ó longo de todo o traballo. Ás veces o autor ofrece descripcións detalladas dos obxectos designados por unha palabra: s. v. *forno* fai un estudio detallado do tipo de forno que se atopa en A. Santas e das súas partes; s. v. *mazo* describe o artefacto deste nome pra bater ferro, e dá razón das súas partes indicando o nome de cada unha. Outras veces, o autor proporciona informacións sobre os costumes e crencias do pobo galego. Vexamos, por ex., o que nos di s. v. *HERBA*

CABREIRA: Hierba fabulosa que nace al cabo de siete años del bazo que echan por la ventana izquierda de la nariz las crías mullares a poco de nacer: *No primeiro espurrado tira o bacio polas narices*. Fregando el dinero con ella se vuelve a las manos después de haber hecho un pago. Los petos agujerean los árboles con ella y las golondrinas la llevan para su nido. Otros dicen que si se tira en el agua vuelve atrás, no va con la corriente. Abre todas las cerraduras. Otros dicen que nace en los campos, en los sitios donde orinan las caballerías. Otros que, si se siega en los prados donde la haya, llueve. El que la lleva en un haz no le hipnotizan, ni hacen ver visiones. Aníbal tamén recolle no seu traballo refráns e poesías populares relacionados con algunha palabra que figura como entrada no vocabulario; así, s. v. IGUARZO aparece o refrán "En marzo, iguarzo antes a tres que non a catro" (que indica que por este tempo teñen a mesma duración os días e as noites), e s. v. MAZARICO aparecen os seguintes versos populares: "Pico, pico, mazarico, / ¿quen che deu tamaño pico? / Deume Dios este traballo / pra picar neste carballo. / Piquei e repiquei, / sete graus de millo encontréi. / E leveinos ó mercado / pra comprar un cocho cebado; / e leveinos ó muín, / i o muín a moer / e os ratiños a comer; / i agarreinos polas orellas / e tireinos antre as ovellas; / i agarreinos polo rabo / e tireinos contra aquel cabo. / Caba, cabo, cabanón, / mamache nun cagallón". Os datos deste tipo son abundantes ó longo de todo o traballo, cfr., por ex., s. v. MANJORRO, PAPANOL, etc.

O LABOR DOS EDITORES

Os encargados da preparación da edición da obra foron, como xa queda dito, Antonio Santamarina Fernández e Francisco García Gondar, que tomaron a responsabilidade da organización e ordenación de todo o material recollido nos cuadernos do autor, labor non doado se temos en conta a necesidade de mante-lo equilibrio entre dous presupostos: mante-la fidelidade ó autor, seguindo os seus criterios, e converter, ó mesmo tempo, os manuscritos de Aníbal nunha obra práctica e manexable. Pra acadaren este resultado víronse na obriga de fichar todo o material incluído nas libretas orixinais, e a partir de ahí puideron mellora-la ordenación introducindo algunhas modificacións que enriquecen o legado do autor. Entre as aportacións dos editores á obra cabe destacar:

a) Presentar como entradas do léxico as palabras recollidas en lugares de Galicia distintos de San Xorxe de Piquín. Estas voces de fóra de San Xorxe aparecen como entradas con letra itálica maiúscula, a diferencia das de San Xorxe que aparecen en letra versal, e remiten á correspondente voz de S. Xorxe, á que hai que acudir pra coñece-lo seu significado.

b) Retocar algunhas veces as definicións dadas polo autor, introducindo, só en raras ocasións, lixeiras modificacións pra matizar

ou darlle unha expresión máis correcta á presentada polo autor. Por ex., s. v. APEZAR, mentres no caderno orixinal aparece a definición 'juntar piezas de terreno', na edición que nos ocupa a definición amplifícase da seguinte maneira: 'juntar lo que está en piezas, hablando de terreno o de telas, principalmente'. Outro caso no que os editores se viron na obriga de remodela-la definición de A. Otero, por presentarse ésta nun estilo confuso, é o de ARAMPAZO, que no caderno primeiro aparece así: "pedazo hablando de terreno. *Vaya arampazo que cavou*²; *un arampazo de prado*, etc. En outros, sólo al terreno malo: *Hay alí un arampazo que non vale nada*. (También harapo de un vestido?, de madera o carne; de la corteza de pan (...)", e que no libro aparece dun xeito máis ordenado: "Pedazo, hablando de terreno: *Vaya arampazo que cavou; un arampazo de prado*, etc. Para otras personas solamente: trozo malo de terreno, ropa, madera, carne, etc. (...)"

c) Os editores relacionan palabras sinónimas en casos en que o autor non o fixo. Isto enriquece o valor práctico deste vocabulario, e facilita o seu manexo. Por ex., na voz ALFAR o autor dá a definición, pro non a pon en relación con ACINZAR, que tamén aparece no vocabulario e ten o mesmo significado, cousa que fan resalta-los editores remitindo á voz ACINZAR. Algo semellante ocorre s. v. ABALASTRAR, onde con moi bo criterio os editores remiten a ABASTRAR e BALASTREAR, entradas léxicas que tamén se achan nos cadernos do autor, pro que el non puxo de feito en relación; a ordenación do material en fichas permitiulles ós editores unha mellor visión, que os capacitou pra poñeren en relación as distintas variantes dun mesmo termo e as distintas voces pra designar un mesmo concepto. O mesmo, s. v. ATRABINCARE, que no manuscrito aparece coa definición 'atar la trabinca', en Quintáns, e que no libro remítase a ACADIGUEIRAR, que ten o mesmo significado, e onde efectivamente xa o autor fai referencia a TRABINCA e TRABINCAR.

d) Por afán de claridade os editores introduciron algún signo gráfico en casos nos que non aparecía no orixinal. Por exemplo, s. v. AQUÍ, no libro aparecen dous apóstrofos nos exemplos: "*Eu se fora d'aquí a el non o facía; d'aquí a que veña*". Pola contra, no caderno lese: "*Eu se fora daquia el no no facía*, non iba a tal sitio; *daquia que veña*", sin apóstrofo en ningún dos exemplos. Nestes exemplos, segundo se pode observar, nótanse outras diverxencias debidas á actualización da grafía que nalgúns casos trataron de face-los editores; así, mentres que Aníbal fai amalgama no caso de *daquia*, fundindo os tres monemas de tal xeito que non se observa máis ca un só segmento no plano formal, os editores separan na grafía os tres elementos morfolóxicos *d'aquí a*. Outro caso de adaptación ortográfica é, no primeiro exemplo, o que no libro aparece *non o*, e no caderno de Aníbal *no no*: a grafía *no no*

² O sulñado é meu.

do autor responde con toda seguridade a unha realización fonética [nóno] co segundo *n* apicoalveolar [n], distinto do velar co que pronunciámo-lo -*n* final do adverbio de negación *non* [nɔŋ]. O resultado apicoalveolar do segundo *n* é consecuencia dunha asimilación co *l* do pronome que lle segue: *non* (i)llum > *non lo* > *non no* > *no no*, que nalgúns casos perdeu o -*n*- intervocálico e chegou a da-la forma *no* (pasando por *noo*), coñecida en distintos puntos de Galicia. Con todo, a grafía *non o*, diferenciando claramente a negación do pronome, é hoxe comunmente admitida, e por iso os editores adoptaron esa forma. Coido que hai un lixeiro despiste na interpretación do primeiro exemplo, que no libro aparece: "*Eu se fora d'aquí a el non o facía, no iba a tal sitio*": seguindo con fidelidade o caderno de Anfbal, e introducindo as mesmas modificacións gráficas dos editores, o correcto sería: "*Eu se fora d'aquí a el non o facía, non iba a tal sitio*", todo en galego e en letra cursiva.

e) O autor nos orixinais non fai máis anotacións fonéticas cás imprescindibles (por ex., pra rexistra-la geada); por iso no aspecto fonético o libro resultou moi enriquecido coa primordial aportación dos editores, que nas voces de S. Xorxe sinalan os casos de iode e wau, así coma os de /ç/, /q/ abertos. Estas contribucións dos editores esixíronlles un traballoso labor de indagación e comprobación de datos, levado a cabo en varios viaxes a San Xorxe de Piquín. Outras veces os editores engaden tamén ós datos dos orixinais algunha transcripción fonética nova pra indicar feitos diferenciais que podían pasar desapercibidos pró lector, como, por ex., a pronuncia do *n* velar en palabras como *enalar* [ɛŋalár], *enaugadoiro* [ɛŋaʊgadoíro], etc.

Certamente, o traballo dos editores foi arduo e loable, sobre todo tendo en conta as partes deterioradas dos cadernos, tanto que moitas veces é difícil a interpretación e, incluso, reconstrución do texto, interpretación e reconstrución que nalgúns casos son mesmamente imposibles.

MANOLO GONZÁLEZ GONZÁLEZ
Santiago de Compostela



A POLÉMICA LIBRECAMBISMO-PROTECCIONISMO EN GALICIA A MEDIADOS DO SÉCULO XIX. FONTES PARA O SEU ESTUDIO

A análise das regras teóricas que presiden o comercio exterior e a comenencia ou non da adopción de aranceis de tipo protector deu lugar a unha das polémicas máis extensas e virulentas na historia do pensamento económico europeo do século XIX. Se debaixo do razonamento doctrinal adoito se atopan os intereses de grupos ou colectividade concretas, elo é particularmente evidente no tema que nos ocupa onde se encontra, paralela á discusión teórica, e decote misturada con ela, as proclamas, movilizacións e presións directas dos sectores afectados pola regramentación arancelaria. Non en vano, a decantación do Goberno cara un sistema librecambista ou, pola contra, a promulgación de aranceis protectores sobre determinados produtos competitivos cos producidos no país, implicaba a escolla de modelos alternativos de crecemento e, na práctica, o sacrificio, segundo os casos, duns ou doutros sectores económicos.

A historiografía galega non se enfrentou deica o momento coas repercusións da política económica española no ámbito do comercio exterior nin se definiron, polo tanto, os riscos peculiares que aquí adquire a polémica librecambismo-proteccionismo. Trátase, porén, dunha cuestión que, como xa foi sinalado noutro lugar¹, tivo efectos decisivos na evolución da economía e sociedade galegas; cuestión, xa que logo, capital na comprensión do modelo de crecemento que se estaba a seguir en Galicia.

Estas páxinas, que son un adianto dunha investigación máis ampla sobre o tema, están concebidas como sinxela homenaxe á persoa e á obra de Fermín Penzol e teñen, por clo, como obxectivo sobranceiro facer unha presentación crítica de dúas fontes impresas, conservadas na Biblioteca da Fundación Penzol, especialmente valiosas para profundizarmos no coñecemento desta problemática e dos seus protagonistas. Trátase de dúas coleccións de periódicos: o *Boletín Mercantil e Industrial de Galicia* publicado en A Coruña entre novembro de 1847 e outubro de 1848; e de *El Eco de Galicia* que, co subtítulo de "Intereses materiales y amena literatura", saíra á luz en Santiago nos derradeiros días do mes de marzal de

¹ M.^a Xosé Rodríguez Galdo e Fausto Dopico, *Crisis agrarias y crecimiento económico en Galicia en el siglo XIX*. A Coruña, 1981, p. 24.

1851 e do que se conservan na devandita biblioteca 99 números (o derradeiro deles ten data de 6 de marzo de 1852).

Taes publicacións sitúanse, cronolóxicamente, nun período de avance das ideas librecambistas, de xeito especial tras a abolición en 1846 das *corn laws* inglesas. En España, dende 1820 tíñase instaurado unha política fortemente proteccionista, mesmo con adherencias prohibicionistas de signo mercantilista². Os aranceis de 1841 e 1849, suavizando a liña proteccionista anterior, convertiron a polémica encol do comercio exterior nunha cuestión candente, con repercusións prácticas inmediatas, como a cotío se pon de manifesto. Por elo, a polémica perde a miúdo os seus claros perfís doctrinais e as aseveracións teóricas mistúranse deseguido cos consellos prácticos e as tomas de posición concretas, e ás veces contradictorias, dacordo cos intereses particulares dos seus propugnadores.

O avance das ideas sobre a liberdade de comercio, incluíndo a liberdade de comercio internacional, sinálase dende os primeiros números do *Boletín* e, ao tempo que de contraste doutrinal, actúa de aguillón nas súas páxinas, que incorporan textos de tratadistas españoles e estranxeiros defensores do libre cambio e propagadores das ventaxas da división internacional do traballo³. Reproducindo asimesmo artigos de xornais inequívocamente posicionados nesta dirección, como *El Español* e a *Guía del Comercio* de Madrid ou *El Clamor de la libertad de comercio* de Cádiz. Mais se doutrinalmente non cabían dúbidas nen vacilacións sobor da deseabilidade duns aranceis de tipo exclusivamente fiscal, os redactores do *Boletín*, dalgún xeito portavoces siquera oficiosos da burguesía comercial coruñesa, admitirán un certo gradualismo, como conse-

² Con todo, a política iniciada polos liberais, e apenas modificada coa volta ao absolutismo en 1823, destruíu aspectos esenciais do modelo de "economía moral" adoito aplicado polas autoridades do Antigo Réxime para suavizar as adversas conxunturas económicas: é o caso da prohibición de importar cereais e a liberalización da exportación dos mesmos, elementos que revestiron unha especial importancia na agudización das crises agrarias en Galicia.

³ Pola orixinalidade do seu pensamento merece destacarse a intervención de R. de la Sagra no Congreso de Economistas de Bruselas. La Sagra coída que "es de toda imposibilidad practicar útilmente el sistema de protección" e, dacordo coa súa concepción da sociedade, matiza: "En el caso que se me preguntase si de la realización de esta teoría del libre cambio, debe resultar el *orden* en el seno de la industria, sin vacilar responderé que NO; y esta negación resulta de lo que acabo de exponer. Pero como la teoría del libre cambio hace parte de las ideas progresivas, invasoras, *inevitables para nuestra época*, voto EN SU FAVOR como debiendo originar y acelerar el momento de sentir universalmente la necesidad de *orden universal*. Porque de esta necesidad de orden, generalmente admitida y reconocida por la universalidad del mal social, nacerá la decisión social de buscar el remedio fuera de las vías hasta ahora seguidas, y que han causado este mismo exceso de mal. Admitida que sea socialmente esta decisión, el remedio social aparecerá, por decirlo así, instantáneamente; y entonces nadie pedirá la solución del problema del libre cambio, por que será evidente" (véxase nos números 6 e 8 correspondentes ao 13 e 18 de novembro de 1847).

cuencia da herdanza deixada por un longo período de prohibicións e proteccións exacerbadas e da febleza do sector industrial. Posición que ven a coincidir coa que Manuel Colmeiro sostíña no seu *Tratado Elemental de Economía Política Ecléctica*⁴.

Mais no *Boletín* atopamos, alén da súa defensa dun librecambismo matizado, un programa liberal definido nos seus puntos centrais pola abolición das prohibicións, a baixa dos dereitos aduaneiros, pro mantendo unha certa protección da *industria nacional*, o desestanco do sal, a millora das comunicacións e o fomento do comercio interior, a denuncia do contrabando, arrequeitado éste polo mesmo sistema arancelario. Ao debatiren o problema dos aranceis, xurde deseguida o modelo global de crecemento que ten que seguirse. Nun discurso no que se misturan dende reminiscencias fisiócratas astra a consideración dos efectos sociais da industrialización, e a existencia de ventaxas comparativas como telón de fondo do razonamento, Juan Pedro Vicenti (principal editor do xornal e responsable dos máis representativos artigos económicos), aposta por unha España e unha Galicia agrarias, e na necesidade de franquear o desenvolvemento da agricultura encontra unha razón adicional para combater o "prohibicionismo" e o proteccionismo esaxerado. O mesmo Vicenti, máis adiante, ao contestar ás "Indicaciones de la Junta de fábricas de Cataluña sobre la cuestión industrial", realiza unhas consideracións que ben poderían servir de síntesis da posición do xornal coruñés sobor do tema que estamos a analizar:

"...aquí, lo mismo que en todos los raciocinios de los que en España defienden la moderada opción de los buenos principios económicos, se aclama lo justo, lo conveniente, se pide una protección nunca exclusiva, o más propiamente dicho libertad, para la verdadera riqueza del país que es la agricultura y el comercio, y se combate en fin un monopolio ruinoso para el Estado y los particulares... Deducimos pues lógicamente, que la admisión a comercio mediante la imposición de derechos protectores, de la mayor parte de los artículos prohibidos por el arancel de 1841, y la aplicación de una razonada rebaja en todos los que comprenden el de importación del extranjero, no arruinaría vastas empresas porque no las hay, no suprimirían infinitas tiendas de modestos artesanos como vosotros decís, porque en España excepto en unos cuantos ramos los menos de utilidad no hay artes sino simples mecánicos, no perjudicaría muchos ramos de comercio porque como os probaremos el exterior no existe, y el interior no puede existir con solo el alimento de los productos industriales, no destruirán la agricultura, porque quien la destruye es vuestro sistema que no permite se le faciliten

⁴ M. Colmeiro Penido, *Tratado Elemental de Economía Política Ecléctica*. Madrid, 2 tomos, 1845 (véxase especialmente o tomo 2.^o). A evolución do pensamento de Colmeiro obsérvase nidiamente nas sucesivas edicións dos seus *Principios de Economía Política* (1.^a edición, Madrid, 1859, 2.^a 1865 e 3.^a 1870).

medios de transporte y mercados para sus frutos, y en fin la renta de aduanas en vez de disminuir aumentaría, porque la riqueza pública imponible nada padecería”⁵.

Pola sua banda *El Eco de Galicia* amosa unha menor preocupación polas disquisicións doctrinais. Os seus redactores (B. Amor Labrada e A. Neira de Mosquera, verdadeiros definidores da liña do xornal) tentan ser pragmáticos e en certa maneira ecléticos cando percuran solucións concretas aos problemas específicos da economía galega. O que, evidentemente, non é incompatible cunha visión global da sociedade galega daquel entón e co feito de propugnaren un programa superador do seu atraso. Os colaboradores de *El Eco*, se facemos abstracción dalgún artigo que chega a pór en cuestión o sistema de libre concurrencia⁶, son partidarios acérrimos da liberdade de comercio interior e do crecemento económico segundo os cánones do capitalismo competitivo⁷. A súa teima é a expansión do mercado e a articulación do mesmo, o que decote lles leva a bradaren pola millora do sistema de transporte moi en primeiro termo, pola reforma impositiva (especialmente os dereitos de consumos e portas) e o desestanco do sal.

O papel que a demanda e a formación de grandes mercados xogan no inzo da produción, preséntao así o redactor de *El Eco*, que moi posiblemente fora o Amor Labrada:

“Es un axioma en economía que las producciones deben de estar en relación con el consumo porque a medida que éste vaya creciendo, procurará el productor aumentar los productos, y como estos no pueden multiplicarse si no hay mercados a donde llevarlos, la administración interesada en todos los ramos que constituyen la riqueza pública, rotura caminos por medio de montañas, construye puentes y calzadas, y estudia los puntos de producción y los de consumo (...). Sin comunicación no hay mercados concurridos; sin grandes mercados no hay consumo; sin consumo no hay producción”⁸.

O penoso estado das comunicacións en Galicia leva ao *Eco* a solicitar todo tipo de actuacións neste terreo: construción de estradas, millora do comercio marítimo, encanamento do Miño (retomando así unha vella teima ilustrada) e, dun xeito especial, a construción de ferrocarriles.

⁵ Cfr. núm. 47 de 17 de febreiro de 1847.

⁶ “Trabajar, comprar y vender libremente: he aquí el gran secreto para producir más y más barato, moralizar las clases, proporcionarles medios de vivir y fomentar los intereses que todo viene a ser reduciéndolo a fórmula, la proclamación de ese famoso principio de la libre concurrencia, que los modernos economistas le creían como elemento generador de la prosperidad nacional. Empero pronto ha llegado el desengaño y la libertad de industria y de comercio, la libre-concurrencia, en una palabra que era ayer el blasón de la nueva escuela hoy es su descrédito, como esperamos demostrarlo” (véxase o número do 29 de outubro de 1851).

⁷ Nesta liña véxase o libro escrito por Benito Amor Labrada, *Curso de Economía Política*. Santiago, 1840.

⁸ *El Eco de Galicia*, núm. 30, de 9 de xullo de 1851.

Mais, para que un tal programa non traia contrapartidas moi negativas para a economía galega e española é necesario acudir, con carácter temporal, a formas "restrictivas" ou protectoras no comercio exterior⁹.

El Eco de Galicia establece unha diferenza esencial entre a liberdade de comercio interior, "ventajosa porque los que verifican los cambios si son productores nacionales"¹⁰, e o libre cambio no comercio exterior, que, nas circunstancias daquel entón, tolle, cando se trata de mercancías producidas no país, o desenvolvemento da industria propia. Éste é o argumento principal, na liña anteriormente desenvolvida por A. Hamilton e F. List, decote invocado para defenderen a existencia de aranceis protectores. E deste xeito define o xornal santiagués as características do "sistema protector idóneo":

"Aquél que no establece un privilegio a favor del productor ni tiende a que sean eternos los sacrificios del consumidor, favorece la producción nacional, evita que luchen y en la lucha perezcan los intereses de productores y consumidores, e indica a los primeros que las trabas que por medio de los derechos de importación se imponen a los productos de la fabricación extranjera, se aminorarán paulatinamente para librar al consumidor de una contribución establecida a favor de la industria propia"¹¹.

Os dous periódicos analizados presentan, pois, diferencias doctrinais importantes, aínda que na práctica os dous acepten, por dis-

⁹ Repetidas veces insístese por parte do xornal na necesidade de protexer as "industrias nacentes". O *Eco* (núm. do 13 de agosto de 1851) ve así as consecuencias da construción do ferrocarril xuntamente coa adopción dunha política comercial librecambista: "Veamos que ventajas resultarían a Galicia de los caminos de hierro y el libre cambio en las actuales circunstancias... La fábrica de tejidos de hilo del Rojal, las de mantelerías de Orense y Tuy, a las que racionalmente no se puede exigir más en cuanto a la baratura y perfección de sus productos, respecto a las que no se puede decir que se han adormecido y estacionado a la sombra de la protección... en las que no hay, como en otras fábricas de Galicia tampoco existe, el quietismo industrial por falta de concurrencia extranjera, porque son de ayer, y han adelantado bastante, no omitiendo sus propietarios diligencia... estas fábricas así como la fábrica de tejidos de algodón de Orense, la fábrica de bayetas y paños de Santiago, la fábrica de mantas de algodón de La Coruña, las fábricas de papel, las fábricas de curtidos y otras que el día apenas pueden sostener la competencia con los productos extranjeros contando con el sistema protector, con el libre cambio, quedarían cerradas, y los operarios a quienes dan ocupación y las familias que mantienen, quedarían en la inacción y en la miseria. Otro tanto sucedería con la fábrica de cristales de La Coruña... La fábrica de loza de Sargadelos, rehabilitada y acreditada por la actual empresa arrendataria, que no ha omitido diligencia y sacrificios... para mejorar sus productos y los de la fábrica de fundición hasta que pudiesen competir en calidad con los de las mejores fábricas inglesas... Con las fábricas de fundición sucedería lo mismo: los cuatro hornos altos que tenemos en actividad en Galicia, establecido el libre cambio, tendrían que apagarse... Los productos de la agricultura también sufrirán en Galicia las consecuencias del libre cambio y de los caminos de hierro, porque, además de la competencia de los cereales extranjeros, decaería el valor del centeno y del maíz con la competencia del trigo y cebada de Castilla que se expenderían a precios bajos...".

¹⁰ Véxase o núm. 50 de 17 de setembro de 1851.

¹¹ Véxase o núm. 38 de 6 de agosto de 1851.

tintos motivos e con diferentes ritmos, unha diminución gradual dos aranceis. O *Boletín Mercantil e Industrial de Galicia*, que aparece en víspera da discusión da Lei de reforma arancelaria¹², adopta unha posición claramente militante e amosa unha meirande preocupación polos aspectos teóricos e os temas lexislativos. *El Eco de Galicia*, cun tono máis maino e máis acougado, tenta sobor de todo facer o diagnóstico da sociedade galega e ofrecer remedios axeitados para os seus males.

Se ao consideraren os efectos da división internacional do traballo xurden matizacións diverxentes, ambos xornais coinciden, en troques, na súa valoración positiva dos efectos da división do traballo dentro dun país e na necesidade de desenvolver o comercio interior e fomentar o espírito de asociación agrícola, mercantil e industrial. Os dous coinciden, asimesmo, na reivindicación da persoalidade de Galicia. Neles escriben homes significados no eido cultural e político: Martínez Padín, Puente Brañas, Vincenti, Faraldo, Romero Ortiz no *Boletín Mercantil e Industrial*; Amor Labrada, Neira de Mosquera, D. Camino, Vicente Turnes en *El Eco*. Este último chega a declararse explícitamente "provincialista", mais o espírito provincialista está presente nas páxinas de ámbolos dous xornais. O *Boletín* e máis *El Eco* coinciden tamén en moitas das súas teimas: o estado das carreteras, a crise do salazón¹³, o debalo da industria doméstica do liño¹⁴, o problema tributario, etc. O máis

¹² Encol desta lei, antecedentes e discusión véxase Jesús Martín Niño, "La discusión en el Congreso de los Diputados de la Ley de Reforma arancelaria de 1849. Unas notas", *Hacienda Pública Española*, núm. 55 (1978), pp. 251-274.

¹³ No *Boletín* reproducense as exposicións ás Cortes da "Junta de Comercio de La Coruña", da de Vigo, Cádiz... a prol do desestanco do sal, nun momento en que éste se coídaba próximo. Reflexo da preocupación polo problema é asimesmo a publicación en sucesivos números do xornal coruñés da discusión entre o deputado Sr. Infante, representante dos intereses dos salazoneiros, e do seu principal oponente, señor Madoz, partidario de que o produto se mantivera estancado, como así sucedeu. *El Eco* denuncia asimesmo as implicacións do estanco do sal para o conxunto da economía galega, exténdese sobre a crise que vive o sector do salazón agravada unha vez máis "con el Real Decreto de 28 de enero último por el que se habilitó a las aduanas de la Isla Cristina y Ayamonte para importar por ella pescados frescos del extranjero" (véxase o núm. 20 de 4 de xuño de 1851).

¹⁴ Debalo que para o corresponsal do *Eco* en Ribadeo tería tamén que ver coa política arancelaria que se viña seguindo, verbo da introducción das hilazas de liño e cáñamo, dende 1841. Escribe o corresponsal, e a redacción fai súas as seguintes afirmacións, que "Entre los artículos de introducción del extranjero que han merecido la consideración del señor Ministro de Hacienda para proponer a las Cortes la variación que conceptúa oportuna en el arancel de las aduanas, se halla la de las hilazas de lino y cáñamo, llamando la atención a la diferencia de las introducciones de este género entre los años de 1849 y 1850 para apoyar las modificaciones de los derechos que propone. Pero pasa en silencio la comparación que para esto también debiera mediar en la introducción de tales artículos, producto de la mano de obra extranjera con la de la primera materia que antes se introducía en cantidades considerables para dar ocupación a la industria popular de Galicia y que desde la introducción de las hilazas que antes era casi nula se ha desterrado la de los linos que facilitaba el bienestar de toda la población litoral de Galicia, sumida hoy en la miseria por falta de aquel recurso de útil ocupación para las gentes de ambos sexos y de

importante animador do *Boletín*, Juan Pedro Vincenti, polemizará posteriormente, dende as páxinas de *El Coruñaés*, con Amor Labrada. Pesie ás súas diferencias doctrinais, cando abordan aspectos concretos, como o da construción dos ferrocarriles, as posicións de ambos coinciden.

As coleccións do *Boletín Mercantil e Industrial de Galicia* e de *El Eco de Galicia*, constitúen, pois, dúas fontes de gran valor para o seguimento da polémica librecambismo-proteccionismo, pro tamén para o estudo de múltiples aspectos da vida cultural e económica galega de mediados do século XIX.

MARIA XOSÉ RODRIGUEZ GALDO

Santiago de Compostela



todas las edades y hasta de los impedidos. La decadencia de esta industria data desde los últimos años del reinado del señor Fernando VII, que floreciendo hasta entonces por el privilegio de derechos con que se introducía el lino de Rusia a la par de los que pagaba en otras naciones, recibió un golpe mortal con el recargo que facilitó la introducción de las hilazas extranjeras..." (véxase o núm. 70 de 26 de novembro de 1851).

PENZOL E A SÚA OBRA

Cando cheguei á Universidade no ano 1956 non sabía moitas cousas da cultura galega. Interesábame a Literatura e por eso escollera a carreira de Filosofía, pero das figuras galegas só coñecía un pouco a Rosalía Castro e a Curros Enríquez, por curiosidade e porque non sei cómo chegaran ás miñas mans un exemplar de *Cantares Gallegos* e outro de *Aires da miña terra*. Tamén me soaba o nome de Otero Pedrayo, cando ocupou a cátedra de Xeografía na Universidade, por falar del *El Correo Gallego*, o único diario que tiña na casa.

Pouca cousa. Un galego-falante coma centos, alleo á realidade galega. Pero xa desde os primeiros días de entrada na Facultade me atopei con xente que estaría chamada a ser algo na cultura galega: Méndez Ferrín, Franco Grande, Mourullo, López Nogueira, Beiras, Lugo, Baliñas. Despois, axiña, coñecín xa outros representantes consagrados, como Ramón Piñeiro, García-Sabell, Bouza-Brey, o pintor Maside e o mestre Otero Pedrayo. Naquel momento chegaba tamén Alonso Montero como catedrático da Escola Normal.

Desde entón descubrín un mundo novo e unha realidade que estaba como en estado latente, silenciada. E empecei a ler autores galegos, a coñecelos, a escribir en galego. Tamén daquela collín a teima de estudia-la fala, de profundizar na filoloxía galega, entón descoñecida, cousa que despois acabaría por mata-la miña condición de escritor.

Otero Pedrayo, máis ca profesor de Xeografía, que non o era, foi o noso mestre na fala, o noso mentor literario, o noso guieiro. Axiña entramos a formar parte do grupo que se reunía con el no Café Español da Rúa do Vilar. Tódolos días, despois de xantar, tiñámo-lo encontro con Otero Pedrayo pra falar de moitas cousas e pra que el puidese botar un discurso diario sobre os temas máis heteroxéneos, xa que sabía de todo e podía estar horas enteiras falando sin cansar. Alí formabamos proxectos, intercambiabamos ideas e gustos, íamos descubrindo autores que nos interesaban a todos.

Algunhas veces tamén ía ó Café Español Ramón Piñeiro, poucas, porque o centro de reunión con el era a súa casa. Por Xelmírez 15 pasabamos todos e arredor da mesa do seu despacho parolabamos e íamos descubrindo a esencia do galeguísmo.

Un dos nomes que me deu a coñecer Piñeiro foi o de Fermín Penzol, que se me foi facendo familiar. Aínda tardei en coñecelo

persoalmente, cando xa eu andaba de estudante por Madrid ou máis tarde, non me lembro ben, pero desde aquel momento souben cal era a súa paixón de toda a vida: o amor ós libros galegos e a Galicia. Este feito, sin máis, non sería ningunha cousa extraordinaria, pois son moitos os que compran libros galegos e sinten amor pola nosa terra; o que fixo de Penzol unha figura entrañábel foi a maneira en que demostrou ese amor.

Fermín Penzol, nado nun pobo da Galicia Exterior, en Castropol, que exerceu a súa carreira por España adiante, tendo como centro de atracción nos últimos anos a cidade de Santiago, gastou ó longo da súa vida todo o diñeiro que puido como bibliófilo; pasou anos e anos comprando libros, revistas, documentos vellos e novos, manuscritos, papeis, álbumes, todo o que fixese referencia a Galicia ou se publicara en Galicia. Así foi formando unha biblioteca impresionante e moi rica, unha das mellores bibliotecas privadas sobre temas galegos.

Este feito, con ser xa importante, tampouco sería trascendental. Foron moitos os que no noso país e fóra conseguiron xuntar unha boa cantidade de libros e dispor dunha biblioteca de primeiro orde, pero sin previsión de continuidade futura. Morría o dono e os herdeiros vendían os libros de calquera maneira, separando ás veces os distintos tomos dunha mesma obra, como no caso da biblioteca de Cotarelo Valledor, ou ás veces facendo unha cacharela cos papeis vellos, que ós ollos inexpertos dos descendentes nada lles decían. Así desapareceron documentos medievais e así marcharon ó extranxeiro obras fundamentais, como o único manuscrito da *Crónica Galega de 1404*. É pena ver como suceden estas cousas e podémolo comprobar unha e outra vez comprando libros en librerías anticuarias, onde atopamos sempre obras que pertenceron a figuras importantes da literatura ou da investigación. Como mostra citarei un libro que comprei hai pouco nun anticuario holandés e que pertenceu á biblioteca dun dos máis importantes lingüistas de tódolos tempos, o alemán W. Meyer-Lübke (morto en 1936).

Penzol non quixo que lle acontecese eso á súa biblioteca, non podía consentilo. Preocupáballe a idea de estar toda a vida loitando por xuntar libros raros galegos pra que existise a posibilidade de que esa colleita se espallase a tódolos ventos. Non quixo que sucedese. Falou cos amigos, discutiu as diferentes solucións pró seu caso e chegou a unha conclusión, boa pra el e pra nosa terra. O resultado foi a creación, no ano 1963, da "Fundación Penzol", na cidade de Vigo.

Unha vez creada a fundación, Penzol non quixo agardar a morrer pra face-la entrega dos libros, poñendoos xa inmediatamente a disposición dos estudiosos e seguindo despois co enriquecemento da biblioteca astra a súa morte. Desta maneira perpetuou o seu nome e fixo un grande servizo á cultura galega.

Non son moitas as bibliotecas galegas coas características da biblioteca da "Fundación Penzol" e, se estivese en mans privadas, poucos serían os beneficiados; pero ó constituirse como unha entidade pública sirve pra todos e foron moitos xa os que pasaron por alí pra manexa-los fondos de que dispón, ás veces exemplares únicos que non se atopan noutros lugares. Na Fundación hai de todo: libros e documentos sobre tódalas materias relacionadas con Galicia, non só literatura. Por eso sirve pra investigadores de moitas especialidades científicas, tanto da Península coma do extranxeiro.

Fermín Penzol, este home sempre bo, deixounos un exemplo que convíña seguir, pra que non desaparecesen as bibliotecas privadas. Sería de desexar tamén que outros ilustres homes da cultura galega deixasen a súa biblioteca a unha institución pra mellora-la situación das bibliotecas públicas, cousa que beneficiaría a todos. Penzol deixoulle a súa a Vigo, por ser esta cidade unha das menos favorecidas en bibliotecas galegas. Ben está que tódalas cidades galegas contén con boas bibliotecas galegas, pero tampouco é bo un espallamento de máis. Tamén é necesario a concentración dos libros pra non lle facer perder moito tempo ó investigador. Ideal sería ter unha Biblioteca Central, onde estivese a maioría da documentación, e logo xa a biblioteca de diferentes institucións cos fondos máis comúns. Como isto non se vai facer, o que interesa é que potenciémo-las bibliotecas xa existentes con aportacións particulares. Que o exemplo do chorado amigo Fermín sirva de aguillón.

RAMÓN LORENZO
Santiago





Unha expresiva foto do Penzol neno



Fermin Fernández Penzol Labandera nos seus tempos mozos

DOCUMENTACIÓN EPISTOLAR

O Fermín Penzol conservou a correspondencia relacionada coas actividades políticas que alá polos anos vinte levou a cabo en Madrid un grupo de universitarios galeguistas do que el formou parte. Hai anos entregoume a min co encárrago de a conservar mentres non pasase o tempo conveniente para incorporala aos arquivos da Fundación Penzol. Así o farei, como é natural. Pero, pensando neste número de Grial a el adicado pareceume oportuno incluír nel parte desa correspondencia, que escolmei con toda atención de acordo coa vontade que me manifestou ao entregarma.

R. P.

Ferrol, 4-Outono-1921

Irmán Fermín Fernández Penzol

Vila Podre

Moi distinto irmán: Recibín a sua moi intresante carta qu'eu lin nunha xuntanza das que frecuentemente temos os "bos e xenerosos" do Ferrol —poucos pro escolleitos, como axiña terán ocasión de probalo— agradando por igual a todos.

Tan axiña como chegue a nós o boletín da nazón irlandesa e de acordo co dito por vostede, eu esquirbirei no propio nome e no do xornal que dirixo á legación do pobo irmán na Vila Podre, pra porme de xeito incondicional, e tal como é o debere de calquera que se chame nazonalista, á disposición dos persoeiros irlandeses na Hespaña.

Inda que o xornal que dirixo é un xornal da propiedade de xentes que son como a maoría das que constituen a poboación galega de hoxe —e vostede ben me enxergará— eu, emporiso, faigo por inocularlle todo o meu virus nazonalista galaico, feramente i-escrusivamente galaico.

Supoño que estará enteirado do feito xúrdio, admirábel, verdadeiramente eiscepzonal que a Universidade da groriosa e por nós endexamais ben gabada de abondo irmán Catalunya finda de levare a cabo: nos seus estatutos de réximen autonómico, xa postos en vigor, establecece que as tesis doctoraes poderán faguerse en castelán, catalán ou galaico-portugués. ¿Qué lle parece? ¿Poderá darse un homenaxe máis grande e sinceiro de agarimo e sim-

patía a Galicia? En troques, contrastando, a noxenta Universidade de Compostela, ista Universidade castelán qu'eiquí padecemos, non consignou nos seus estatutos nada que se lle semelle. Unha vergoña, meu amigo, unha verdadeira vergoña. Temos acordado que o sábado próisimo, todolos que queiran, se dirixan con telegramas ó Rectore de Santiago póndolle de releve o feito e faguéndolle ollare a necesidade de que aquí se faiga algo inda que xa non sexa espontáneo, como debía de sere...

Ramón Villar Ponte

¡Patria ceibe!

Liverpool, 8-10-22

Meu bon amigo Penzol:

Xa supoño que vos teredes axuntado outra vez tudos en Madrid e que estaredes encomenzando algunha nova campaña máis intensa da que fixemos nos derradeiros anos.

Eu recibín de Betanzos o noso periódico que xa conoces de fixo. Mandoumo o Mosteiro denantes de saire para Madrid donde supoño que se atopará agora inda que eu fixo nada sei. Esquirbinlle fai máis dun mes coa intención de que me dera novas da Causa mais inda non recibín resposta.

Ó Cortón dille —prégocho— que coma inda non fun a Londres non empreguei a tarxeta que il me dera de Bayliss, pro eiquí atopei a un moi bon amigo de ise señor que lle chaman Burns e pódelle falar del si o vé.

Tamén lle esquirbín ó Cebreiro á Cruña con o mesmo negativo resultado que outuven do Mosteiro. E espero que de ti non será o mesmo; de Madrid un lote de novas e de comentarios que faguer. Do contrario ficarei isolado en aisloto do movemento enterándome soío polos *Nós* e *A Nosa Terra* que sigo recibindo puntualmente.

Sería moito importante que me indicárades si se pode faguer algo por eiquí. Eu non conozo eiquí máis que un galego que atopei antonte: un home xa de máis de 40 anos, casado en Galicia pro que leva eiquí moito tempo. Este home deume un diario novo de Vigo que se chama "Galicia" mais é imprentado en castelán. Sin dúbida, emporiso, eu podería poñerme en comunicazón con algunha cousa que eiquí poida habere ou haxa. Falade con O'Brien a embaixadora de Irlanda.

O que non recibín dende que estou eiquí é *Céltiga*.

Contareiche un caso que me ocorreu o outro día: Oín cantar en inglés unha muiñeira e algunhas outras cousas da Terra e preguntelle ó que as cantaba donde as adeprendera e díxome que era música escocesa e que resulta moi ben coa gaita (*Scotch bag pipe*) perfectamente idéntica á nosa. ¡Calcula a miña sorpresa e ledicia! É unha mina pra os repertorios das nosas gaitas e coros e eispecialmente pra grupos como "Os Celiñas" ou eisi.

Unha aperta de

da Pena
da I.N.G.

¡Fé e vontade!

Irmán Fermin F. Penzol

Meu querido irmán:

Mándolle esa carta pró irmán Mosteiro que Vde. fará o favor de ll'entregar, por si non está no mesmo sitio do qu'eu teño as señas. E tamén ha faguel-o favor de dicirme si sigue ond'estaba ou cal é o seu enderezo.

Pol-o qu'a il lle digo pode Vde. ver o que hai por eiquí e o qu'estamos preparando de propaganda que é o que hai que faguer, e as ideas que temos tocantes ó boletín de Betanzos "Rexurdimento".

Recibín no Castro Caldelas ond'estiven cáseque todo o vran descansando, unha carta de Vde. coas impresiós que recolleu na Cruña. Non hai que lles dar demasiada importancia a aquiles Srs. Confirmamas o irmán Leuter Gonz. Salgado n-unha carta recente. Xa tiña eu tomada a medida de prohibil-a colaboración en "A Nosa Terra"; non quixen decrarar púbricamente na imprensa o arredamento da Cruña, e agora xa sería serodio. Fai tempo que lles estou dicindo ós irmáns da Cruña —Vilar Ponte, Cebreiro e Calviño— que constituían ali a delegación da I.N.G. Estou en dadas de faguer delegación ou subdelegación do Ferrol.

Quereria sabel-a opinión de Vde. sobre do Boletín "Rexurdimento" coma futuro órgao da I.N.G.

Repítolle eiquí a Vde. a importancia do istante que estamos pasando, e a necesidade d'aproveitalo sobre todo por medio da propaganda. Compre que nos comuniquemos máis a miudo, polo que lle prego a Vde. e a todol-os irmáns de ehi, que cando un cando outro, m'escriban dando novas e conta de todo.

Escribimos ó irmán Cortón encargándolle unhas reproducións de tres augarelas pra NÓS...

Vicente Risco

Ourense, 12 de outono-1922

Irmán Salvador Mosteiro

Meu querido irmán:

Dícenme que Vde. se queixou de qu'eu lle non teña respondido a unha carta nin respondido en col de "Rexurdimento". Non é que lle falle razón de todo. Foi qu'iste vran paseino todo antr' Allariz e o Castro Caldelas, e traballando pouco. Xa sabe que foi unha tempada esceicional pra min... Ademáis, a segunda carta que Vde. di que m'escribíu, nona recibín. Por todo isto, ten Vde. que me perdoar, en gracia ás razóns que lle poño, e a que dend'agora xa non vai ser así.

Non somentes non me disgusta en nada "Rexurdimento", se-nón que me parece moi ben, e doulle o meu parabén, e desexo que siga e que teña moita vida, e pra il ofrézolle a miña axuda e a de todol-os irmáns d'Ourense, e ademáis voulle dicir as ideas que

teño en col d'il, algunha das que —xa lle direi cal é— non é miña, mais eu coma si o fora a acollín.

En primeiro lugar, non me parece ben a idea que teñen de faguel-o mensual. Coido que sería millor que seguira sendo quincenal, anque non aumentase as páxinas pol-o d'agora, nin creio que sexa necesario millorar moito a presentación, senón máis ben atender ó contido. Esto, si as posibilidades o premiten; podendo ser, debería seguir sendo quincenal, de non faguelo semanal. Elo ven ben pra outra cousa que lle direi.

Logo, paréceme ben, e débese conservar, o tono local e comarcal que ten unha parte do boletín, ó menos pol-o d'agora, e aínda pra sempre. En isto poden meter tamén algo d'erudición en col do país, en forma amena e que chame pol-os que leen.

A idea que me foi suxerida é a de que, dado como están os da Cruña, e o número grande d'irmáns afiliados á I.N.G. que s'están dando de baixa en "A Nosa Terra", d'eiquí que "Rexurdimento" podería chegar a substituir á "A Nosa Terra". ¿Qué lle parece a Vde.?

Pra elo teríamos que faguerlle cartel e propaganda. Isto faríase. Por primeira providencia, e aínda que a cousa non chegue a tal punto, eu vou falar de "Rexurdimento" na *Zarpa* n-unha das miñas prosas. Logo, eu recomendarei a todos lle manden orixinaes. Pra isto ten Vde. que me dicir a quen debo dirixilos a Betanzos, ou si llos mando a Vde. Tamén, si Vde. quer, lle podo mandal-os tacos con dibuxos do Castelao publicados en NÓS, os que desde logo están á sua disposición. Qué lle parece de publicar cousiñas moi sinxelas de vulgarización á moderna de cousas d'*educación nazionalista*, coma celtismo, literatura, estorias, arte galega, grandes figuras do nazionalismo de todol-os países, economía, dereito, etc. De todo isto lle podo proporcionar, e pódoll'encher duas pequenas seiciós en cada número, qu'antras duas leven duas ou tres columnas... En fin, toda a axuda que vostede queira, conte con ela, así como o traballo de suscriciós, e pra dar a coñecer o boletín.

Compre tamén metelo e acreditalo nas sociedades agrarias todas de Galicia. Aparte mándoll'un avance de lista d'algúns de Pontevedra que son as que n-iste istante teño a man. Eu pedirei pra que me compreten coas señas de todos.

Achámonos no millor istante. A idea vai cundindo. Iste serán falaba eu c'un meu compañeiro valencián que hai un ano qu'está eiquí e asombrábase dos progresos que a idea fai nas xentes nistes mesmos días, cousa que non pasaba cando il chegou... Compre apricármonos todos pra aproveitar iste istante doado e faguermos unha propaganda intensa. Nós estamos tirando milleiros de follas pró campo, pra espallar en grande escala. O "NÓS" vai coller unha gran vida, e "Céltiga" fai unha propaganda enorme e véndese moito. *Un ollo de vidro* está sendo eiquí un gran éisito de librería.

En Santiago, a Irmandade estase reorgaizando limpa de todo, forte e xurdia. No Ferrol van moi ben e por todas partes xurden subdelegaciós. Logo iremos dar conferencias ás agrarias de Pontevedra, e logo recorreremos as d'Ourense...

Vicente Risco

Ourense, 14-Outubro-1922

Querido Fermín: Supoño xa no teu poder unha do Xefe falando de varios asuntos e antr'eles o de "Rexurdimento" que é unha cousa de moita importancia.

En vista do que pasa cos da Cruña estamos dispostos a reventalos en todo o que se poida e pra escomenzare imos ver si conquerimos substituir "A Nosa Terra" pol-o de Betanzos xa que é o máis doado de faguer.

Precura conquistar baixas e darvos todos (incruindome a min) na "A Nosa Terra" e suscribírmonos ó "Rexurdimento" axudándoo ademáis en todo o que se poida, inda que haxa que faguer un esforzo.

Ista máis que pra ti é pró Mosteiro, pro como non sei si vive no mesmo sitio que o ano pasado, non lla dirixo a il. Dime as suas señas.

Precurar que de Betanzos manden eiqui números pra propaganda a ver si se consiguen suscriciós. Poden mandarmos a min si é que o fan antes do mes que ven que será cando me vaia pra isa. Cumpria que fixeran un bon número pra que á xente lle guste e non estaría mal mandaran carteles-anuncios si pode ser.

Hai que faguer d'iste xornal o órgao da I.N.G. como "A Nosa Terra" viña sendo e quere selo da I. da F. e moito millor feito.

Eiqui estamos dispostos a todo como veriades pol-as cartas do Vicente de xeito que dos de Betanzos depende o demáis.

Diráselle isto a Castelao, Quintanilla, etc... pra que todos contribuan cada un co seu, e fagan propaganda e incluso así que se vexa o que se fai pódese recomendarlo ás Delegaciós coma órgao da I.N.G. pra que o traballen e axuden.

Aparte d'isto, temos que precurar *matar a outra* pra o cal debemos de faguerlle *todal-as baixas que se poda*.

Non deixes isto de man.

A colaboración xa está prohibida ós irmáns da I.N.G. e circularáanse as ordes, coma xa se fixo ós do Ferrol respondendo ón oficio d'iles.

Imos ver quen ten máis forza e si se poidera acabar co-illes millor. Á Causa lle compría que os esmagáramos e imos poñernos a elo.

Do demáis xa non vos digo nada pois vos falou d'abondo o Risco.

Eiqui estase traballando e hai moito entusiasmo. Hai que reorganizar ben o de Madrid.

Estanse faguedo carteles de "NÓS" a tres córes e mandaráanse tamén ehí, en canto estén feitos...

M. Piñeiro

Madrid, 23-VII-23

Querido irmao e amigo:

Por as miñas maos ten pasado unha carta de adhesión ao noso Conselleiro Supremo que está recolleitando as firmas de todol-os Conselleiros de Delegaciós (que por certo poden comprobar a

eixistencia de 21, número total dos grupos nazonalistas que actualmente compoñen a "Irmandade Nazonalista"). Iste documento que eu firmei en nome da de Madrid é dirixido pol-o Comité d'Orgaización nomeado na Cruña coa intención de que chegue ao noso Conselleiro Vicente Risco, como proba de disciplina, logo de percorrer todas as Delegacións e Subdelegacións nazonalistas que veñen postas ao marxe. O documento remata con estas verbas: "Todos pra un e un pra todos; e un e todos c'o pensamento e o corazón postos no progreso e na liberdade da Terra escravizada e consentes sempre da nosa personalidade nacional". E en nota aparte di: "Daráselle valor oficial a iste documento en canto chegue ó poder do Conselleiro Supremo, avalorándoo co'a súa firma e o selo da Xefatura Suprema. Ó mesmo tempo acusará recibo d'il ó Comité d'Orgaización ¡Terra Ceibel!". Eu atopei ista idea moi simpática.

Antronte recibín novas dos d'Habana con unha carta pra ti que ch'envío e outra do "Comité R. Arredista" que lerás ao teu regreso pois por sere interesante non me quero expoñere a que se perda.

Sen máis novidades recibe un saúdo agarimoso con unha forte aperta do

Luis Cortón do Arroyo

Sr. D. Fermín F. Penzol
Madrid

Meu distinto Sr.: Chegou ó meu poder a súa carta data 30 d' Abril derradeiro, e contestando ó que vosté me pregunta podo decirle que non sei qu'axa ningún xornal esquirto na nosa doce lingua, nin mesmo libro.

Os gallegos emigrados, teñen na súa lembranza o recordo da terra onde naceron, pro no intre non sinten a falla de falar no seu idioma, e de espallalo por onde podían, porque isto é dun orden ideolóxico que moitos non enxergan; algúns hai que abranguen canto isto significa, pro outros cren que con cantar alalás e bailar a muiñeira e contar catro pullas en gallego, xa se fizo galleguismo.

E por iso que, inda ben axa eiquí enriba de 100.000 gallegos non se pudo hastra o de agora chegar ó que vosté pregunta. Us ollan de falar co acento criollo pra non semellar gallegos; outros din que son gallegos pro que dinantes son españois e teñen de falar castelán; e outros que saílo teiman en cultivar o que nos pon en ridículo, pois fica un fato de homes que esmorece de xenreira sin poder faguer cousa de xeito.

Deséxolle moita sorte nas súas propagandas patrióticas pra erguer y espallar a nosa lingua y-ogallá poidamos perto doarlle á nosa terra a personalidade que lle... o centralismo noxento causante da mór parte das nosas disgracias.

Fólgome ofrecerlle a miña cativa persoa pra canto quixer e coa miña fonda lembranza prá nosa terra vaille unha aperta de irmán que o saúda co mór agarimo.

Farruco Lamas

NOTA: Esta carta non ten data. Está escrita nun papel comercial da "Pensión Lamas" e no lugar da data só figura o texto impreso: Buenos Aires... de 191...

Querido irmán Penzol: Nantronte falei con José Ramón que me veu a ver ao Museo, e dixome que tiña falado contigo en Ponferrada e que ti lle encarregaras de me pedir a min unhas liñas, anque fosen de esmola, pra suplir no posíbele o teu illamento e a tua falla de conversa.

Tés d'abondo razóns pra me eisixire esta miña formalidade, e eu recoñezo que estiven nestes días un pouco preguiceiro. A grave doenza do meu curmán Viqueira, que nos ten tido a todos, durante o mes findo, atentos á sua enfermidade; logo, a saída precipitada do meu tío pra A Lagoa e Santiago en procura dun especialista que o operase; os temores do triste desenlace, finalmente confirmado, son todos eles motivo, anque non disculpa de peso pra xustificarme.

E agora que che falo de Viqueira dareiche algúns detalles da sua morte, pois ti supoño non sabrás máis que do acontecemento tal como apareceu a noticia nos xornaes.

Levaba xa doente perto de dous meses, mais dende mediados do mes de agosto, un forte ataque de euremia, complicado con o riñón e a parte debile da perna, deulle un carácter de extrema gravidade á sua doenza, e cuase dende ese momento os médicos que foron chamados da Cruña e Santiago viron que a cousa era mortal. Fixoselle a operación xa sin confianza ningunha, pol-o estado delicado en que se atopaba, pero coma o único recurso que o podía salvar. Pareceu con elo experimentar unha pequena melloría, mais todas as esperanzas caíron por terra na noite do 28 en que deixaba de eisistir.

Como ves desaparece deste xeito, na sua mellor idade, outra das figuras máis representativas nestes tempos, do nacionalismo e da cultura galega; a de maior autoridade sin dúbida algunha fora das fronteiras da Terra.

Da Cruña escrebeume Casas en nome dos irmáns de alí, e contándome detalles do seu enterro que parece foi emocionante por o que sabemos ademáis pola familia.

Cuase de noite, e apesar de chuiva, unha enorme procesión de labregos e aldeáns da Lagoa e San Fiz levando diante un crucifixo, acompañaron o cadaleito deica o cimiterio civil de Ouces. Isto sin contar as muitas representaciós que viñeron da Cruña e un numeroso grupo dos da Irmandade da Fala, que cubriron a caixa durante todo o camiño co'a bandeira galega. Logo no cemiterio dixo Lugrís unhas verbas e os da Irmandade lle ofrendaron unha coroa de flores.

Vexo que o José Ramón púxoche ao tanto da carta de Ribas, como é cousa algo complicada e longa de contar, dela che falarei despacio outro día. En resume non foi máis que isto: Ao desaparecer a "Correspondencia de España", Fernández Mato, por mediación de outro amigo, ofreceulle o posto de Redactor-Xefe do "Povo Gallego". El impuxo as suas condicións que lle foron acetadas nun telegrama que me ensinou a min, pero ao chegar a Vigo parece ser que atopouse con que o posto estaba xa ocupado por Montes. E xa non tiven máis noticias.

Da Causa teño boas impresiós e novas esperanzas. Parece que se ten producido en todos (¡xa era tempo!) unha pequena sacudida de espírito e xa se anuncia a reaparición da nosa querida revista "Nós" imprentada na Cruña e de unha nova noveliña mensual "Libredón" que sairá en Santiago. En troques os de "Lar" non dan sinais de vida.

Che darei outro día a miña opinión encol da carta do Leuter. Agora só quero dicirte que o meu irmán Enrique sairá mañán 4 ou no 5 pra Galicia por asuntos de librería e en viaxe de recreo aproveitando as suas vacaciós.

Non deixes de sair á estación.

Recibe unha forte aperta do teu irmán e amigo

Cortón (Lois)

1 de Nadal de 1924

Pra Fermín Penzol

Moi querido amigo e irmán: Non respondín á tua denantes por ter estado doente. Foi un pouco de gripe, pro xa pasou.

Celebro infinito que voltedes a xuntarvos. A todos unha forte aperta e un garimoso ¡Terra a Nosa!

A carta que recibíu Cortiñas é a mesma que recibín n'Ourense. Respondeulle Risco. Eu non puiden firmala nin sei o que di por non poder ver ó Risco en Quereño á volta de Salamanca polo mal tempo.

¿Qué penso? O que ti, o que pensan todol-os bos: é preciso reorgaizarnos, sexa como sexa. O millor paréceme, por mor das circunstancias, constituírnos en asociación segreda, firmando un compromiso individual e con un Xefe enérxico e que todos debemos obedecer, sobrepoñendo o Ideal a todol-os persoalismos, orixen e causa da nosa situación actual. I-o que non queira iso que fique donde está.

Prestar a nosa axuda económica e literaria a todas as publicacións galegas.

D'isto somentes deben ser sabedores aquelas persoas de verdadeira confianza. Sei que hai moito medo que en parte está xustificado pola vixilancia a que estamos sometidos. A mediados d'este estarei n'Ourense e podía ser que a primeiros de xaneiro un de nós vaia a Vigo, Pontevedra e máis Santiago pra falar con todos e chegar a un acordo. Eu conto con vós pra todo o dito? Penso que sí.

Sempre que d'isto fales a alguén, pénsao denantes, e si escribes recoméndalle o que eu te recomendo (non por medo, sinón por ben da causa): *queimar as cartas*.

Ben. Agora pídivos, como irmán, prestedes axuda á "A Nosa Terra" (única publicación que eixiste) no senso que máis arriba deixo dito. Nós estamos mandando un peso mensual e dende agora terá colaboración constante. Sei que andan mal de cartos e de colaboración...

Leuter

Irmao Fermín Fernández Penzol
Madrid

Distinto irmao: Moi tarde chegou a sua ó meu poder, e moito máis tardei eu en contestarlla. A causa foi a seguinte: cando recibín a sua, moi estimada, deixárase de publicar "Terra" que morreu, dunha parte por falla de colaboración dos nosos irmaos da Terra —quedan a salvo deste o irmao Xulio Prieto e o Florentino López Cuevillas, que en tódolos momentos nos prestaron a sua axuda— e de outra parte a indifrenza dos galegos d'América, que son unha calamidade e non prestaron ausolutamente axuda ningunha e chámolle axuda neste caso ao pagar as suscricións; poucos, moi poucos foron os que o fixeron, unha pena, ficanos o consolo de que a inteleutualidade arxentina se ocupou de nós e do galego.

Agora ben, eu tiña o propósito de sacala novamentes, esquirbinlles aos que podían colaborar e non recibín carta algunha. Teñen medo, eu compréndoo, mais debían de valerse de algún medio. Eu hoxe sintome arredista completamente, estou en relación cos arredistas cataláns de Francia e d'aquí e xa que a nosa Patria seica sigue durmindo, estou disposto a dar o meu sangue pola liberdade de Catalonia porque coido que así espertará a nosa Terra, e será un longo adianto.

Como eu non vivo en Bós Aires que ando viaxando polo norte da República polas zonas algodoneira e de bosques adicándome ao acopio de coiros, algodóns, prumas e demáis, baixo de tarde en tarde á Capital e isto é o que me fai estar quedo aínda; mais teño o proieuto de sacar unha revista trimestral do tamaño dun libro, e si non colaboran os da Terra publicar as obras clásicas galegas non coñecidas ou pouco coñecidas, pra o que tamén preciso axuda dos de ahí, mais xa non é tan directamente nin de compromiso, e coido que accederán a isto que sería traballo únicamente de indicar as obras e eu pagarialle os gastos e demáis traballos de conqueras.

Si ahí houberse algún movemento non deixen de avisarme e contar connigo pra todo. Son probe mais o pouco que teño da Terra é, e o día que a Causa o precise pra ela vai, ademáis aquí podo conquistar, anque poucos, algúns cartos.

Nada máis, unha forte aperta do seu bó irmán na Santa Causa da Terra.

Ramiro Isla Couto

TERRA A NOSA!!

Ourense, 30-Xaneiro-1925

Amigo Penzol: No meu poder a tua derradeira que recibín n'Ourense, donde me atopo pra non voltar xa a Villar.

O viaxe de que te tiña falado nono fixen por moitas razóns. Unha d'elas, a principal, porque o Estado non me pagou hastra

mediados d'iste mes e andaba mal de cartos. As xentes, estou seguro, responden a todo o que se faga. O ouxeto do viaxe era ver a maneira de asegurar pra sempre a disciplina de todos, pol-o xeito que ti conoces. Iso é o que fica por facer. Imos á vosa iniciativa.

Xuntos os d'eiquí, din leutura á tua carta. A vosa idea pareceu a todos ben. No instante fixose unha nota co-a intención de que o senso d'ela o metera na miña resposta. Eu, pra que vexas o xeito de pensar de todos nós, voucha dar íntegra. Dice así:

"Posto que vós tomáchedel-a iniciativa, ben está. Compre non esquencer que tamén a tiveron os de Viveiro, pol-o que conviría que lles escribírades axiña dicindo o que vós propodes e preguntando o resultado da sua carta.

Tocantes a nós, os d'Ourense, achámonos dispostos a secundar os tres fíis propostos por vós, e acatarmos pol-o tanto a quen se queira pór ó frente —ou as ispiracións do grupo que se forme en Santiago— ou, porque non sodes vós mesmos o grupo dirixente? —até o instante en que se poida ter unha xuntanza ou asamblea xeral que dispoña outra cousa (estamos dispostos a nos comprometer solenemente e co-as garantías que se pidan).

Autro si, propomos, posto que sabedes as nosas relacións co "A Nosa Terra" —relacións que sosteñen os millores de Santiago, como Bouza Brey— que si vos parés, fagades tamén a Irmandade da Fala e máis o agrupamento de Ribadeo, como os demáis, pra entrarmos todos en xuntanza e desapareza o arredamento pra sempre.

No caso d'esto parecervos ben, porque, en troques de volver sacar "Rexurdimento", lle non adicamos todo o esforzo a "A Nosa Terra" pra que volva ser o que algún tempo foi?"

Iste é o modo de pensar de todol-os d'eiquí. Así o fixen saber diante de todos. Pro o que non dixen alí por temor a ferir susceptibilidades, e que a ti non calo, agardando non dubides un instante da sinceridade que ó faguelo poño.

Ti ben sabes que pra min, como pra todo bo nazonalista, a Ideia está por riba de todo, non somentes da meirande amizade, sinón da mesma familia. Pois ben, si soupera que Risco fora ou era un mal irmán, pra min sería un mal amigo. É posíbel que haxa quen pense que a nosa convivencia a cotío sorprenda a miña boa fé. Pro, non será isa mesma convivencia a que me dé máis autoridade pra xuzgar o seu labor i-o seu nazonalismo? Non esquecias a preferencia que ante min ten o irmán sobor do amigo. Ti, como eu, sabes porque foi á Diputación. Ninguén pode pensar que fose por medro político, si sabe que en nome de García Prieto, na sua derradeira etapa política, lle foi ofrecida, indo como nazonalista, unha autá de diputado; autá que non aceptou. E sei que agora mesmo fixéronselle pol-os autuais, proposicións de índole semellante, que mereceron a mesma resposta. A sua labor na Diputación enaltece máis a sua personalidade nazonalista. En fin, si detallara tiña pra moitas cuartillas. Non se trata d'iso.

Estou conforme en que Risco, como os demáis conselleiros, fracasaron na dirección. Por iso apoyei a nota citada. E por iso il mesmo, na xuntanza de Santiago, fixo saber o seu desexo de re-

nunciar ó cãrrego; sei, ademais, que tiña mentes de o faguer na primeira xuntanza que se celebre.

Mais, e isto é o que non dixeran alí, hastra que punto nos conviviría o cambio de xefatura? Non será un perxuicio prá Causa? Fíxate que ista ten que levar unha nova orientación; que mañá o noso arredamento político non pode susistir, e que pra iso non temos forza, que é preciso adequirir sexa como sexa. Hase vistir o zorro de galiña pro sempre queda o perigro de que logo prefira quedar ó quente do curral. D'iso temos visto moito. E n'isto respondo que Risco é unha garantía. E aínda máis. Soupen hoxe por boa tinta qu'entre os agrarios xógase o nome de Risco prá sua xefatura. Non sei cales serán os resultados. Mais, sabendo como il pensa, e conoscendo a sua teoría sobre o agrarismo, como concen e saben, non é iso dunha gran importancia?

Podia ser que coides ista unha herexia: penso que Risco debía seguir na Diputación. Si non poder ser, espulsémolo coma nazonalista, que il hastra iso consentiría pola Causa, pol-o noso trunfo. A primeiros de ano quixo dimitir i-eu pidinlle non-o figuera hastra máis adelante.

Agardo con impaciencia a tua resposta, que será o sentir de todol-os irmáns d'esa. Non esquecias, como xa deixo dito, sométome ó que acordedes, inda que coído non estou moi descamiñado.

Tede coidado, cando vos dirixades ó Seminario non-o fagades no senso nazonalista; pódelles costar un serio disgusto. Ten nemigos moi fortes. Non fai moito un catedrático, o Sr. Bustamante, fixolle moita campaña e están á caza da primeira ocasión...

Leuter

PRÁ MOCEDADE NAZONALISTA DO SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS

Queridos irmaos: A vós nos diriximos, somos un fato de rapaces que desde fai anos ven sostendo decote a bandeira da Santa Causa n-istas terras, n-agardanza que acolleredes co agarimo istas sinceiras liñas inspiradas no degoiro d'un deber.

Ollade... O que tanto traballo costou, o que tantas ledicias nos deu, o que nós coidabamos tiña fortes raigames, pol-o chao caíron como sinxeliñas follas guindadas pol-o furacán... ¡Só a lembranza!

Laiámonos acorados... Aos nosos laios de carraxe e xenreira, só chegaron como xustificante do sucedido istas verbas... Se non pode faguer nada... Hai que agardar tempos millores...

Sentindo o Ideal co-isa rebeldía que somentes aniña nas almas mozas, sin lixos nin cobizas, non podíamos acougar con verbas valeiras de todo azo baril.

E orgaizámonos, co nome de "Mocidade Céltiga", coidando en todo tempo se pode faguer algo, que é de necesidade seipamos quenes somos, onde nos atopamos, pra cando cheguen ises tempos millores.

Os nosos principás fis son:

1.º Xuntar, orgaizar, á mocidade nazonalista da Terra e vei-o

xeito de fundar en San Tiago un grupo escolleito que se poña ao fronte d'ela.

(Fixádevos que todo o conquerido pol-os catalás xurdiu do Centro Escolar catalanista, orgaizado por Prat de la Riba cando era estudante e que d'el saíron case que todol-os persoeiros que hoxe ten o catalanismo).

2.^o Espallar a semente do Ideal (verbas de Vilar Ponte) no corazón dos mozos que "aínda non teñen voto" e na i-alma virxe dos nenos que "han tardare moitos anos en telo".

3.^o Axudar en todol-os ordes ao Sem. d'Est. Gal., xuntoiro de homes que soñan n-un porvir lonxano da Patria, vieiro lumioso d'unha mocidade d'estrelas que traballa capacitándose pr'á loita do alén.

E lembrámonos de vosoutros, dos que no seo de ese Sem. d'Est. Gal. vides a cotío dando mostras de fe nazonalista. Por si nos quedades axudar na meirande ofrenda que n-estora podemos faguer ao noso meirande amor: Galiza.

(A de xuntar a súa mocidade, hoxe illada, nunha apreixada irmandade).

De vosoutros e da Causa.

Firman: *Fermin F. Penzol, Jesús Carracedo, Lois Cortiñas, Lois Cortón, Ramón Rodríguez.*

Xaneiro de 1925

PRA A "MOCEDADE CÉLTIGA" DE MADRIDE

Irmaos:

As vosas verbas xurdias fono un novo azo pra os nosos traballos e un pulo novo prás nosas arelas de redenzón.

Ben coidábamos que o noso cativo esforzo tiña de sere insospeitadamente fecundo nos galegos bós e xenerosos. Con ledicia acollemos as vosas novas e regraciámol-os vosos ofrecimentos.

O Seminario ben facendo un labor calado pol-o rexurdimento da Ideia e, hoxe máis que ningures, fai falla o seguimento da súa vontade, enxebre sempre e do máis outo galeguismo.

Emporiso fai falla tamén que os galegos, seguindo o voso eixemplo, se xungan carón seu pra ateigar as arelas que sinte.

Quere unha Universidade tal que a soñara Viqueira: froitosa e galega.

Quere unha cultura galega ceibementes desenrolada.

Quere leval-a nosa cencia por vieiros afastados dos que ata agora seguínose.

E nós, os escolares composteláns, que sentimos o que vós sentides, os que estamos xunguidos por un sagro xuramento de amor á Terra guidamos a ourentazón do noso centro cara a Causa pra que, cando os tempos sexan chegados, topen moligado o chan das i-almas e verdescente o piñeiro das sagras revoltas.

A nosa orgaización está perto de escomenzar e, cando os requisitos legais sexan cumpridos, denantes cicais d'un mes, poderemos pórnos, xa que eisi o pide a Terra, ó frente da nova mocidade.

Eisi ista vella cibdá compostelán que xa xurde do seu sono de

pedra voltará a sere o peito afervoado dos movementos redentores.

Nós percuraremos chegare ás i-almas sinxelas que os vezos antigos non poideron abranguer e xuntar os vellos valores na quentura do amor á Terra i-esterrexer o chan de Gael nun berro baril de liberdade.

Irmaos: canto eiquí fagamos por encher os vosos degaros —que son os nosos— serávos dito; coidamos que cedo tornará a erguerse o guindado e que enriba dos sartegos do Apóstolo e da Nai Rosalía escintilará a estrela da liberdade que apreixe ós irmaos todos da Santa Galiza.

Firmado por: *Fermin Bouza Brey, Julio Cordal Carús, F. Balboa, Ramón Martínez López, Xavier Pardo, José Filgueira Valverde, Joaquín Sobrino, Julián M. Magariños Negreira, Lois Tobío Fernández.*

1925

23-febreiro-1925

Querido amigo e irmán Leuter: El che mando a nosa resposta á vosa nota. Ademáis da nosa iniciativa hai outras duas, a do grupo de Viveiro que ten os ollos postos n-antiga "I.N.G." e a da Irmandade da Fala que quer xuntar a tódolos nazonalistas, non sei como, pois a única notiza que temos é de que onte tiña lugar na Cruña unha xuntanza pra tratar d'elo.

Ningunha d'elas aseméllase á nosa. Nós traballamos por orgaizar unha *mocidade independencista*, que non teña necesidade de xefes senón de mestres, que traballe pra se capacitar e poder pór o día de mañán o seu grao de area na creación dunha cultura arredistamente galega...

F. Penzol

PRA O GRUPO NAZONALISTA DE OURENSE

Respondendo aos puntos de vista da vosa nota derradeira, cuio senso íntegro o irmao Salgado nos comunicou, nós crémonos obrigados a concretar máis, pra faguer desaparecer calquer trabuemento de interpretación, os fis que nos propomos ao agrupar n-unha orgaización disciplinada á mocidade nazonalista de Galiza.

Compre ter en conta que a nosa iniciativa se non asemella a ningunha outra, e que nos diriximos non ao Seminario d'Estudos Galegos, senón aos rapaces nazonalistas do Seminario.

O noso fin principal e cuase único n-estas datas anormaes porque estamos pasando, é o de apreixoar nun bloque rexo toda a mocidade nazonalista de Galiza e evitar d'este xeito a sua disgregación ou disolución total como valor moral futuro, unificándoa n-unha acción común pra que no día de mañán s'atope aínda en pé a única forza positiva con que conta pra o porvir Galiza e a única esperanza aínda viva pra levar a cabo a nosa obra redentora.

A plausíbel e animosa labor d'algús rapaces do Seminario, suxeriunos esta idea e a iles fómola propór.

Tencionamos pois: constituir en Compostela a carón da Universidade e do Seminario d'Estudos Galegos, unha "Mocidade" con local e c'un órgano de publicidade, sostida por todol-os rapaces nazionalistas espallados pol-a Terra e por fora d'ela, e que alente e dé azos ao labor de cultura galega xa escomenzado pol-o Seminario e sexa vieiro aloumiñador dos "que inda non teñen voto" e dos que "tardarán moitos anos en telo".

De non sere así, nós desestiremos dos nosos propósitos, pois non nos achamos capacitados nin con autoridade d'abondo pra outra labore.

Mocidade Celta

Betanzos, marzaí 21 do 1925

Querido Penzol:

N'é verdade que é unha vergoña non faguer nada?

O outro día houbo unha xuntanza na Cruña da que lle din noticia ao Cortón nunha postal, pero como non sei si saberedes algo encol disto direiche que foi un intento de unión das Irmandades da Fala e da I.N.G.; pensamento que fai tempo teñen no miolo os da Cruña. A xuntanza fracasou e non chegou siquera a celebrase, e o Cortiñas que fol alá veu admirado da forza da Irmandade pois houbo unha señora ou un señor que deixou en herencia unha casa que renda sesenta duros ao mes (casa que inda disfrutará pelo d'agora en usufruto unha irmán do dito señor) e ademáis había telegramas de Cataluña e de Euzkadi que falaban da Triple Alianza.

O Cortiñas tamén faloume de que entre cinco a peso, por mes e por barba, estábades facendo un fondo. Eu intentei faguer a I.N.G. de Betanzos mais hai que refaguela de novo pois nos Estatutos das Irmandades da Fala, que foron os únicos que rixeron hastra o de agora teríanse que faguer modificaciós. E xa que falo disto heiche decire que tamén procurei indagar si a primitiva Irmandade da Fala de Betanzos continuaba existente no Rexistro do Goberno Civil pois de sere así tería un conselleiro ela sola no Concello de Betanzos; e inda que eu nunca fun partidario da orientación política, xa que viña tan a man n'era bon deixar marchal-a ocasión.

Pois eu non fun á xuntanza citada, da Cruña, por dúas razóns: a primeira porque sopuxen que non virian os da I.N.G. (Risco, Castelao e compañía) y eu considérome afiliado a ela inda que non sei si existe; e a segunda porque a convocatoria tiña pouco de atractiva, pois sin dare razón do que iba ser ouxeto da reunión nin cousa algunha, viña a concluire que eles pagarían o hotel e apurando pra que foramos e nada máis.

Precisamente istes días anda polos xornais a custión da Mancomunidade catalana e do Estatuto provincial. Eu como non leo os boletís non me entero de nada, e inda que a cousa é de importancia secundaria pode que teña repercusión na nosa opinión; non hai que esquecer que hai aquilo de que "acción é igual e contraria á reacción" e todo o que lles fagan ¡apuradamente! non é máis que botarlle leña ó lume. Máis de lamentar é a morte do Arcebispo de Compostela que de continuare na Sede inda pode que tivera grande impulso o galeguismo. Con motivo da chegada a Es-

paña do Equipo Nacional Argentino de foot-ball o *Debate* de Madrid dixo que si os *equipos de provincias* non debían xogar cos nacionais porque era desprestixiar o foot-ball español; e os periódicos da Cruña todos indignados contestaron defendéndose e poñendo verdes ós madrileños e a Madrid e seique hastra lle chamaban imbéciles o cual foi comentado e secundado pelo público, e inda que sea respecto ó foot-ball é ista unha manifestazón na que non cabe dúbida que se manifesta o sentimento popular que ó meu xuicio está hoxe máis que nunca ó noso lado. E xa que me dou agora polos boletís, o outro día caeu nas miñas más un número de *Galicia* de Vigo e aledoume moito ver que nun xornal tan bon (co que ningún da Cruña se pode comparar) houbese unha caricatura de Castelao co pé en galego, un comentario de Risco ó derradeiro traballo novelístico de Correa Calderón tamén en galego, e inda outro traballo sobre nazionalismo, mais, iste en castelán.

Como agora estudio oito horas ó día non teño noticias nin tempo pra escribir e esta é a razón porque ista carta comenzeina fai moitos días e inda a fino hoxe.

Unha aperta cordial do teu bon amigo

Joaquín Peña

Abril 7/925.

Ourense, 22-III-25

Amigo Penzol: Fai un instante que recibín a tua e non me demoro en respondel-a, pois de tardar algo máis é moi fácil m'esqueza, cousa que me acontece con moita frecuencia.

Moitas gracias pol-as aclaracións que me fas na tua derradeira. Agardo non teñas pensado que ó inquirir que o figuras, me moveu outra cousa que o desconocemento das ditas verbas.

Respeito ó do Risco nada hei de decir. Agora ben. Convén non esquezas que a miña carta é *somentes miña*, e que polo tanto non están acertadas as tuas verbas ó decir que "se deixe de xefaturas", posto que ise era i-é o seu desexo. Non penso sexa preciso insistir sobre isto. E si é verdade que a tua dame pé pra unha longa resposta, non-o hei de faguer por unha razón somentes: os traballos que tedes comenzado. De ningunha maneira quixera ser un atranco no camiño por vós comenzado. Quedo n'unha veira en agarda de que me chamedes a formar como o de sempre, disposto a obrar obedecendo. Non esquezo que por todo i-ante todo son galego arredista.

A todos unha forte aperta. Teu decote.

Leuter

23-VIII-25

Querido amigo e irmao: Ahí polo día 8 ou 9 mandeiche os "extraordinarios" dedicados ó Día de Galicia polo "Pueblo Gallego", "La Región" e o "Faro". Supoño que os terás recibido.

As aclaracións que na tua me dás deixáronme moi satisfeito e fixéronme ver claro o artigo de Vilar Ponte. A miña xenreira pra este xornalista xa sabes como naceu (un mal proceder n'unha cuestión que, deixando á veira o lado persoal, tiña algo que ver coa Causa); pro xa acabou dende agora. Cando ti sales fiador da sua boa fe nazonalista, xa se pode crér n'esa boa fe, i-esto é o principal; o demáis é "pecata minuta". Farasme a xusticia de apreciar que non digo esto por gabarte. Deixando a un lado outras consideracións, estou verdadeiramente admirado de cuanto sabes d'estas cousas; non parece sinón que te propuxeches recoller datos pra facer algún día a historia do movemento nazonalista, obra esta, por certo, ben interesante, pra deprender a separar as persoas das ideas, pois o trabucamento das duas cousas paréceme que ten sido causa de constantes erros.


Estamos de acordo encol da necesidade de un partido ou mocidade autonomista. Eu non tiña ouvido falar de ise intento de "mocidade liberal autonomista" mais paréceme de unha grande oportunidade, sobre todo porque poderia servir pra dirixir por un vlieiro galeguista (que xa sería algo) ós liberales todos da nosa Terra, que teñen que estar arelantes de moverse n'estes tempos de tan fonda crisis prá Libertade, como feito e hastra como conceuto.

Agora ben. Eu penso —con pesar— que esta orgaización é prácticamente imposíbel ou, polo menos, moi difícil; e todo por esa maldecida confusión antre as ideas e as persoas. Porque o "liberal-autonomista" tipo paréceme difícil de atopar; os que abundan son os liberales-nazonalistas, con ese conceuto de nazonalismo encerrado nas liñas d'esa folla da Mocidade Céltiga, que é o meu "nazonalismo" (nazonalismo doutrinario, cultural). Cecais os únicos liberales autonomistas son os que non son nin unha cousa nin outra, ou sea, os desacreditados, os tales M... e P... e demáis pandillas. Si son estes os que orgaizan, naide os seguirá, porque naide debe seguiilos. E os outros, os nazonalistas, ou se contentan con ser nazonalistas "pasivos" nada máis, ou queren acercarse á realidade (pra vencela, pra domiñala ó seu pensamento, non pra deixarse luxar por ela); pro o caso é que estes segundos non se moven tampouco, e cecais non se moven porque temen que os xuzguen o mesmo que ós P... e Compañía. Fai falla unha fórmula, e a min ocúrreseme, de momento, que poidera ser esta: de un lado os nazonalistas todos, entre eles, si os hai, os nazonalistas a secas, con orgaismo parecido ó do Seminario —que poidera ser o "Seminario" mesmo—; e de outro lado, os *nazonalistas* liberales ou realistas, con un "programa" liberal-autonomista, que sería programa mínimo no orden político (non pra buscar, axiña, deputados) e bandeira pra enrolar a todos os sinceiros amantes da Libertade, candidatos, cecais, a nazonalistas puros.


Fálame d'esto, pois ti has de ter un criterio máis seguro. ¿Viches o primeiro número da 2.^a tempada de "Nós"? ¿Saiu xa o boletín de Vilar Ponte?

Unha aperta forte de

Cerdeiriña



Un balcón da Casa de Castropol, ao que tantas veces se asomou o bibliófilo para contemplar esta paisaxe.



Unha vista da ría de Ribadeo, coa vila tan querida por Fermin Penzol,
ao fondo

Sr. Fermín Fdz. Penzol. Ponferrada

Querido amigo Penzol: Finando xa o vran e temendo que haxas rematado a lua tempada de vacaciós, respondo á letra que tiveches a atenzón de me escrever o 28-VII.

Agradecín as noticias mineiras que, pol-o que ollo son de parálisis compreta.

O irmao Paz Andrade me mandou as adxuntas follas. Inda que te supoño en correspondenza con il, déixochelas por si atopas suscritores de aiciós entre os nosos amigos. Eu non poso faguel-o pois salirei de contado para Francia a donde che prego me mandes noticias de vosas xuntanzas de este inverno.

Paz Andrade me di que lle comunique o que pensamos sobor do novo partido liberal-autonomista en formazón. Xa sabes que miñas opiniós políticas están valeiras de valor que non sexa o muito subxetivo valor dado pel-o criterio individual. En tertulia de amigos, tomando café, cada un ten o dereito de expor as suas opiniós sobor todo o divino y-o humano. É unha das expansiós propias da amizade e máis un estimulante do espírito. Pero non quero responder nada ao director de "Galicia". Farás o favor de encarregarte ti, que eres o eixo do noso grupo.

Non-o creerás pero penso que é esta a hora máis indicada para faguer algo en Madrid pol-a causa galega. Me expicarei na próxima. Tamén penso falar disto con Cortón.

O vran foise. As noites son muito frías, mais temos unhas fermosas tardiñas de paseo. Os teatros comezan a atraer público e verdadeiramente non dá vontade de sahir agora de Madrí, que voltan das praias as señoras tan ben vestidas, faguendo a lexítima importazón de modas e perfumes extranxeiros. A Corte faime o efecto d'unha aldea de Castela donde pasara tempadas unha colonia europea. Te non quero cansar máis pol-o d'hoxe, pero non estés tranquilo. Cando menos penses voltarei a escreberte longamente distraíndo o teu tempo do estudo das leises. Unha forte aperta.

Jesús Carracedo

A Cruña, 26 d'Outono de 1925

Sr. D. Fermín Fernández Penzol

Querido e distinto irmán: En Viveiro me tiveron detida a sua carta moitos días. Cando m'a enviaron á Cruña, estaba eu en Lugo, onde fora de mantenedor da Festa da Poesía Galega e de congresista do Congreso de Economía Galega. Agora, xa con vagar, doulles resposta ás suas liñas, realmente interesantes. Con tanta maor razón, canto que hoxe o irmao Mosteiro me dixo que tiña unha carta sua na que facíase relación a min.

Eu, axudado pol-o Cebreiro, tratarei de recadar canto poida do inesquecente finado Porteiro. E facereino con verdadeiro amore,

non só pra servir á Causa, senón porque Porteiro por min viñera ao nacionalismo. Respondera á miña chamada —porque xa antes se fixera amigo meu debido a unhos favores xornalísticos que me pedira— c'unha carta, cuio estrauro pubrico na segunda edición do meu folleto "Nacionalismo Gallego" que, según sabe, foi o xermolo das "Irmandades da Fala". O estrauro d'esa carta que din a lus espresa a primeira manifestación galeguista de Porteiro. Logo, fundou a "Irmandade" en Santiago, a segunda das galegas; a primeira foi a da Cruña, e xa xuntos traballamos sempre deica a morte —mala morte ruin— nolo levou. As memorias interesantes que hoxe si vivira podería facer colaborando conmigo, encol dos arrivistas que viñeron a nós cando nos viron en *entente cordiale* c'os da Lliga de Cataluña! A nosa intimidade foi fonda e nidia coma d'irmáns verdadeiros.

Eu conservo moitas cartas particulares suas, que cicais premintan *sacar* algo d'elas. Pro o labor de escolma de canto escribíu, non ha ser moi doado. Anda espallado pol-a "Nosa Terra", "Nor-oeste" e outros xornaes e boletís. Intentarémola con todo. E intentarei unhas liñas miñas encol do Porteiro íntimo. Pedireille outras ó Quintanilla e ó Risco, como vosté desexa. Buscaremos tamén retratos ou caricaturas de Porteiro e Viqueira.

Xa veu as declaracións do Primo encol do rexionalismo que xuzga antipatriotismo? Fixen un artigo encol d'esto pra "Galicia" de Vigo, que non sei si o autorizará a censura, inda que lle dou a razón ó *ditador sarxento* e lle denunció a Academia Gallega, o Seminario d'Estudos Galegos, os Coros, os homenaxes a galeguistas e poetas mortos; coma cousas perigosas porque fomentan o amore rexional.

Na Festa de Lugo acentuei a nota liberal e antidirectorial. E sin andare con arrodios. Por certo que me pasou unha cousa dina de ser contada. A tarde da festa chegou a Lugo de súpeto o Martínez Anido. O gobernador, amigo particular meu, chamoume pra me preguntare se pensaba falar en estridente e en antidirectorial. Dixenlle que sí. El advertíu entón que mo preguntaba porque tiña desexo de levar á festa a Martínez Anido pra lle dare máis releve. E eu repuxen: si vai Martínez, non falo. E non por cobardía, posto que poderían pasar dúas cousas: ou que me mandase calar ou que se retirara. Ambas de recramo xurdio pra min. Senón por costarlle un disgusto ó gobernador amigo. Entón prometeume non levar ó Martínez Anido. E cumpríu a palabra. Todo Lugo se decatou d'esto e conquerín, polo mesmo, moitas simpatías e algunhas xenreiras. Falei canto me petou, e falei en galego. Agora invitáronme a dúas conferencias: unha en Caldas de Reyes, n'un centro obreiro e outra no Liceo d'Artesanos de Pontevedra. Nos dous sitios farei propaganda do noso santo credo. Como fago a cotío nos xornaes.

En troques, non sei cando poderei editar unha obra miña encol do nacionalismo, que coido habería de ser fecunda, porque vai feita en xeito evanxélico e mesiánico. Inda que non se nos obrigue ós nacionalistas a estarmos calados un cuarto de século como di Primo, algún tempo pasará sin que poidamos esteriorizar radicalismos. Mas ¡quen sabe! Se non aquí, e con nome suposto, nas

Américas habería posibilidade de publicación. Xa temos que apelar a todo.

Con Risco e Losada Diéguez que foron ó Congreso de Lugo, falei das nosas cousas. O Risco está algo atado, porque como son tan bárbaros os que mandan, teme que o deixen sin o seu único medio de vida: a cátedra. O Castelao, pol-as suas ataduras á praza burocrática de Estadística, ocúrrelle cousa semellante. Eu, pol-a miña parte, Deus sabe que fixen o posibre para sere dinamente encarcerado ou desterrado. Cando falo en público censuro o Directorio. Cando escribo, metade do que escribo, queda no peine do lápiz bermello. E nas crónicas d'América exprésome franca e rudamente.

O Partido Liberal Autonomista Galego, ou ha ser cousa ben feita ou non se facerá. Encol d'esto tamén cambiei impresiós co Risco. Camiño, no respesite a eso, con pés de promo, inda que centos de rapaces me esperan pra que o constituamos axiña.

Xa sabe da morte do probo D. Florencio Vaamonde, home todo enxebre, ateigado de cultura, bó coma o bó pan, que a min queiriame co'a i-alma. Morreu dinamente: lendo, ou facendo lér, a sua derradeira obra inédita, unha noveliña galega nomeada *Anxélica*.

Meu irmán Ramón, está dando remate a un compendio de Historia Galega, que sin ser unha obra definitiva, nin moito menos, é a primeira Historia seria, centífica e moderna que teñamos, base pra cousas meirandes. N'ela non ten acollemento a pantasia. Son os feitos, escrupulosamente escolmados que falan de seu.

Agora, como nunca, é o momento de que nos estreitémol-os bós e xenerosos por riba de todo. Eu non vexo xa arredor de min, senón os enemigos da Galiza. Os que poideran ser enemigos persoas meus téñoos por amigos na causa. Hai que esquencer persoalismos, en aras da Terra, que cubizamos ollar ceibe. Pol-o tanto non negarei meu cativo esforzo a cantos o requiran pra ben da Patria.

E máis nada pol-o d'oxe. Lembranzas ós admirabres irmaos Cortón e ós demais correlixionarios. Lévoos na i-alma a todos. E a vosté lle envío unha forte aperta.

Antón (Villar Ponte)

A bordo do Ytuzaingó, 7-X-1926

Irmán Fermín Fernández Penzol

Moi querido irmán: Aproveito as horas de vagar que o viaxe pol-o río Paraná arriba cara o territorio de Misiones me deixan para escribir, inda que sin comodidades debido ao forte calor que fai por ista zona, ós irmáns que, como ti, lles debo os milliores momentos que paso no desterro, pol-as cartas, verdadeiros oasis n-este deserto, que recibo e que me fan vibrar as máis sensibles cordas do sentimento e a saudade da Terra.

Na miña derradeira dába-che notiza do estado actual do nazonalismo n'estas terras; coido que fun demasiado pesimista, pois a pesar das contrariedades que un sofre por non ter persoas que

o secunden como un quixera, ollarás na miña carta que hai loita, e ista, si non é toda encarada do xeito que un deseara, hai que recoñecer que é unha realidade; pois os mesmos que loitasen e falasen do nazonalismo para desvirtualo non fan máis que darlle vida, e iso é moito.

Eu cheguei a iste país no Nadal de 1922, si ollades os xornás galegos d'eiquí d'antes desa data, salvo dous artigos que publicou o director do "Correo de Galicia" José R. Lence —que mandou dende Galiza cando fixo unha xira por ahí no mes de setembro de 1922, nun deles referíase ao banquete que lle deron a Asorei en Cambados—, non atoparedes nada que se refira a algunha das manifestazóns nazonalistas, idea, homes, fala, etc. Contos de Rodríguez Elías e outros pol-o xeito, si acaso nunha data determinada algunha poesía de Curros ou Rosalía, nada máis. Chego eu con unhas credenciás do Risco autorizándome a formar un grupo nazonalista, e ademáis con un cargamento de libros: 80 "Abrente" de Taibo; 20 "Doutrinas" do irmán Ramón Vilar Ponte; 200 "Teoría do nazonalismo" do Risco; 500 "Ollo de vidro" de Castelao, e ademáis números de "Céltiga" en grande cantidade. O que quixo e o que non quixo oíume e levou libros. Eu non son orador nin o fun nunca, mais a fe, o sentimento todo alma e corazón posto ó servizo da Causa fíxome falar nun mitin de protesta que se celebrou —orgaizado pol-a Federación de S. G. A. e C.— cando as vítimas de Guillarey, e fun o primeiro que, en medio das protestas do público, falou en galego nun auto que se lle daba carácter político; e coído que foron as primeiras verbas nazonalistas galegas que se meteron nos ouvidos dos paisanos ali reunidos. Logo, a saída de "Terra", que si teño un soio que me axudase houbera seguido saíndo, pois casi a turraba gratis, pol-os avisos; a proba é que non se cobrou un recibo de suserizón, salvo 37 do interior que remitiron os cartos.

D'esa data até hoxe, vai faguer catro anos, chegamos a que se preocupen e disputen a hexemonia ou millor dito a dirección do movemento eiquí, así que coído que xa é algo, anque non todo o que un desexaría; agora, coa boa nova que me dás da orgaización da irmandade vanse desgarrando as trevas en que eu estaba ollando xa envolveita a nosa obra, e ista fenestra que se abre deixa entrar xa ós nosos corazóns o sol, que é quentura e entusiasmo, e daralle vigor ós membros entumidos pola longa inmovilidade.

Novamente escribíreille a Xavier Pardo, mandándolle máis datos de que fago memoria, e ademáis unha declaración xurada de renunciamento a toda clas de política e Patria que non sexa a nosa pra mentras viva.

En canto chegue a Bos Ares enviareiche o número de "Céltiga" do Día de Galiza e os números de "Terra" que me pides, tamén che enviarei todo o que atope de intresante en outros xornás.

Como che decía na miña derradeira, "Semente" vouna turrar axiña chegue a Bos Ares, que será pra-os días 20 ou 25 deste mes e vouna a espallar gratis; logo seguirei turrándoa cando poida. Terá unhas 16 pxs. con dibuxos e graburas; o aspecto será moderno e si conquerirades colaborazón, que sexa o máis curta posible, a maneira de estilizacións, pra evitar o outo costo, e ademáis pode figurar unha cousa boa e chamativa. Eu conto coa

axuda do dibuxante galego F. Lamas Barreiro, irmán que procede da I.N.G. de Ourense, mais como é o encarregado da publicidade da Paramount Films ten un traballo condanado tamén, e non pode faguer máis que antre horas algún dibuxo que se lle pida.

Si houbera tido datos de abondo adicaría iste número a faguer unha escolma do que os estranxeiros teñen falado dos nosos homes, mais non teño máis que os que me pode proporcionar a selección "Os homes, os feitos, as verbas", de NÓS, e coído que se terá dito moito máis. Así que hai que deixalo pra máis adiante. Vou meter avisos de todol-os libros galegos que teño pra vender e anunciar os que están pra sair e en porparación que eu teña notiza.

Conseguín unhas direicións de galegos residentes no Brasil a quen me vou a dirixir; xa o levo feito moitas veces e sempre sin resultado, veremos si desta vez calla. A Chile dirixinme tamén en moitas ocasións e tampouco callou, e xa ves, cando un menos imaxinaba apareceron "Os Enxebres".

Teño moi presentes os teus encárragos.

Nada máis, recibe unha saudosa apreixa do teu decote teu e da Causa.

Ramiro Illa Couto

Compostela, 23-XI-1925

Sr. D. Fermín F. Penzol

MADRIDE

Meu irmán Penzol:

Unha carta de Cerdeiriña faimo sabere con fondo delor, que vostedes teñen perdidal-as esperanzas de sere correspondidos por nós no seu degaro de dar unidade ó esforzo nazonalista faguendo centro de acción esta vella vila de Compostela. De certo nós temos procedido moi lentamente, tal caí a ocasión o requixo, máis por preguíza, e oxe podemos comunicarlle que, coidando pouco axei-lada a formación de unha Mocidade Cultural con estatutos aprobados, procedimos a crear, con carácter segredo e clandestino, o grupo nazonalista de Sant-Yago. Tendo xa disposto agora iste orgaismo fundado por nós a base de estudantes, podemos corresponder na medida das nosas forzas ós seus degaros e hastra si se quer ser elemento central da súa realizazón.

É pois comenente que dende agora sosteñamos relación decote por medio de cartas pra estare en autos de todo canto pol-a Causa se faga. Cralo é que, non sendo cousa boa espoñerse sen utilidade, as nosas cartas, pra evitaren calquera estragueira, teñen de sere escritas a máquina e sen firma, podendo eisi conter os nosos pensamentos sen perigo.

Coido que non é preciso faguer, respecto ao Seminario de Estudos Galegos (no que todos nós traballamos, e que anque moito axude a faguer a Patria Galega non é ren doado teña carácter político), a máis pequena aclaración, pois xa no derradeiro ano esclarexado quedou no mensaxe que os nazonalistas de Compostela diriximos a esa Mocidade Céltiga.

Respeito ó noso criterio pra c'o novo Partido Liberal Autonomista, está esposto no meu artigo do primeiro de Outubro publicado na *Galicia*, e pol-o tanto, é de independencia.

Da nosa ideoloxía tampouco é preciso falare, pois en todo hemos de coincidir. Temos pois que traballar forte e de xeito fundamentais construtivo, postos de acordo na liberación da nosa Terra, procurando arrecadar pr'os nosos xuntoiros a sagra rebeldía da mocidade.

Compre resposta axiña, a volta de correo séndolle posible, na forma devandita, e amostrándonos o estado de ise grupo.

Seu sempre e da Terra.

Xosé Filgueira Valverde

Madrid, 29 de Nov. de 1925

Irmán Xosé Filgueira Valverde

Temos recibido a sua primeira carta dirixida a ista "Mocidade Céltiga", nos complacemos hoxe en lle enviar coistas liñas un saúdo de irmandade e de adhesión ao irmán coincidente co noso pensar.

A sua idea de creare un agrupamento segredo a base de estudantes, parécenos dende logo moi oportuno e máis axeitada ao espírito do movemento e ás circunstancias actuaes. Habendo como hai xa unha orgaización cultural da importancia do Seminario, que fai a labor creadora de cultura, o que compre agora é laborare pol-o espallamento das nosas doutrinas, fomentando e sementando a rebeldía con axuda d'outro grupo ateigado de enerxía moza que se arrisque con valentía e espírito de sacrificio, firmemente decidido a loitar pol-a causa nacionalista.

Nós xa vellos nazonalistas por ter saído do seio das primeiras IRMANDADES, e ter vivido total-as continxencias do movemento, vemos en vostede un novo irmán orientado co inequívoco espírito nazonalista que sabe mantere coma nós a intransixencia nos nosos credos e sinalar tamén as suas incompatibilidades.

Todos vemos, pois, con fondo agrado o grupo de mocidade que vostede orgaiza e estando dispostos moitos dos de aquí a colaborar con vostedes en todol-os ordes lle pregamos e lle agradeceríamos nos poña ao corrente de como está orgaizado ise agrupamento facéndonos resaltar os seus principás fis que polo de agora se propoñen.

Mocidade Céltiga

NOTA: Esta carta refírese ao propósito dos mozos do Seminario de E. Galegos de trocar a primeira idea de crear unha Mocidade Cultural Galega legalizada pola de unha agrupación segreda "de tipo masónico" e de disciplina nacionalista. Un dos partidarios desta idea foi o mozo Filgueira, e por eso se dirixen a el. Pero, simultáneamente, o mesmo Filgueira tamén trataba de organizar outra entidade segreda de carácter católico, da que acompañamos o proxecto.

A. S. L. G.

ESCRITOS

Baixo iste nome faise xuntanza de fieles galegos pra organizar o *Apostolado Social e Litúrxico na Irexa Galega*.

Obedecendo estrictamentes as intencións dun Outo-Vigairo, trasmitidas pol-o Segretario radicante en Compostela:

Gardando aisoluto sixilo encol dos traballos levados a cabo, das instruccións dadas e mesmo da existencia d'ista xuntanza.

Poñendo na obra todo o posibre esforzo o amor i os bens.

Pra que na nosa Pátrea se cumplan as ordes da S. Sede i a vontade de Deus.

Pra que sexan restauradas as vellas costumes litúrxicas das nosas irexas.

Pra que Cristo, Rei das naceóns, trunfe na nosa.

Pra que non sea luxada a outa moralidade do noso pobo.

Pra loubanza de Deus e ben dos irmáns galegos.

Pol-a eirexa galega.

Feito na cidade de Sant-Yago.

O Segredariado

A. S. L. G.

INSTRUCCIÓN 1.^a, DO SIXILO

Sabede vós o que hoxe a ista xuntanza sodes chamado que a nosa orde prega sixilo, obediencia e piedade. Sabede que vindes a ela, non pra honra, senón pra sagreficio e que tendes que prometer diante do Noso Señor cumprir con ela, pois por cathólico e por galeguista sodes chamado.

Calade todo o que da orde sepades, calade ainda diante dos cathólicos e dos galeguistas pois soio o Outo-Vigairo, i o Segredariado poden faguer novos socios. Mais si vedes algún fiel disposto e axeitado á nosa causa decidelo logo e será, se compre que sexa, aceitado por irmán.

INSTRUCCIÓN 2.^a, DA AXUDA

Vós non sabedes o nome dos vosos compañeiros de A. mais aínda diste xeito debédeslles axuda. Se soupérades seu nome ou vos fora indicado tendes que axudalos en total-as cousas da vida. E aínda que non o sepades será a meirande axuda pra eles a axuda que á Orde dedes.

INSTRUCCIÓN 3.^a, DAS ORDES

As ordes ou instruccións serán dadas sen regra de tempo, lugar nin asunto. Tanto poden tardare un ano como repetirse en poucos días. Sairán de onde o Outo-Vigairo ordée e dirixiranse ós fins do do A. que nos escritos quedan espostos. Poden comandar que se espallen notizas, ou papés, ou criticas, que se dé diñeiro ou traballo mais sempre serán dadas tendo en conta a situación i os posibres de aquel a quen vaian dirixidas.

Non temades pois que podan sair dos vosos e prometede sen temor.

A cada instrución responderedes dicindo breve e concisamente o que poidestes i o que non poidestes faguer e mandando ca vosa acusaceón de recibo o selo de correos con que se vos mandará a próisima.

Fora disto leede cada mes os escritos i as instrucións e decide o que por elas tedes feito fora do comandado.

O Segredariado do A. S. L. G. reside na Azabachería 5 e a el debedes dirixir a correspondenza.

Aceitedes ou non, pregade pol-a Causa, que os tempos son maos pra Terra e pra Eirexa.

D. N. A.

Sant-Yago, 1.º do Nadal do 1925

Irmán Penzol. Madrid

Querido irmán Penzol: Ao seu tempo doado foron na miña man as tuas derradeiras cartas. Non-as respotei denantes, porque nada definitivo encol da M.C.G. (Mocidade Cultural Galega) tiña que che decir.

Hoxe, que xa algo podo decire, fágoo. Supoño xa no teu poder a carta que fai dous ou tres días te escribiu o Filgueira Valverde.

Eiquí estivo o Romero Cerdeiriña, que me visitou co encárrago de enterarse como andaba a M.C.G.

Despóis de atar muitos cabos, chamei por fin a xuntanza a tódolos irmáns pra acordar mandar o regramento ao gobernador, mais n-isa xuntanza, surxiu a idea esposta por algús, de, en troques de constituir eiquí unha Mocidade oficialmente recoñecida, era millor constituir un grupo nazonalista segredo, co que, dende logo, podedes xa contar pra todo, e agardamos sosteredes amprias e constantes relacións epistolares. Ben sabes ti que non era iste o meu proyeito, pro como a maoría manda, manda; mais en fin, si na forma en que nos constituímos é meirande a propaganda que se poda faguer, nada importa certamente a forma de constituición. Xa me dirás que te parece iste xiro que tomou a cousa.

Ontes tornamos a xuntarnos pra tratar do troque de "Libredón" en órgao espallador das nosas ideas, e acordamos dende logo ir a il, contando co apoio que ti, n-unha das tuas cartas, nos ofrecías en nome d'ise grupo de Madrid e máis do de Bos Aires. Estamos faguendo un presuposto do que costaría imprimalo, anuncios que se poden conseguir, etc., e logo que o teñamos finado, mandareicho pra que informedes vós.

Eiquí surxiu a idea de que o novo órgao se chame "A Patria Galega", e que se turre como si fora a segunda época daquel que tiñan Brañas e Cabeza de León, e que tanta sona chegou a ter. Como o Cabeza de León está francamente con nosco, i é por outra parte un persoeiro prestixioso dentro do nazonalismo galego, inda que permaneceu alonxado da Irmandade da Coruña e da I.N.G. e, por outra parte, pra certos elementos que coidamos seren fácilmente conquistables, é unha garantía, ocurriásenos propoñelo direutor, xa que co-il, a vida do xornal coidamos tería de sere longa

dado o gran número de amizades que ten eiquí. Crar-está que sería un director de nome, xa que a verdadeira dirección e peso do asunto, estaría sobor de nós.

Xa me dirás o que vos parece de todo isto, o máis axiña posible, pra escomenzar os traballos de propaganda.

Estamos porparando diferentes excursiós ao Pico Sacro, e a algúns mosteiros célebres, excursiós que teñen por ouxeto o pronunciar conferencias de propaganda.

Encol do novo partido do V.P. nada decidimos pol-o de agora, xa que en definitiva nada se sabe. Nós seremos sempre nazonalistas, e non colaboraremos en ningún partido que esté constituído por persoas sospeitosas; chámese este í-estes como se chamen. Mais como inda nada se sabe do partido, non podemos emitir a nosa opinión. Ao seu tempo o faremos...

Xavier Pardo

Madri, 27-V-1926

Irmao Ramiro Illa Couto

Querido irmao: Fai tempo escrivinte duas cartas e non tiven resposta. Hoxe escrivote a terceira pregándote dígame as razóns, calesqueira que sexan, do teu silencio; coído non sere merecente d'el.

Só recibín o primeiro número de "A Fouce". Gorentoume moito. Eu como xa che dixen noutra degaro recibir todol-os números abonándovos o seu custe. Si vos parece ben mandádemos dend'o segundo en adiante. Agradeceréivolo.

Encol do noso proieito d'orgaizar un grupo independencista, non-o temos conquerido. Nas autuaes circunstancias non é doado por mor do medo, e iso que temos traballado arreo e sin acougo.

Agora ben, en Bos Ares poderíase faguer dita orgaizazón pra espallar por América e Galiza os nosos ideaes, precurando ter nos principaes pobos d'unha e outra afiliados que cotizaran unha cantidade determinada ao mes. Unha vegada orgaizada turraríase un manifesto espoñendo craramente o noso idearium pra o espallar pol-as sociedades culturaes, agrarias, deportivas, de recreo, galeguistas, etc., d'América e da Terra, despóis adicaríamonos á precura de afiliados e ao espallamento do noso credo valéndonos de follas, selos galegos, postaes, etc., e de "A Fouce", que sería o seu órgao.

Si vos parece doada a idea, eu dende logo e algunhos outros rapaces ingresaríamos n-ela mandándovos todol-os meses a cuota d'un peso cada un.

Novas, non hai máis que a saída, imprentadas por LAR, de tres obras de Cabanillas: "No Desterro", "Na noite estrelecida" e "O Bendito San Amaro", e a próisima saída de "O Mariscal"; e que "El Pueblo Gallego" de Vigo ven publicando un Dicionario Gallego-Castelao do que son autores Filgueira Valverde, Tobío Fernández, Magariños Negreira e Cordal Carús, os catro membros do Seminario de Estudos Galegos, é o millor feito ate agora.

Nada máis, agardando a tua resposta recibe, xuntamente con todol-os irmáns d'esa "I.N.G.", unha forte aperta do voso irmao.

Fermín Fernández Penzol

Adxúntoche un artigo para "A Fouce" do irmao Xaquín Pena de Betanzos.

San-Yago, 5-VII-1926

Irmán Fermín Penzol

Querido irmán: Onte foi na miña man a tua do 2, que resposto axiña, xa que mañá parto pra Ourense co ouxeto de saír de alá o día 7, en pelengrinaxe a pé ao San-Yago, na compañía do Risco, Otero, Cuevillas, etc.¹

Teño xa algús artigos pra "A Fouce", de varios irmáns, ti me dirás si chos mando a ti ou si, pola contra, llos envío directamente a Bos Ares.

É verdadeiramente lamentábel que agora, cando máis necesaria era a axuda de todos, desfixérades isa Mocidade. Eu coído que pra o curso volverás a orgaizala pra poder así constituir o grupo segredo. De total-as maneiras, agradecereiche me mandes a dirección de todol-os irmáns que están na Terra, pra desde eiquí escribirlles e telos ao tanto da nosa orgaización, pra logo, si algús voltan a isa, teren azos pra traballar, e os que non volten podan labourar nos seus pobos. Inútil coído decirche que soio me interesan os nomes de aqués que ti teñas confianza no seu nazonalismo.

Un distes días recibirás o xuramento, co que si estás conforme —como até agora estamos todos— o firmarás e remitirás eiquí...

Xavier Pardo

11-VII-1926

Meu querido irmao Xavier Pardo: Recibín a tua do 5. Do que nel-a me dis encol do teu traballo adicado ao noso Porteiro, dinlles conta aos rapaces de Bos Ares nunha miña que lles dirixin antronte. Te non esquezas de lle escrever ao Isla Couto. A colaboración pra "A Fouce" mándaa directamente.

Respeito á nova orgaización nazonalista, coído que millor que

¹ Nunha carta anterior infórmalle de que o Grupo de San Yago, de acordo co de Ourense, orgaizou pra a primeira quincena de xullo unha pelerinaxe a Compostela dende Ourense, que será feita a pé, pra vir —co pretexto da iconografía— faguendo propaganda. Entre os apuntados pra participar sinala a Risco, Otero Pedrayo, Cuevillas, Monxardín e Feixoo de Ourense, e Martínez López, Filgueira, Tobío e Xavier Pardo de San-Yago. Na Ponte Ulla incorporárase Fermín Bouza con rapaces de Compostela pra subiren todos ao Pico Sacro.

Tamén matínaban en facer no agosto unha concentración de nazonalistas de toda Galicia en Mondoñedo pra lle rendir homenaxe a Pardo de Cela.


moitos grupos secretos é orgaizar un só en Compostela, pro forte, ao que —pagando unha cuota ao mes— pertezan todol-os irmaos da Terra que rubren o xuramento. Só n-América pódense orgaizar grupos fortes autónomos, craro é que baixo a direición do de Galiza. Dito grupo podía sere dirixido por un Segredariado composto de un Segretario Xeral, un Segretario de Correspondenza e Relaciós, un Segretario de Espallamento e Publicidade e un Tesoureiro-Contador, que dera conta pol-o menos unha vegada ao mes dos traballos feitos e da marcha da orgaización a todol-os afiliados.

Dos irmaos que formaron na "Moedadade Céltiga" é millor que me encarregue eu. Pra elo necesito coñecer detalles do voso proieito e o xeito do xuramento. O mesmo que pra se coidades de necesidade que haxa en Madrid un grupo secreto porme axiña a traballar.

Quedo pois n-agarda dos detalles e do meu xuramento. Mándalle outro tamén a Lois Cortón do Arroyo e ponte en correspondenza coil, pois unha vegada que eu marche d'esta —penso faguelo nos derradeiros d'este mes— é o único rapaz que fica eiquí..

Fermin Penzol





ex libris pra fermin penzol

a

José Diaz 81

DISCANTO PRA FERMIN PENZOL

Escribeuno

FERMIN BOUZA BREY

*¡Madia leva, tocaio,
ter a carón de ti á Galiza en roda!
Xentes de fé e de esperanza sen desmaio.
Toda a Galiza... ¡Toda!
Artistas e escritores,
os vellos loitadores
e os novos que sufriron lostregazos
e foron escarnidos,
os que lidaron sen perder os azos
e da Patria fuxidos,
os finados a tiros e a cantazos
nas cunetas, nos matos, nos eixidos...
I eu tamén, meu amigo,
estóu eiquí contigo.
I eu tamén, meu tocaio,
ao teu cabo o vello corazón che traio.*

*Foi en Madrí, nos días
da nosa mocedá. Libros antigos
nos fixeron amigos
da Costa de Moiano nas porfías,
que os libros son baraza
que inda hoxe nos confonde e nos abraza.
Dempóis, o amor á terra nos formenta,
eu no canto das Rías,
ti na banda irredenta:
Castropol, Veigadeu e Ponzerrada,
¡anacos da Galiza posfasada!*

*¡Rúa do Pez. "Café
Campinas". Pesadelo
das lembranzas. Afiado coitelo
da memoria que fai seu fincapé
na amizade cordial dos Cotarelo,
con don Armando, irmán na nosa fe.*

*E agora, meu amigo,
neste intre estóu contigo.
E agora, meu tocaio,
beilando, o corazón eiquí che traio.*

*E por unha cultura que se loita,
por unha lingua en fror que se combate,
por ter o esprito ceibe é a nosa coita
que ha ter o seu romate.*

*Miña beizón, Fermín, pois polas nosas
máis nobres cousas é que ti batallas.
En balbordo de versos e de prosas,
con libros ametrallas,
e has ver churir as que sementas, rosas,
e espaxer borralas.*

*Eu tamén, meu amigo,
de corazón che digo
que Galiza e a miña alma están contigo.*

Compostela, 1972



FERMÍN EN BARCELONA

Fermín Penzol fixo en Barcelona dúas longas estadias. Non sei por qué mecánicas burocráticas de traslados e ascensos, ganou, aló polo 1963, unha plaza de Rexistrador da Propiedade perto de Barcelona. Foi Ramón Piñeiro quen me anunciou a súa chegada. Na carta facíame o retrato —a etopeia, que decían os vellos retóricos— do seu amigo. E falábame especialmente da súa condición de bibliófilo apaixonado e da increíble biblioteca que cos anos chegara a xuntar. Eu tiña dende a nenez o debezo bibliográfico. Dende que aos doce anos atopei un exemplar de *Devalar*, de Otero Pedrayo, andaba día tras día polos tobos dos libeiros de vello de Barcelona á espreita de canto libro galego aparecía, discutindo precios e nalgún caso —só nun, cando me pediron corenta pesetas por *El Regionalismo*, de Brañas— carregando co libro ás agachadas baixo da gabardina. Co tempo, todos aqueles libeiros chegaron a ser bos amigos meus, amigos de fiar —quer decir dos que fían— colaboradores no meu cachear cotián. Canto libro galego aparecía naqueles anos de posguerra en que tantas bibliotecas se desfizeran, iba parar ás miñas mans. Vivín así a ledicia do achado máxico e irrepetible: un exemplar da primeira edición de *Follas Novas*, outro da segunda de *Cantares*, e *Aires da Miña Terra* nun exemplar perfecto da Biblioteca Gallega, todo o lote por cinco pesos. Ou unha serie de catro mapas de Galicia dos séculos XVII e XVIII por dúascentas pesetas, é decir un mes sin tabaco, sin cine e sin tranvía.

Pero naquel vicio meu de fozador de recunchos de librerías, eu era un solitario. Non tiña con quen comentar os meus achados, a quen engaiolar mostrándoos, até que chegou o Fermín.

Teño agora diante dos ollos o espléndido dibuxo que lle fixo Siro: a cabeza baixa, os ollos cun sorrir enteiro e maino. Entendímonos de seguida, e cáseque sen falar. Penzol era, por riba de todo, un home bon, ca bondade limpa, crara, cotián e espontánea do home que non vive en exercicio traballosa de bondade, que non a profesionaliza. Había que velo arrodeado de nenos. E non é que fora falangueiro ou barullán con eles. Non: os nenos que

daban mirando pra el de lonxe, e logo íbanse achegando, cun acougo súpeto, e quedaban xunto del como abraiaados, prendidos naquel silencio seu, nun leve aceno que finxía un tirón de orellas, nun chisgar cómplice. Bó e xeneroso, cunha xenerosidade que xamáis humillou a ninguén; a mesma xenerosidade con que un día fixolle a Galicia o agasallo do que tanto amaba, os seus libros, cada un coa súa historia de longas pacencias, de búsquedas de anos.

Sorprendíanme ao comenzo os longos silencios do Fermín. Eu sentíame estudado, incómodo. Logo, ben axiña, dei ca chave que os vencía: preguntar. Falarlle dunha edición rara, dun libro non visto. E dende entón comenzaron as nosas longas conversas, os safaris bibliográficos. Podíamos entón estar horas e horas a falar. Ou calar tamén durante horas, na rebusca, nos sobrados dos libbreiros. Fomos primeiro ver a Porter. Nos fondos inxentes do gran libreiro-bibliófilo catalán, atopou Fermín pezas de altura: algúns autógrafos —e si non me lembro mal, un do conde de Gondomar— e unha serie de mapas vellos, e cáseque todas as primeiras edicións de Valle-Inclán. É como si o tivera agora diante os ollos. Tiña o tento, o senso especial dos grandes, teimudos buscadores, un senso que eu tamén teño, e que é a miña fachenda. Ese ir dereitiño e xusto ao libro interesante entre as moreas de libros inutis e esquecidos. Chegaba Fermín á camareta do libreiro, pasaba os ollos polos libros, e iba dereito aló onde estaba a peza. Como si tivera radar. E tería, digo eu, porque senón non entendo como foi dar cos volumes do cura de Fruime tras dunha enciclopedia pecuaria do dazanove. Gustáballe muito unha selecta librería de vello que levaba o nome pintoresco de *Llibrería del Sol i de la Lluna*. É a vella librería de Balaguer, e por riba de todo a de Porter. Era un placer velo entre libros: cofeaba neles, sacáballes o pó ca manga da chaqueta, abríaos lentamente. Si o libro pagaba a pena da rebusca alzaba a cabeza cara a mín e señalaba o lombo. Libros, grabados, follas soltas —unhas, relativas a unha folga en Vigo, a comenzos de século, polas que pagou unha presa de cartos que me deixou atordoado. Dende entón tiven xa un amigo nas miñas rebuscas, alguén con quen falar horas e horas do debezo común. Ás veces pisoume algunha peza, que pra eso tiña o radar. Amolábame, pero eu calaba. Os seus libros iban ser ben común de Galicia toda. Xa entón estaba en marcha a Fundación. Non eran libros que se perderan nos fondos incontrolables da biblioteca dun maníaco, senón servizo á comunidade, homenaxe a Galicia. Por medio dunha librería especializada en importacións pedimos as primeiras edicións críticas que daquela comenzaban a facer os italiáns dos nosos poetas medievais.

Cando saíamos da librería, si o día fora bon, abría-se Fermín cunha facundia inesperada. El, sempre tan contido, podía falar



O matrimonio Penzol, na compañía do Poeta Ramón Cabanillas, un día da primavera madrileña do ano 1953



Ao pe da Torre do Homenaxe, en Monforte de Lemos, Penzol, Piñeiro, Cesáreo Saco e as mulleres dos dous primeiros

horas e horas do galeguismo de anteguerra, das Mocedades, de Cabanillas, dos seus anos da Facultade de Dereito en Madrid. En Galicia, non sei por qué, a xente non é dada a escribir libros de memorias. Pérdese así a testemuña viva da Historia. Penso no enorme interés dunhas memorias de Fermín Penzol, lembranza de xentes, de libros. Porque Fermín era un excelente narrador oral. Tiña gracia, un chisco de ironía sin acritude, e rapidez e fondura nos retratos da xente que tratou. Na literatura francesa hai algunhas deliciosas memorias de bibliófilos. A ledicia da percura, a regaña de pasar horas folleando un catálogo, a rebusca nos caixóns. Baroja escribiu páxinas deliciosas falando dos seus días de remexeira nos tenderetes dos *bouquinistes* de Paris. Aquelas mañáns de sol repasando, porto por posto, o medio kilómetro longo de tenderetes do vello Mercat de Sant Antoni, cementerio onde van parar os libros que ninguén quixo ler, os que sobreviven como náufragos absurdos a unha catástrofe vital: restos de bibliotecas, libros roubados aínda co cuño da biblioteca de procedencia. Moreas de libros en desgobierno, derrancados, cun cartel por riba: cinco, dez pesos. E atopar naquela morea, como atopamos nós, un exemplar de *Os dous de sempre* adicado por Castela a Portela Valladares, ou a primeira edición de *Queixumes dos pinos*.

O calco que Fermín deixou en Barcelona foi moi fondo, e non só en min. Muitos libeiros se lembran del. Cando me chegou a noticia da súa morte funllo decir a algúns que co tempo viraran amigos, cáseque todos. E vin neles unha tristura que vai muito máis aló da da morte dun cliente que non discute os precios. Non sei si a teoloxía permite a cadaquén elexir o ceo que máis lle acae. Non vexo por qué non: a mín hai ceos que non me interesan en absoluto. Pero penso nun ceo pra Fermín, cheo de libros galegos, onde estiveran todos os que non puido atopar en vida, libros vellos, ilustres exemplares de edicións únicas, un exemplar enteiro e perfectísimo do Misal de Monterrey, infolios con todo o tempo do mundo riba deles. I eu a carón seu, pasándolle un volume: "Mira o que atopei". E teríamos todo o tempo da eternidade pra falar de libros, dos nosos amigos, dos tempos do vello caserón de San Bernardo, do vran en Castropol, con Blanca alí, e a ría enchendo os ollos, e un inmenso, eterno, caixón ateigado de libros por abrir.

BASILIO LOSADA

Barcelona



F. Penzol e Alvaro Gil
en Sanfedeles
DIAZ PARDO
76

UNHA LEMBRANZA DA FIGURA HUMANA E CORDIAL DE FERMÍN PENZOL

Da personalidade deste home tiña ouvido falar dende sempre e o noso respecto pola súa tarefa aumentou moito cando soupemos que tiña constituído en Fundación a súa valiosa biblioteca, levándoa para un eido onde se necesitaba, máis que para onde poidese locir.

Un día do vran do ano 69 —estabamos en obras, nas primeiras obras porque en obras estivemos sempre— apareceu por Sargadelos Fermín Penzol con Álvaro Gil e as súas mulleres. Dende entón, até que nos deixaron, tódolos vrans Álvaro Gil e Fermín Penzol viñeron por Sargadelos polo menos unha vegada, e con eles viña sempre xente importante. Quero decir que estes dous homes téñenos animado moito.

No vran do 77 coincidiron aquí con Luis Seoane, quen viñera acompañado de Francisco Pillado e Carlos Gurméndez e aquí pasaron o día e salaron moito. Penso que Fermín, Álvaro e Luis despedíronse aquel día para sempre. Luis Seoane fórase axiña para a Arxentina e non voltara hasta febreiro do 79 en cuio 6 de abril morría na Coruña. Polo menos Luis xa non os voltou a ver a eles.

Cando no ano 69 coñecín personalmente a Fermín Penzol comprendín tanta humanidade de ben e de saber había neste home. Un home máis ben grande, todo ao contrario da fachenda, un pouco encorbado coma en posición de escoitar coas súas grandes orellas e os seus ollos abertos, enchido de prudencia mais sempre cunha sorriso cordial chea de amor por todo.

O seu amor pola causa de Galicia e a súa lealtade en todo momento é algo que non discute ninguén. Pro hai máis cousas que a simple vista non se aprecian. Fermín Penzol empleou unha gran parte da súa vida traballando en cousas que en si non constituían a meta do seu ideario. Cumpría con honestidade unha función que lle proporcionaba o pan de cada día e lle iba permitindo traballar por outra causa máis importante para el e para todos nós: formar e organizar a memoria de Galicia. Este traballo, recoller libros e documentos, anacos espaxados da nosa conciencia esnaquizada, constituirían os materiais necesarios para a reconstrución da nosa memoria. Tratábase dunha labor calada, longa, cara e difícil. Logo todo ese material cristalizaría na Fundación Penzol que serviu de base a moitos para completar estudos e traballar na historia de Galicia.

Traballar pola memoria dun pobo é para algúns unha cousa abstracta. Para a maioría unha tarefa pouco lucida e nada rendable. Sin embargo Fermín Penzol sabía que o futuro está relacionado proporcionalmente coa memoria e que os pobos que non teñen memoria teñen un futuro ruín. E alguén ten que facer esta tarefa, e el asumíuna con sacrificio e en silencio.

Tampouco remata aquí o labor deste home pola causa de Galicia, pois todos sabemos que a súa adicación á nosa terra era total e cando había que arrimar o lombo a unha empresa nosa, xusta ou positiva, Fermín Penzol estaba na vangarda. Deste home pode decirse que fixo moito e moi positivo por Galicia, mais para min o máis importante e paradigmático que pode decirse é que o dou todo, absolutamente todo, por ela.

E xa rematando, sería inxusto non sinalar a parte que no esforzo de Fermín correspondeu á súa compañeira Blanquiña apoiando con teimosía a tarefa do seu home. A este tema da valía das mulleres, compañeiras dos homes bós e xenerosos que traballaron e traballan a prol da recuperación da conciencia galega cuíos nomes están grabados en todas partes namentras os das súas compañeiras non acadan sosa, habería que lle adicar un capítulo, pois é certamente importante o rol calado que lles corresponde no alcance da empresa común, até o punto de que en moitos casos, ben presentes en todos nós e que non citamos por ser moitos e polo temor de ser inxustos por omisión, é posible que a obra do home quedase moi corta sin a axuda da muller. Permitaseme só poñer un nome do exemplo máis lonxano no tempo dos que temos coñecido personalmente: María Miramontes traballando na alta costura para que o seu home Ánxel Casal poidera soste a imprenta Nós gracias á que teñen ficado tantas testemuñas do movemento homónimo, do Seminario de Estudos Galegos, de Lar, etc.

ISAAC DÍAZ PARDO
Sargadelos



O MEU FERMIN, O NOSO PENZOL, A "PENZOL" DE TODOS

— I —

Cofecín a Fermín Penzol en Madrid no curso 1952-53 cando estaba eu a rematar Filoloxía Románica na Universidade. Foi no café Lyon d'Or (hoxe Nebraska), naquela famosísima tertulia á que asistían don Ramón Cabanillas, Ben-Cho-Shey, Evaristo Correa Calderón, Pura Vázquez, Carlos Martínez Barbeito, Álvaro Xil, Dionisio Gamallo Fierros, Isidro B. Maiztegui, Tino Grandío, Anel Bóveda, Evaristo Mosquera, Antonio Lorenzo Sánchez...; naquela tertulia pola que pasaban, cando iban á Capital, de ocio ou de negocio, Valentín Paz Andrade, Celestino Fernández de la Vega, Ramón Piñeiro, Antonio Figueroa, Amable Veiga...; naquela tertulia que nalgún sábado facíase enorme e un chisco ruidosa coa presenza de oito, de dez, de doce mozos novos que entón eramos estudantes ou opositores en Madrid (Rubal Moas, o Ánxel, Fernando Parga, Magariños, Almoina...). No medio e medio, creando unha atmósfera de certa seriedade e de certa cordialidade, un home duns 50 anos que falaba pouco e que, cando falaba, facíao baixiño e sin chisco de pontificación algunha. Alí, á súa veira, os máis consagrados: académicos como don Ramón Cabanillas; profesores eruditísimos como Gamallo Fierros; especialistas en Larra i en Gracián como Correa Calderón; sabios no século XVIII como Martínez Barbeito; homes de empresa e de empresas como Álvaro Xil; etnógrafos citados en cen lugares como Ramón Fernández-Oxea; pintores de sona como Grandío; paremiólogos como Lorenzo Sánchez; poetisas galardonadas como Pura Vázquez; ex-presos políticos como Evaristo Mosquera... Alí, no medio e medio, un home duns cincuenta anos que non facía versos, que non publicara libros, que non pintaba cadros, que non era catedrático e que non emitía epantantes definicións. Tratábase de Fermín Penzol, pra máis prosa, Rexistrador da Propiedade.

Alí, no medio e medio de tantos homes ilustrados e de tantos nomes ilustres, e moi perto de seis ou oito barulleiras voces novas (pro non exentas de certo desacougo), Fermín Penzol, que endexamáis quixo impoñer nada, impuña medida, cordialidade e calidade. Eu, o decano, na tertulia, dos novos, tiven que explicar unha e outra vez ós da miña andaina quén era e qué era aquel home de tanta autoridade cordial e de tanto xeito moral. O de bibliófilo non sentaba ben entre os meus, pois bibliófilo nun Rexistrador da Propiedade (que sonaba a cartos) tíñase por cousa de rico, por entre-

teñemento ou deporte de millonario. Supuñan, por outra parte, que era un deses bibliófilos que "aman" os libros por caros ou por raros e non pola calidade intelectual ou artística das súas páxinas. Non me foi difícil convencelos de que Penzol era un lector, un extraordinario lector que sorría sin ferir sempre que na tertulia, eruditos, profesores ou investigadores erraban nun dato ou nunha data.

Pouco a pouco Fermín Penzol foise convertindo no presidente moral da tertulia, el que rexeitaba as presidencias. Pasado o tempo temos pensado algúns contertulios que Penzol houbera sido o perfecto presidente honorario desa enorme e sufrida tertulia que se chama Galicia.

— II —

Non sei en qué momento da súa vida Fermín Penzol decidiu legar a Galicia ese inmenso e conmovedor capital que son os seus libros, os seus folletos, as súas revistas e os seus documentos. Si sei en qué momento empezou a entender Galicia e a comprometerse con ela. Foi, moi novo aínda, alá en Madrid, diante dun quiosco de periódicos onde acababa de mercar un número do semanario "O tío Marcos da Portela". Escolarizado Penzol, como todos, noutro idioma; alleo Penzol daquela ás poucas páxinas escritas nunha lingua que soio creía oral e popular, ese día descubre a dimensión escrita e culta dese idioma. Descubre tamén que algúns homes —os da revista mercada e outros— teñen, nese idioma, unha concepción da patria e do futuro. Fermín Penzol, movido pola fermosura da difícil causa, solidarízase coa gran tarefa.

Lector de todo o que tivese que ver, de cheo ou de esguello, con Galicia, en moi poucos anos fíxose con centos e centos de títulos. Veu a Guerra, chegou a tristura mísera dos primeiros anos da Posguerra, e Penzol, lector, sempre lector, adica boa parte do seu tempo á procura sistemática de libros galegos. Son tempos difíciles pró noso libro. Hai libros clandestinos, hai libros perseguidos, hai autores marxidados... Non sei en qué momento, pró si sei que nesa atmósfera dura e triste, Fermín Penzol decide deixar a Galicia o resultado da súa paixón de bibliófilo. Ahí está, nunha rúa de Vigo (Policarpo Sanz, núm. 24) dende maio de 1963 pra ben, pra recreo e pra asombro de galegos e non galegos.

Nos anos do Lyon d'Or de Madrid axiña, novos e vellos, empezamos a "cheirar" que na bibliofilia de Fermín Penzol o de menos, sendo importante, era a fruición persoal.

— III —

Coñecín a Penzol en Madrid no curso 1952-53, cando eu remataba a Licenciatura de Filoloxía Románica. Daquela eu tiña certa sona de erudito ou, polo menos, de estudante aplicado, e de erudicións paroléi con Penzol ducias de horas. Endexamáis o pilléi: non había en Penzol lagoas bibliográficas. Eu, xa daquela modesto furón de bibliotecas, decatéime un día de que o noso coñecemento

era anterior, moi anterior. A Fermín Penzol xa o encontrara eu, a fins do século XV, na Feira do Libro de Francfort. El e máis eu tiñamos a sospeita de que alí se iba vender unha copia manuscrita do "Cancioneiro da Vaticana". Así foi, pro chegamos tarde. Un tal Angelo Colocci, un italiano moi rico e moi erudito, adiantárasenos (non era pra menos, pois Colocci, ademais de riquísimo, tiña espías). Poucos anos despois o noso ilustre rival adiantóusenos, tamén en Francfort, na compra do "Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa", cancionero que hasta 1924 levóu o nome do noso privilexiado competidor.

Cando nos reencontramos en 1953 en Madrid foínos moi fácil a comunicación.

— IV —

Resido en Vigo dende 1976, e nestes cinco anos teño estado na Biblioteca "Penzol" moreas de horas. Si Fermín me vira dende o Ceo de Breogán, aló tan lonxe, decatariase axiña da emoción coa que folleo certos libros, xusto os das nosas conversas de hai casi trinta anos, os das conversas onde tanta erudición adprendin e non soio erudición. Non sei si me verá porque Fermín aínda no Ceo de Breogán andaré á procura de edicións raras ou de folletos perseguidos. Supoño que alá, á hora do solpor, dará clases de bibliografía galega con aquela voz baixa e garimeira, con aqueles ollos húmedos de bondade e coa precisión do seu impedante saber. Mentras Fermín Penzol pon escola de bibliografía nas aulas bretemosas do máis alá, na rúa Policarpo Sanz de Vigo, no número 24, estudiosos e investigadores de Galicia e de fora beneficiámonos do seu xesto xeneroso, conmovedor realmente nun país onde estes xestos non abundan.

Pouco despois de coñecer a Fermín Penzol, de "reencontrarme" coel, empecei a tratar a Branca, a súa muller (Blanquita pra centos e centos de amigos). Xuraria que daquela estaba bastante lonxe da paixón bibliográfica do seu home, e hasta diría que non estaba moi perto de algunhas das súas actitudes políticas. Pasóu o tempo, e hoxe Blanquita está, activa i entusiasta, no ronsel de Fermín. Seino moi ben. Ás veces na "Penzol" sona o teléfono, erguemos a cabeza, e algúns, os máis próximos, escoitamos unha voz viva e nerviosa: é Blanquita que fala con Nancy Miranda, a bibliotecaria; Blanquita, que acaba de mercar un libro raro ou que acaba de encontrar tal ou cal número dunha vella revista.

Si Fermín Penzol non andivera tan absorbido na tarefa de procurar alá o que non encontróu acá, escoitaria estas chamadas de Santiago a Vigo feitas por unha muller que hai vintecinco anos aínda non entendía plenamente a paixón dos libros: a paixón dos libros como aportación á salvación dunha cultura.

XESUS ALONSO MONTERO

V i g o

FERMÍN PENZOL E A "MOCEDADE CÉLTIGA" DE MADRID

Eu cheguei a Madrid no outono de 1920, a estudar a carreira de Dereito. No primeiro ano de vida universitaria, no preparatorio de Dereito, na Facultade de Filosofía, estiven tan metido nos meus estudos que apenas tiven tempo, fora dos cursos, máis que para visitalas bibliotecas. No segundo ano, xa na Facultade de Dereito, con máis tempo de vagar, decidín facerme socio do Centro Gallego, do que era presidente o coruñés Francisco Fariña, catedrático de Instituto. No Centro atopeime con un fato de rapaces galegos, un deles uns anos maior ca min, era Fermín Fernández Penzol, outo de estatura e de pensamento, que viña ser como o guieiro de aquel grupo galego e galeguista, que se deu o nome de Mocidade Céltiga. No grupo estaban: Ramón Rodríguez Somoza, un dos máis distinguidos psiquiatras galegos, que traballou nos seus anos universitarios con Cajal e Lafora en España, denantes de completar os seus estudos en Alemaña; os irmáns Cortón, da Coruña; os irmáns Rodríguez Peña, de Betanzos; Ramón Fernández-Oxea, máis coñecido por *Benchosei*, que chegou daquela a Madrid; Salvador Mosteiro, de Betanzos; Domingo López e Manuel López, o primeiro estudante de Dereito e o segundo de Medicina, máis coñecido por *Pintín*; e algúns máis compañeiros de estudos de algunha Facultade ou Escola Especial.

Unha das principais fontes de ingresos do Centro Gallego era o xogo. Naquel entón, o Goberno, que tencionaba de pechar o xogo nos centros de recreo, sobre todo nos rexionais, que vivían del, decretou, como primeiro paso, que non podían ter xogo aquelas entidades que tiveran socios menores de idade. E como nós, os estudantes galegos, erámolo sen dúbida, o Centro Gallego, por inspiración do seu presidente Francisco Fariña, botounos fóra a todos nós, chantándonos na rua para que eles poideran seguir vivindo do xogo, do que se lucraba non só o Centro senón tamén e directamente algúns directivos.

Sáimos do Centro Gallego os estudantes e tivemos que andar como pelengríns dun café noutro. O Fermín Penzol era como o xefe do grupo pola súa bondade e pola súa constante preocupación por Galicia e os seus problemas, dende os da lingua hastra os económicos. Pouco a pouco foi aumentando o grupo con novos estudantes, algúns deles parentes dos que xa estabamos nel.

Galicia e a Universidade eran as preocupacións das conversas nas nosas xuntanzas hastra o curso de 1923 que comenzou coa Dic-

tadura de Primo de Rivera, pois dende entón entraron nelas outras preocupacións de carácter político. Eu era daquela directivo da Asociación Oficial de Estudiantes de Dereito, que era parte da Unión Oficial de Estudiantes que presidía Antonio María Sbert.

Unha das primeiras medidas da Dictadura, que tiña a meirande xenreira aos movementos rexionais, foran ou non nacionalistas, movida por un forte senso centralista do poder, foi prohibir as actividades dos partidos rexionalistas cataláns, vascos e galegos, que tiveran unha xuntanza en Barcelona pouco antes de que Primo de Rivera dera o manifesto ao país anunciando o seu *Golpe de Estado* cos propósitos que o inspiraban. Por eso o gobernador militar da Coruña, obrando no nome do Goberno prohibeu a xuntanza dos directivos da Irmandade Nacionalista presidida por Vicente Risco e que iba ter lugar en Santiago de Compostela; e por entón, e por longo tempo, o partido dirixido por Risco ficou alonxado das actividades políticas.

Descabezado en Galicia o movemento galeguista, a Mocidade Céltiga de Madrid actuou pola súa conta; e como case tódolos seus compoñentes eran estudantes universitarios, a súa actividade foi grande no movemento estudiantil madrileño, que foi o primeiro que se enfrentou coa Dictadura en defensa das liberdades públicas. Primo de Rivera tratou de se atraer a Unión Oficial de Estudiantes, presidida por Sbert, mais todos cantos formabamos parte das directivas desas Asociacións non só lle negamos toda colaboración senón que fomos a avanzada máis activa en defensa da liberdade.

O primeiro acto de trascendencia e importancia feito polos estudantes madrileños foi o que se celebrou no Paraninfo da Universidade Central para honrar os restos de Ángel Ganivet ao seu paso para Granada. O compostelano Rodríguez Carracido, rector da Universidade, non permitiu que se lera no Paraninfo a carta que dende Francia enviara Miguel de Unamuno, vello amigo de Ganivet. Fermín e máis outros membros da Mocidade Céltiga estaban connigo no Paraninfo. A carta lina eu na Estación de Atocha ante unha grande moitedume ao se embarcar os restos de Ganivet no tren que os levaba a Granada. A policía non me permitiu rematar a lectura da carta e, xa terminado o acto, cando volví co Fermín polo Paseo do Prado, fun detido pola policía e interrogado. Terminado o interrogatorio deixáronnos marchar.

Unha das primeiras actividades dos estudantes contra a Dictadura foi espallar o xornal *España con honra* que publicaban en Francia Unamuno, Blasco Ibáñez e máis Eduardo Ortega y Gasset, no que se informaba de cantos atropellos e aldraxes cometía a Dictadura e as corrupcións dos seus servidores. Sometida a Prensa en España a censura militar e civil, ese xornal era a voz máis forte en defensa das liberdades públicas. E a Mocidade Céltiga de Madrid, a través dos seus membros, tiña unha grande participación na divulgación deste xornal.

Cando eu fundei en Madrid a Unión Liberal de Estudiantes en 1925, que foi o primeiro movemento estudiantil de protesta organizado, tamén participaron nel os rapaces da Mocidade Céltiga. Morreu pronto esta Unión Liberal, tendo que se transformar nunha agrupación clandestina polas persecucións do Goberno. Mais os estudantes que formaban parte da Unión Liberal, foron tropas de choque da nova entidade, que foi recoñecida polo Goberno e que estaba integrada polas Asociacións Profesionais de Estudantes, as cales, xuntamente cos estudantes das Escolas especiais de Enxeñeiros e de Arquitectos, formaron a Federación Universitaria Española (F.U.E.), sendo eu o Secretario Xeral e fundador. E alí tamén estaban tódolos membros da Mocidade Céltiga.

Unha das últimas actuacións colectivas da Mocidade Céltiga, na que a presenza de Fermín tivo a maior importancia, foi expresar a protesta da mocidade galega contra as delegacións dos concellos de Galicia que formaban parte da *manifestación de alcaldes* que argallou Primo de Rivera pouco tempo antes de cesar.

Polo tempo en que declinaba a Dictadura, boa parte dos membros da Mocidade Céltiga estabamos adicados ás oposicións: eu a cátedras de Dereito Penal, Fermín Penzol e Domingo López ás de Rexistros da Propiedade.

Xa implantada a República e partidos de Madrid os membros da Mocidade Céltiga, cada un deles adicado á súa profesión, e eu tamén ás miñas obrigas de deputado pola ONCA no Congreso, vin ao Fermín, que estaba de Rexistrador en Ordes (Coruña), de vez en cando. Sabía máis del a través do meu pai, que tamén era un entusiasta bibliómano, sobre todo de canto libro se refería a Galicia. Meu pai percorría a nosa terra á procura de vellos libros, e ás veces vendíaos. E un dos mellores clientes que tiña era o Fermín.

Cando me atopaba co Fermín, case sempre nalgunha rua ou café da Coruña, sempre tiña o mesmo sorriso, semellante ao que ten o Apóstolo, comprensivo, afable, agarimoso, de quen leva consigo a luz da bondade e a sabe comunicar a cantos están con el.

EMILIO GONZALEZ LÓPEZ

New York



OS ESPELLOS DE FERMIN PENZOL

Un xoven pensador noso, o Rafael Dieste do ano 1927, descubríunos unha caste de humorismo sen verbas, un humorismo que non precisa de retrousos, nen de deseños de monifates. Un humorismo, en fin, silencioso, expresado con sorriso intelixente e fiducial. E dese humorismo diesteano é a rotunda e definitiva seguinte sentenza: "Nada de consellos. Espellos".

Vemos xa, sen máis, quenes tivemos a sorte de séremos amigos seus, que a Fermín Penzol acaíalle pintiparadamente esta sutil tipoloxía humorística. Porque, pasados os anos —moitos, 45—, outro pensador, Domingo García Sabell, con expresiva metáfora falóunos do sorriso de Fermín Penzol como "viga maestra da súa faciana". E outro matinador, Valentín Paz Andrade, díxonos que os silencios de Fermín Penzol "andaban preñados de idea". Sorriso e silencios do noso amigo que nono levaban a dar consellos, senón a mostrármonos espellos de puntual, cabal, reflectividade humorística. Vede, senón, algúns deles tirados da súa actividade bibliofílica:

Laiábase nunha ocasión Penzol de diante de Bardón, libreiro anticuario de Madrid, da malfadada desfeita da biblioteca que fora de don Armando Cotarelo por mór de herdeiros mal aconsellados. E Bardón, con ironía dictada pola experiencia, díxolle ao Penzol: "E logo, vostede que pensa, ¿que a súa non ha vir parar de novo ás miñas mans?". Fermín Penzol sorriu e calóu.

Entra Penzol na tenda do libreiro e anticuario Almoyna, na Coruña, para mercar uns vellos e decolorados folletos contendo programas festeiros de vilas e cidades galegas, máis uns inéditos poéticos escritos de man de curial en borrador no reverso de follas de papel de pagos ao Estado. Pidíu precio, e o anticuario respóndulle que nono sabía, que tiña que consultar. Volvéu Penzol aos poucos días, e o libreiro díxolle, logo de se ter enterado da personalidade do seu cliente: "Vostede sabe mellor ca ninguén cal pode ser o valor deses papéis; póñalles, logo, precio". Púxollo Penzol, e o anticuario abriu desmesuradamente os ollos. Non agardaba tanto. E Fermín Penzol sorriu e calóu.

Un amigo de Penzol sabía dun coñecido seu que tiña na casa un exemplar do tomo 2.º da "Historia del Apóstol Santiago", de P. Seguin, editado en México no 1774. Faltáballe ao noso amigo. Mais o poseedor do libro non era bibliófilo; era, en troques, co-

leccionista de vellos "sargadelos". Non lle pareceu entón discreto a Penzol ofrecer diñeiro polo libro e mercóu unha peza de cerámica das máis raras de Sargadelos para levar adiante o troco entre coleccionistas. Máilo chambo non se puido facer porque o arrecadador de cachafullas, ao comprobar o elevado valor da peza a trocar, coidóu, malicioso, que o seu libro aínda podía valer moito máis. E o intermediario non puido pechar o trato. Fermín Penzol sorriu e calóu.

Na tenda do anticuario señor Varela, na Coruña, viña mercando Penzol varios documentos galegos impresos no século XVIII. Cada viaxe que facía á Coruña pasaba pola tenda e o anticuario xa lle tiña feito un embrullo cos papéis. Fermín pedía o precio, dábanllo, pagaba sen rechistar e marchaba tan campante cos seus documentos embaixo do brazo. Mais nunha desas visitas o anticuario, rosmando, díxolle: "Non lle vendo xa máis papéis, don Fermín". "E logo?", preguntóu Penzol extrañado. "Porque non me dá a gana de roubarlo", repuxo o señor Varela. E engadiu: "O meu proveedor quérese aproveitar de nós, pídemme cada vez máis precio e logo eu teño que subirllo a vostede aplicándolle o meu lexítimo marxe comercial; e a nós, don Fermín, aínda non nacéu quen de nos roubar", rematou afirmando o anticuario, identificándose moralmente co seu xeneroso cliente. E Fermín Penzol sorriu e calóu.

Na compañía dun entrañable amigo, Fermín Penzol desplázase a Ourense para ver de lle mercar a unha viuva a biblioteca que deixara o seu marido. A pedido da presunta vendedora, Fermín Penzol, bó coñecedor do seu valor, ofrecéulle o precio que consideraba xusto. Mais a viuva nono aceptou decindo que xa lle pagaban o dobre. Daquela, sorprendido Penzol, e con certa timidez, preguntóulle quen era, si se podía saber, o comprador que ofrecera tal precio. E a viuva, segura, firme e convencida, díxolle que era un crego, que pagaba a metade ofrecida por Penzol en metálico, e o resto, hastra completar o precio, en misas. E Fermín Penzol sorriu e calóu.

Hoxe Fermín Penzol sabe xa do grande Libro, do Libro onde todo está escrito. E cando irremediamente lle chegou ás mans, o noso inesquecible amigo sorriu mainamente e calóu de vez. Mais o que endexamáis calará será a súa obra comunitaria e patriótica, que estará a falar arreo nos corazóns dos galegos namentras alente neles a conciencia do seu ser e do seu estar no mundo.

MARINO DÓNEGA
A Coruña

SOLEDÁ

Querido D. Fermín:

Unha das regalías da miña vida foi habelo tratado a vostede: toda unha fartura de amizade e comunión da que me sinto eternamente agradecido.

Cicais por eso pidenme para este número-homenaxe unha pequena colaboración, e, remexendo nos meus papeis —pois de vostede pouco máis do que outros dixeron tan ben poden dicir—, atopeime con este retrato de Soledá que fixen fai anos.

A súa traxedia, a traxedia da sede de comunión insatisfeita que tantos e tantos galegos padeceron e padecen, impactoume fondamente. Contrasta ben, por certo, coa que vostede ofreceu xenerosamente aos que tiveron a sorte de coñecelo.

Sexa, pois, un clamor de fonda comunión que desexo —como vostede desexaba ardentemente— a tódolos galegos.

Morreu Soledá.

Confeso que a triste nova espetouseme con mágoa na gorxa e a súa lembranza fíxome voltar moitos anos atrás, para atopala por primeira vez sendo eu ben pequerrecho. Era outa, enxoi, da máis fina sensibilidade campesiña, de tenro e nervioso mirar. Tan só un chamativo medallón de ouro e uns ollos vivos e chispeantes alumeaban a negra monotonía da súa lutuosa figura.

Sempre a recordarei así; nesa idade na que o tempo xa nada ten que cambear e tan só o folgo iballe mermando a vida facendo cada vez as súas visitas máis espaciadas. Chegaba á casa cun suspiro apretuxado no peito, e, que despois de bicarnos a fronte, atezando agarimosamente as nosas caras coas súas torpes e desfoladas mans, convertíase no eterno estribillo de sempre:

—¡Ai Xesús, non sei que teño hoxe!

¡Probe Soledá! Vivía soia, pois o único fillo que tiña estaba en Bos Aires desde neno, e moi rico por certo. ¡Ela non suspiraba máis que por velo e irse vivir con el! E, efectivamente, chegou un bó día coa súa muller despois dunha longa xira por Europa adiante, pero como tiñan tanta presa —querían ir cear á Coruña— apenas estiveron con ela un par de horas.

Non voltaron máis, nunca máis. Pero teño entendido que cando lle escribían mandábanlle decir que non lle faltara nada.

¡Adeus Soledá! A tua vida foi para ti unha longa noite de espera. Desexo para ti a mellor das alboradas.

XOSÉ M. R. PAMPIN
Santiago de Compostela



un pouco en cada un deles
 noite pecha, entróu a trompicóu
 aldeán. A - 26 anos
 aixo. Vestí - da
 tos, o ca' - a test
 e case a - abelo hnm
 macia, - ue palle
 dun go - avado e
 medio - a
 des es - a
 s mat - e
 use d' - e se
 e se - rendi
 rendi - da,
 ida, - Vost
 Vost - Qué
 Qué - eu
 eu - me
 me - á
 á - ago
 ago - ar un ta
 ar un ta - as despó
 as despó - á Berta
 á Berta - á avent
 á avent - vilóme
 vilóme - lugus
 lugus - óvil
 óvil - daeizvursna
 daeizvursna - xaxa ben enfran
 xaxa ben enfran - Entón
 Entón - onde
 onde - pra l
 pra l - de que
 de que - da part
 da part - E si va
 E si va - por
 por - hnsuxstransuwxzrphmvyxw
 hnsuxstransuwxzrphmvyxw - onmavuhb
 onmavuhb - en princiy
 en princiy - via, sin
 via, sin - u en
 u en - orse,
 orse, - as
 as - rtida u
 rtida u - an as
 an as - o d' via, sina
 o d' via, sina - cipiou a
 cipiou a - o meu e
 o meu e - gullas
 gullas - garlle impo
 garlle impo - de louvanzas pra me
 de louvanzas pra me - de Lisboa
 de Lisboa - u pra me le
 u pra me le - de vile acompa
 de vile acompa - ra
 ra - o longo
 o longo - sta; os ollos
 sta; os ollos - sa pena e med
 sa pena e med - rón que lle dera
 rón que lle dera - da quedouse q
 da quedouse q - todo espaventa
 todo espaventa - za, e decati
 za, e decati - rugóu
 rugóu - o
 o - e
 e - os esp
 os esp - a golo
 a golo - ia. Da
 ia. Da - a test
 a test - abelo hnm
 abelo hnm - ue palle
 ue palle - avado e
 avado e - a
 a - de Ma

PROTAGONISTAS DO GALEGUISMO NO ARQUIVO DA FUNDACIÓN PENZOL

Di un vello proverbio que os homes perpetúanse plantando un arbore, a traveso dos seus fillos, ou escribindo un libro. Fermín Luis Fernández e Penzol Labandera fixo moito máis que eso a prol de Galicia: Reuniu un, centos e milleiros de libros de galegos de toda época e lugar pra pólos ao servizo da comunidade, a traveso da Fundación que leva o seu nome.

Sobre a importancia da súa *Biblioteca* é xa un tópico a afirmación de que os seus fondos constitúen "o conxunto bibliográfico máis importante do mundo sobre temas galegos xunto coa biblioteca da Real Academia Gallega, na Coruña"¹. Noustante, non poden facérese comparanzas entre ambas institucións por carecérese de información numérica concreta do volume de fondos desta última, que se ten, en troques, sobre a Fundación Penzol: 9.461 títulos de libros, cuns 12.000 volumes (sin contar o fondo de Economía, autónomo), 8.690 folletos, e 300 títulos de revistas².

Menos coñecido é o feito de que a Fundación posee un *Arquivo* integrado por fondos de carácter orgánico e por fondos especiais e coleccións documentais de múltiples procedencias, case todas elas galegas, ou ao menos sobre asuntos galegos, cuio interese reborda con moito a súa importancia cuantitativa. Os fondos orgánicos e as coleccións documentais ocupan 166 caixas sin contar o Arquivo de Otero Pedrayo, en curso de organización, co que atinxirán as 250 caixas. O resto dos fondos especiais, como mapas, planos e pergameos, van aparte polo seu formato.

A clasificación e ordeación deste Arquivo efeituouse dacordo con criterios e normas arquivísticas que expuxemos anteriormente³, e que xa aplicamos a outros Arquivos públicos, concretamente os tres Arquivos Históricos Provinciais de Galicia⁴. Esta clasificación, ao se aplicar a uns documentos de procedencia tan variada como os que compoñen o Arquivo da Fundación Penzol, tiña que ser extraordinariamente complexa, como xa puidemos comprobar

¹ Gallego Domínguez, Olga, e López Gómez, Pedro: *Guía das Coleccións Bibliográficas e Documentais da Fundación Penzol*. Vigo, Artes Gráficas Galicia, 1980. 36 p., 2 f., 9 lám. (Publicado en castellano no *Boletín de Archivos*. Año III, núm. 7 (Madrid, enero-marzo 1980), pp. 47-59). Véxase p. 16.

² *Ob. cit.*, p. 17.

³ Gallego Domínguez, Olga; López Gómez, Pedro: *Clasificación de fondos de los Archivos Históricos Provinciales*. Madrid, Ministerio de Cultura, Dirección General de Bellas Artes, Archivos y Bibliotecas, Subdirección General de Archivos, 1980. 79 p., 10 map., 3 lám.

⁴ Freire, Mercedes; Gallego, Olga; López, Pedro: "Los Archivos Históricos Provinciales de Galicia: Clasificación de sus fondos". *Boletín de Archivos*. Año III, núm. 7 (Madrid, enero-marzo 1980), pp. 27-37. Aplícanse na actualidade a todas as publicacións destes Centros.



Fermin Penzol, con Blanquita, a sua muller e colaboradora



En agosto do 1970, Penzol con Bal e Gay, Alvaro Gil e Díaz Pardo en Sargadelos



Na biblioteca Penzol, en xunio do 1973. Sentadas, con Fermín, a súa muller,
a de Piñeiro e a viuda de Viqueira

De pé: García Sabell, Piñeiro, Dónega e Del Riego



En Lugo, no ano 1960, con Anxel Fole, Celestino F. de la Vega
e Ramón Piñeiro

anteriormente, ao dar un avance da mesma⁵, e ao ir perfiando este traballo sobre os fondos xa descritos e sobre os novos ingresos, forzosamente arrequeceuse aínda máis o cadro anterior de clasificación. Damos a seguido un esquema resumido do dito cadro de clasificación, pra poder centrar axeitadamente o noso traballo.

CLASIFICACIÓN DO ARQUIVO DA FUNDACIÓN PENZOL

1. *Fondos de Orixe Público*

1. Notariais. 2 caixas.
2. Xudiciais. 9 caixas.
3. Rexistros Propiedade. Non hai.
4. Administración Central. 2 caixas.
5. Administración Local. 5 caixas.

2. *Fondos de Orixe Privado e Semipúblico*

1. Familiares:
 1. Familiares en sentido estricto. 118 caixas.
 2. Unipersonais. 12 caixas (Fernández Gil y Casal, García Bodaño, López Ferreiro, Otero Pedrayo, Portela Valladares, Rodríguez González, Tettamancy, Villar Ponte e Viqueira).
2. Asociacións. 1 caixa.
3. Empresas. 1 caixa.
4. Relixiosos. 14 caixas.

3. *Fondos especiais*

1. Figurativos:
 1. Cartográficos.
 2. Iconográficos.
2. Impresos.
3. Audiovisuais.
4. Electrónicos.
5. Pezas illadas.
6. Coleccións facticias.

Observarase que dentro dos Arquivos familiares efectuáronse dous agrupamentos, un cos familiares en sentido estricto, e outro cos unipersonais, que son os que traemos a colación por teren unhas características comúns: son fondos ou coleccións de pequeno volume e grande interese porque os seus propietarios protagonizaron de forma moi relevante a vida pública galega nos seus aspectos político⁶, artístico ou literario, contribuíndo a formar esa corrente ideolóxica que denominamos *galeguismo*, cuxo obxecto é "a recuperación do poder pola comunidade galega"⁷.

Cada un destes pequenos fondos e coleccións foi clasificado e ordeado á súa vez dacordo co seguinte esquema:

Esquema de clasificación dun Arquivo Unipersoal:

⁵ Gallego Domínguez, Olga, e López Gómez, Pedro: "Guía...", pp. 20 a 32.

⁶ Alfonso Bozzo, A.: *Intelectuais e galeguismo (ensaio encol da historia do pensamento nacionalista galego)*. Madrid, Akal, 1977. 71 pp. (Arealonguía, v. 21).

⁷ Voz Galeguismo, en *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago, s. a., tomo XV, pp. 1-15.

1. FONDO ORGÁNICO

DOCUMENTOS PERSOAIS

Correspondencia.

Individuais.

Homenaxes.

DOCUMENTOS PATRIMONIAIS

DOCUMENTOS DE FUNCIÓN

DOCUMENTOS CIENTÍFICOS E LITERARIOS

Autógrafos manuscritos e mecanografiados.

Obra impresa.

2. FONDOS ESPECIAIS

DOCUMENTOS FIGURATIVOS

Cartográficos.

Iconográficos.

COLECCIÓNS

Manuscritos.

Impresos.

PEZAS SOLTAS

Este esquema repítese en cada un dos Arquivos unipersonais, o que nos permite prescindir dos índices nas descrições que si- guen a continuación, e que alongarían enormemente o espacio des- tinado a este traballo.

Soio nos queda por decir que hai moita outra información sobre "galeguistas" ilustres noutros grupos, ademáis deste que se des- cribe, como nos Familiares, Asociacións e Coleccións da Clasifica- ción xeneral do Arquivo da Fundación, dos que agardamos poder informar detalladamente coa publicación do Catálogo, a piques de rematar.

FERNÁNDEZ GIL Y CASAL, Juan. 4 caixas

1. FONDO ORGÁNICO

DOCUMENTOS PERSONAIS

Correspondencia:

- * Cartas do Dr. Mario de Gondra, de Bilbao, a D. Juan Fer- nández Gil y Casal, sobre orixes do apelido Gondra. 1920. 2 pezas.

DOCUMENTOS CIENTÍFICOS E LITERARIOS

Autógrafos:

- * Manuscritos pra a redacción dunha biografía de Cristóbal Colón. 4 caixas.

GARCÍA BODAÑO (Colección). 1 caixa

1. FONDO ORGÁNICO

1.1. *BASILIO ÁLVAREZ*

DOCUMENTOS PERSOAIS

Homenaxes:

- Homenaxes a Basilio Álvarez da Confederación Ga- llega:

- * Carta a Raimundo Vidal Pazos sobre a petición da Gran Cruz do Mérito Agrícola pra Basilio Álvarez, de 1926. 1 peza.
- * Cartas de J. Culebra Rodríguez, Catedrático de Histología, de Alfonso Alcalá Martín, de Antonio Muñiz, de José Nombela, Jaro, dirixidas a Raimundo Vidal Pazos, Secretario Xeneral da Federación Rexional Agraria de Galicia, e minutas deste, sobre o homenaxe a Basilio Álvarez. Telegrama de adhesión de Figueroa (de Chantada). 1928. 16 pezas.
- * Carta de Basilio Álvarez a Vidal Pazos. 1929. 1 peza.
- * Pliegos de firmas do Homenaxe da Federación Provincial Agraria de Pontevedra ao Presidente da Confederación Rexional de Agricultores Galegos, Basilio Álvarez. Contén: Morrazo, Santa María do Campo, Cangas, Marín, Moaña. 5 pezas.
- * Boceto dun pergameo de homenaxe a Basilio Álvarez promovido pola Federación Agraria da Coruña, firmado por Torres. 1928. Acompaña nota explicativa pra a prensa de Salvador García Bodaño. 1929. 2 pezas.

— Nomeamento de fillo predilecto de Ourense, pola Diputación Provincial:

- * Recortes de prensa. 1928. 7 f, unidas.
- * Recortes de prensa posteriores ao nomeamento. 1928. 8 pezas.

DOCUMENTOS DE FUNCIÓN

— Ministerio sacerdotal:

- * Recortes de prensa. 1928. 1 peza.

— Labor parlamentaria:

- * Recortes de prensa. 1931-1932. 21 pezas.

DOCUMENTOS CIENTÍFICOS E LITERARIOS

— Discursos e conferencias e comentarios sobre os mesmos:

- * Acción Gallega (1913). 3 exem.
- * Recortes de prensa. 1923-1932. 38 pezas.

1.2. CONFEDERACIÓN REXIONAL DE AGRICULTORES GALLEGOS

SECRETARÍA

- * Memorias das sesións de novembro 1926 e febreiro 1927. 1 peza.
- * Reglamenteo. 1926. 1 peza.
- * Manifesto do Secretario Xeneral ás organizacións confederadas. 1927. 1 exem.
- * Dictame sobre embargos forais. s. a. 1 peza.
- * Carta de Generoso Lagarejo Rivas a Raimundo Vidal Pazos. 1926. 6 pezas.

CONGRESOS AGRARIOS

— II Congreso Provincial Agrario da Federación de Pontevedra:

- * Convocatoria. 1921. 1 f. impresa.
- III Congreso Rexional Agrario de Pontevedra:
 - * Programa. 1926. 1 peza.
- Congreso Rexional Agrario de 1931:
 - * Convocatoria.
 - * Reglamenteo.
 - * Recortes de prensa.
 - * Carta de Leonardo Riobó a Raimundo Vidal Pazos e minuta mecanografiada de contestación.
- Total: 12 pezas.

2. FONDOS ESPECIAIS

2.1. COLECCIÓNS DE IMPRESOS SOBRE "MOVIMIENTOS POLÍTICOS SOCIALES GALLEGOS"

- Política xeneral:
 - * Recortes de revistas e xornais. 1903-1908. 2 pezas.
- O Ferrocarril Central Galego:
 - * Recortes de prensa. s. a. 3 pezas.
- Rexionalismo en España:
 - * Recortes de prensa. 1918-1931. 13 pezas.
- Autonomismo:
 - * Recortes de prensa e 1 manifesto impreso. 1931-1932. 10 pezas.
- Autonomismo en Vigo:
 - * Recortes de prensa, manifestos e convocatorias do Grupo Autonomista Galego de Vigo, impresos. 1931. 10 pezas.
- Otero Pedrayo:
 - * Recortes de prensa con reportaxes e artigos de e sobre o e a política galega. 1930-1931. 3 pezas.
- Eleccións a Cortes Constituintes:
 - * Papeletas de eleccións a deputados e propaganda electoral da candidatura galeguista. s. a. 3 pezas.
- Socialismo, U.G.T. e Agrarismo galego:
 - * Recortes de prensa. 1924-1931. 15 pezas.
- O movemento agrario en Galicia:
 - * Recortes de prensa. 1922-1930. 37 pezas.
 - * Manifestos impresos. 1923-1926. 8 pezas.
- Inauguración do monumento conmemorativo das vítimas de Sobredo do 28 de febreiro de 1922:
 - * Recortes de prensa. 1922. 2 pezas.

LEIRAS PULPEIRO, Manuel. 1 caixa (parcialmente)

1. FONDOS ORGÁNICOS

DOCUMENTOS PERSONAIS

Correspondencia:

- * Carta a Manuel Leiras Pulpeiro. s. l., s. a. Xerocopiada, incompleta. 1 peza.

Individuais:

- * Partida de bautismo e de matrimonio de D. Manuel Leiras Pulpeiro. Xerocopia. 3 f.
- * Cláusula 1.^a do testamento de Manuel Leiras Pulpeiro. Cópia mecanografiada. 2 exemplares, 1 incompleto.

DOCUMENTOS DE FUNCIÓN

Academia Gallega:

- * Oficio da Academia Gallega a L. P. comunicándolle o seu nomeamento de académico da mesma. 1905. Xerocopia. 1 f.
- * Minuta de contestación ao oficio anterior refugando o nomeamento. 1905. Xerocopia. 2 f.

DOCUMENTOS CIENTÍFICOS E LITERARIOS

Autógrafos manuscritos:

— Poemas:

- * Varios poemas. Xerocopias. 4 f.

— Prosa:

- * Tres contos. Xerocopias. 4 f.
- * Cantares. Xerocopias. 6 f.
- * Frases, adiviñanzas, adaxios e cantares. Xerocopias. 26 f.
- * Vocabulario. Xerocopias. 48 f.; e mecanografiadas. 43 f.

Obra impresa:

- * Recortes de prensa con poesías. 1912 e 1921. Xerocopias. 2 pezas.
- * Recortes de prensa con reseñas da súa morte e produción literaria. 1912. Xerocopias. 2 pezas.

2. FONDOS ESPECIAIS

DOCUMENTOS FIGURATIVOS

Iconográficos:

- * Fotografía de Manuel Leiras Pulpeiro vello. 1 peza.

LÓPEZ FERREIRO, Antonio. 1 caixa (parcialmente)

1. FONDO ORGÁNICO

DOCUMENTOS PERSONAIS

Correspondencia:

- * Carta de Antonio Lorán a Antonio López Ferreiro rectificando erros na obra deste. Sevilla, 1894. 1 peza.

Individuais:

- * Testamento ológrafo de dona Carmen Villanueva. Santiago, s. a. 1 peza.
- * Testamento de dona Teresa López y López, ante Jesús Fernández Suárez, Santiago, 1918. Cópia simple. 1 peza.

2. FONDOS ESPECIAIS

DOCUMENTOS FIGURATIVOS

Iconográficos:

— Fotografías:

- * Vistas panorámicas de Padrón, Pontecesures e Valga, de José Otero Acebedo, 1893-1898. 7 pezas.
- * Arquitectura romana e paleocristiana. 25 pezas.
- * Arquitectura galega. Fotos de catedrais, eirexas, mosteiros e castelos de Galicia. 32 pezas, que son:
 - Catedral de Santiago. 7 pezas.
 - Mosteiro de San Martín Pinarío. 1 peza.
 - Mosteiro de Sobrado. 1 peza.
 - Mosteiro de Carboeiro. 3 pezas.
 - Mosteiro de Rocas. 2 pezas.
 - Mosteiro de Celanova. 5 pezas.
 - Eirexa de Iria Flavia. 1 peza.
 - Edificio relixioso sin identificar. 10 pezas.
 - Castelo de Pambre. 1 peza.
 - Castelo de Soutomaior. 1 peza.
- * Varios de arquitectura. 4 pezas:
 - Museo de Pontevedra.
 - Manicomio de Conxo.
 - Catedral de Zamora.
 - Castelo de Clavijo.
- * Pinturas da Basílica de San Clemente. 2 pezas.
- * Artes menores. 16 pezas:
 - Antigo coro en madeira de Celanova. 1 peza.
 - Orfebrería. 9 pezas.
 - Roupas litúrxicas. 5 pezas.
 - Tesouro de San Rosendo en Celanova. 1 peza.
- Fotograbados:
 - * Restos arqueolóxicos non identificados. 7 pezas.
 - * Retablo de Luis de Vargas. 1 peza.
- Dibuxos:
 - * Restos arqueolóxicos non identificados, dibuxados a lápiz, carbonciño e plumiña. 4 pezas.

COLECCIÓNS

Orixinais:

- * Pleito homenaxe de Alvaro Veloso, polas torres de Pontevedra, ao Arzobispo de Santiago. 1474. Traslado de 1475. 1 f.
- * Pleito homenaxe, polas mesmas torres. 1513. Moi deturpado. 2 f.
- * Acta notarial do recoñecemento e reparto das reliquias dos Santos Vicente, Pío e Vicenta, donados por Antonio Losada Diéguez Arias a diversos párrocos. 1907. 3 f.
- * Declaración de valores depositados por na Casa Olímpio Pérez e Hijos, de Santiago, propiedade do Montepío do Clero da Archidiócesis de Santiago de Compostela. 1913. 2 f.
- * Idem. 1915. 2 f.

Copias:

- * Manuscritas e fotográficas de documentos dos séculos XII a XIII, realizadas por diversas mans. 13 pezas.

- * Índice do que contiña a Carpeta K, que corresponde aos documentos anteriores. s. a. 1 peza.
- * Fotografía e fotograbado de documentos dos séculos VIII e XVI. 2 pezas.

OTERO PEDRAYO, Ramón

(Fondos en periodo de organización)

1. FONDOS ORGÁNICOS
 - DOCUMENTOS PERSONAIS
 - Correspondencia.* 56 caixas.
 - Individuais.* 4 caixas.
 - DOCUMENTOS PATRIMONIAIS. 3 caixas.
 - DOCUMENTOS DE FUNCIÓN. 1 caixa.
 - DOCUMENTOS CIENTÍFICOS E LITERARIOS. 32 caixas.
2. FONDOS ESPECIAIS
 - ICONOGRÁFICOS. 1 caixa.
 - COLECCIÓN DE RECORTES DE PRENSA. 5 caixas.
 - VARIOS. 2 caixas.

PORTELA VALLADARES. 1 caixa

1. FONDO ORGÁNICO
 - DOCUMENTOS PERSONAIS
 - Individuais:*
 - Memorias:
 - * Memorias da guerra civil, por Portela Valladares, ex-Presidente do Consello de Ministros. Bandol, 1948. 503 p. e 5 f., mecanografiadas e con notas manuscritas.
2. FONDOS ESPECIAIS
 - DOCUMENTOS FIGURATIVOS
 - Iconográficos:*
 - Dibuxos:
 - * Cabeza de Portela Valladares, a lápiz, 7×8 cm.

NOTA: Na envoltura das memorias vai escrito: "Atención del Sr. D. Delmiro Morenza"; no remite "Rodolfo Prada, Buenos Aires"; e vai dirixido a "D. Ramón Piñeiro. Santiago de Compostela".

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio. 1 caixa (parcialmente)

1. FONDO ORGÁNICO
 - DOCUMENTOS PERSONAIS
 - Individuais:*
 - Diarios:
 - * Diario del viaje Madrid y El Escorial, de Eladio R. Jordi. 1910. s. d. 1 peza.
 - Correspondencia:*
 - Cartas a don Eladio Rodríguez González de:

* Amor Meilán, 4. / Luis Arguidin Bolívar, 1. / Francisco Asorey, 1. / Felipe Bello Piñeiro, 1. / Bonome, 1. / Eduardo L. Budén, 1. / Bustamante, 1. / Ramón Cabanillas, 1. / Salvador Cabeza, 3. / Emilio Canda-Hijos, 2. / Vicente Casanova, 1. / Augusto María Casas, 1. / Fernando Castro, 1. / María Corredoyra, 1. / Antonio Couceiro, 2. / Gumersindo Diéguez, 1. / Benito Fernández Alonso, 1. / Juan Gallego, 1. / Gobernador Civil de La Coruña, 1. / Serafín González, 1. / Arturo Lagorio, 1. / Eduardo Lence Santar, 1. / José Longueira, 1. / Marcelo Macías, 2. / Pablo Pérez Constanti, 1. / Luis Quintanilla, 3. / Rector de la Universidad de Santiago, 1. / Wenceslao Requejo, 2. / Antonio Rey Soto, 4. / Tirso Sánchez, 1. / Jaime Solá, 3. / José G. Temiño, 1.
Total 48 pezas.

— Minutas e cartas de Eladio Rodríguez a:

* Alcalde de Ribadavia, 1. / Delfín, 1. / Dionisio Gamallo Fierros, 1. / Arturo Lagorio, 1. / Tirso Sánchez, 1.

Homenaxes:

— Cartame literario de Betanzos:

* Oficio de Concesión da pluma de prata no dito certame. 1886. 1 peza.

— Banquetes:

* Reseña periodística dun banquete no seu honor. ABC (Madrid, 3 decembre 1921). 1 peza.

* Menú dun banquete no seu honor. 1924. 2 exemp. impresos.

— Axuntamento da Coruña:

* Diploma que lle adican os funcionarios de Intervención do Axuntamento da Coruña como Oficial Maior. 1940. 1 peza.

DOCUMENTOS DE FUNCIÓN

Academia Gallega:

* Correspondencia oficial, nomeamento e cese como Presidente, convocatorias ás sesións, nomeamento de académicos. 23 pezas.

* Reseña sobre a Presidencia da Real Academia Gallega. El Faro Coruñés (30 agosto 1925). 1 peza.

* Convocatoria de concurso ante o Ano Xubilár Compostelano. 1943. 1 peza impresa.

Axuntamento da Coruña:

* Solicitude dos Concellais do Axuntamento da Coruña de que se lle conceda unha gratificación extraordinaria de 500 pesetas ao Oficial da Secretaría don Eladio Rodríguez. 1901. 1 peza.

Centro Cultural Recreativo de San Clodio, Leiro (Ourense):

* Carta nomeándoo socio benemérito. 1933. 1 peza.

Comisión de Autonomía Gallega:

- * Cartas do Axuntamento de Santiago (Enrique Rajoy Leloup e outros). 1932. 9 pezas.
- * Nomeamento de Membro da Asamblea de Municipios de Galicia, invitación á Asamblea, menú do almorzo aos assembleistas, e manifesto aos Axuntamentos de Galicia. 1932. 4 pezas.

Cruz Roja Española:

- * Nomeamento de socio de número, carnet de socio, e nomeamento de vicesecretario. 1896. 3 pezas.
- * Concesión da Medalla de Ouro. Oficios, saúde e postais. 1889. 6 pezas.

Diario "La Mañana" da Coruña:

- * Carta de Ventura Garcia Ribera a R. G. encargándoo da dirección interina. 1897; minuta dunha carta de R. G. a Maximiliano Linares Rivas, sobre o periódico. s. a. 2 pezas.

Instituto Histórico do Minho (Viana do Castelo):

- * Nomeamento de socio de mérito. 1927. 1 peza.
- * Relación do personal académico no 1922. 1 peza impresa.

Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos da Coruña:

- * Nomeamento de bibliotecario e cartas sobre a catalogación da biblioteca. 1896-1902. 3 pezas.

DOCUMENTOS CIENTÍFICOS E LITERARIOS

Autógrafos manuscritos e mecanografiados:

- * Poesías manuscritas e mecanografiadas. 63 f.
- * Manuscritos do seu "Diccionario", incompleto. 54 f.

Obra impresa:

- * Noticiero del Avia (Ribadavia, 8 setembro 1829) e La Voz del Labrador (Leiro, 29 xunio 1913).
- * Recortes de prensa. 5 pezas.
- * Follas soltas. 10 pezas.
- * Fragmentos incompletos de libros. 2 pezas.

2. FONDOS ESPECIAIS

FIGURATIVOS

Iconográficos:

— Dibuxos:

- * Dos gallegos, por Concheiro, adicado a R. G., a lápiz, coor. 1 peza.

COLECCIÓN

Impresos:

— Follas impresas:

- * Catálogos de exposicións. 1943, 44 e 45. 3 pezas.
- * Homenaxe a Fernando Álvarez de Sotomayor. 1946. 2 exemplares.
- * Memoria da Asociación de Artistas da Coruña. 1941. 1 peza.
- * Manifesto da Xunta Patriótica do Axuntamento da Coruña. 1898. 2 f.

Periódicos:

- * Boletín Eclesiástico do Obispado de Ourense, núm. 887 (11 xaneiro 1868).
- * La Caza Ilustrada, núm. 23 (20 xunio 1898).
- * Domecq en Galicia. Revista mensual (s. a.) incompleta.
- * Hoja del Lunes, núm. 383 (Coruña, 5 novembro 1945).
- * A Nosa Terra, núm. 32 a 34 e 38 (1917).
- * El Noroeste, núm. 12.252 (30 setembro 1923).

— Recortes de prensa:

- * Folletón do Diario de Galicia, "Constitución de la Monarquía Española". 32 f.

Pezas soltas:

- * Poesía de Uxío Carré "No mar da Vida e da Morte", autógrafa, adicada a R. G. 1943. 3 f.

TETTAMANCY, Francisco. 1 caixa (parcialmente)

1. FONDO ORGÁNICO

DOCUMENTOS PERSONAIS

Correspondencia:

— Cartas dirixidas a Tettamancy, de:

- * Canitrot, 1. / Eduardo Lence Santar, 1. / José Millán, 1. / Paco, 1. / Pablo Pérez Constanti, 1. / Francisco Ponte Blanco, 1. / Francisco Portela Pérez, 1. / José Posse Villelga, 1. / Casto Sampedro, 1. / Sarmiento, 1. / José Vega Blanco, 2. / Vicente, 1.
- Total 13 pezas.

- Minuta dunha carta de Tettamancy dirixida a Benigno Teijeiro Martínez, axuntando unhas notas biográficas suas, 1901. 2 pezas.

DOCUMENTOS CIENTÍFICOS E LITERARIOS

Autógrafos manuscritos:

- * Borradores e notas preparatorias das suas obras. 250 f.

Obra impresa:

- * Poema en "Os Amigos da Fala na Cruña aos Mártires de Carral". 1917. 1 peza.

2. FONDOS ESPECIAIS

FIGURATIVOS

- * Postal do Castelo de Andrade en Pontedeume. 1914. 1 peza.
- * Dibuxo dunha paisaxe con montaña escalonada ¿Torre de Babal? s. a. Aguada, firmado por Gil. 1 peza.

COLECCIÓN

Manuscritos:

- * Carta de Roque Peón a José Suárez y Presno. 1926. 1 peza.
- * Solicitude de prisión que fai Diego Fernández Parcerro, no nome de D. Manuel Durán, veciño de San Ciprián de Ribarteme, pra D. Domingo Antonio de Castro, por malos tratos. s. a. ¿s. XVIII? 1 f.

- * Sentencia dun pleito civil sobre un foro de Celanova, 9 xuño 1917. Copia mecanografiada. 13+6 f.

Impresos:

- * Reproduccións facsimilares de 2 f. dun códice de Juan Alfonso de Baena e de Alfonso Alvarez de Villasandino. ¿Cancionero de Baena? 1 peza.
- * Fragmentos de libros: 1 f. dun impreso de 1869, e portada da obra de Feliciano Catalán "Mártir del deber". Pontevedra, 1909. 2 pezas.
- * Manifestos: "Al público coruñés" de Manuel Caño Collazo. 1872; e "Al País" polos deputados das tres minorías parlamentarias Nicolás Salmerón y Alonso, F. Romero y Robledo, Matías Barrio y Mier. 1898. 2 pezas.
- * Menú dun "xantar" en homenaxe a Andrés Martínez Salazar, a nome de Federico Pita. 1909. 1 peza.

Pezas soltas:

- * Ex libris de D. Francisco Villamil, Prior da Eirexa de Mondoñedo. 2 exemplares.

VAZQUEZ MÉNDEZ, Fernando, 1 caixa (parcialmente)

1. FONDO ORGANICO

1.1. *VAZQUEZ MÉNDEZ, Fernando*

DOCUMENTOS PERSONAIS

Individuais:

- * Instancias e certificados médicos solicitando cargos na universidade e o exército. 1926-1940. 11 pezas.

1.2. *VAZQUEZ ENRÍQUEZ, Francisco*

DOCUMENTOS PERSONAIS

Individuais:

- * Autorización pra circular con coche desde Santiago a Segovia e fronte, dada polo Comandante Militar de Santiago. 1936. 1 peza.

Correspondencia:

- * Cartas de José G. Acuña. Veracruz, 1930. 2.
- * Carta de Salvador García F. Bodaño. Negreira, 1935. 1.
- * Carta de Eugenio Vázquez. Río de Janeiro. 1.
- * Tarxeta de recomendación de Ramón Sánchez Andrade, s. a. l.

DOCUMENTOS PATRIMONIAIS

- * Proxecto e presupostos de instalación de calefacción pra a casa núm. 6 da c/. Ruedas de Santiago, propiedade de D. Francisco Vázquez Enríquez. Acompaña plano da casa, folleto de propaganda e carta de oferta. 1930. 8 f.

1.3. *G. ACUÑA, José*

DOCUMENTOS PERSONAIS

Correspondencia. 1929-1930:

- Cartas de José G. Acuña a:

- * César Vaamonde Lores, 1. / Eladio Rodríguez González, 2. / Manuel Amor Meilán, 1.

— Minutas de contestación de:

- * Wenceslao Requejo, 4. / Amor Meilán, 3. / Félix Estrada Catoira, 1.
- Total 12 pezas.

2. FONDOS ESPECIAIS

PEZAS SOLTAS

- * Carta do Ministro de Estado a D. Gabriel Nogueira. 19 octubre 1935. 1 peza.
- * Invitación pra asistir á procesión do Rosario, en Santiago. 1930. 1 peza impresa.

VILLAR PONTE, Ramón. 9 caixas

1. FONDO ORGÁNICO

DOCUMENTOS PERSONAIS

Correspondencia:

— Cartas a Ramón Vilar Ponte de:

- * Manuel Banet Fontenla, 1. / M. Barreiro, 1. / Fermín Bouza Brey, 1. / Josep Bertrán i Musitu (tarxeta), 1. / F. Cambó, 2. / Euxenio Charlon Arias, 1. / A. Casal, 1. / Imeldo Corral, 1. / Ramón Canosa, 1. / Evaristo Correa Calderón, 1. / Ramón Fernández Mato, 1. / Pedro Fernández Veiga e Manuel Meilán, da Revista de Galicia de Montevideo, 1. / Gonzalo López Abente, 1. / Antón Losada Diéguez, 2. / F. Ogando Vázquez, 1. / Federico Maciñeira, 1. / Manuel Oliveira, 1. / Ramón Otero Pedrayo, 19. / Aureliano Pardo, 1. / Paz Andrade, 1. / Emilia Pardo Bazán (postal de 1818 representando o retablo da Capela das Torres de Meirás), 1. / Enrique Peinador Linares, 1. / Pellicena, 1. / Presidente da Mancomunidade de Cataluña, J. Puig i Cadafalch, 2. / Adolf Pizcueta, 1. / M. Portela Valladares, 2. / Rial Seijo, 1. / Vicente Risco, 3. / José Rodríguez de Vicente, 1. / Francisco Sampedro Galdó, 1. / Ángel Seco Catá, 1. / A. Raimúndez, 1. / Victoriano Taibo, 1. / Teixeira de Pascoaes, 1. / Antonio Vilar Ponte (unha postal das galerías da Coruña s. a.), 2. / Sin identificar, 2.

Homenaxes:

— Homenaxe de Viveiro a Antón Villar Ponte:

- * Convocatoria dirixida aos viveirenses pra se adherir ao homenaxe. Viveiro, setembro 1934. 1 f. impresa.
- * Cartas e tarxetas de adhesión ao homenaxe. 6 pezas.
- * Telegramas de adhesión. 1934. 57 pezas.
- * Lista de adhesións. s. a. 1 peza.
- * Recorte de prensa co anuncio do homenaxe. 1 peza.

DOCUMENTOS PATRIMONIAIS

Biblioteca:

- * Relación de libros prestados e prestatarios. s. a. 1 f.

DOCUMENTOS DE FUNCIÓN

Irmandades da Fala e Partido Galeguista:

- * Recibos de subscritor á "Nosa Terra" e de socio de "Irmandades da Fala" de Ramón Villar Ponte. 2 pezas.
- * Carta, tarxetas, circulares e nomeamentos como membro de I.N.G. e ORGA, e do Partido Galeguista dirixidas a Ramón Villar Ponte. 14 pezas.
- * I.N.G. de Viveiro: contas, recibo a favor de Vicente Risco, e carta colectiva de Risco, Cuevillas, Monxardín e Otero Pedrayo. 3 pezas.

DOCUMENTOS CIENTÍFICOS E LITERARIOS

Autógrafos manuscritos e mecanografiados:

- * Discurso de ingreso na Real Academia Gallega de Antón Villar Ponte, e resposta de Otero Pedrayo, manuscrito e mecanografiado, respectivamente. 2 pezas.
- * Resposta de Antón Villar Ponte ao discurso de Castelao, manuscrito. 1 peza.
- * Discurso de ingreso de Ramón Villar Ponte. 1951. 1 exemplar manuscrito e 3 mecanografiados, e contestación non identificada, mecanografiada. 5 pezas.
- * "Una gloria de Noya y de Galicia, D. Eladio Oviedo de Arce". 4 exemplares mecanografiados.
- * "Inglaterra vista por Pastor Díaz", por Ramón Villar Ponte. 1 peza.
- * "O Mariscal", por Antón Villar Ponte e Ramón Cabanillas. 3 pezas manuscritas e mecanografiadas. Acompañan: carta de Cabanillas a Antón V. P., notas sobre figuras e traxes de "O Mariscal", e presentación dos autores. Outras 3 pezas. Comentarios ao estreno de "O Mariscal", recortes de prensa. 25 pezas.
- * Notas autógrafas manuscritas sobre diversas obras. 54 f.

Obra impresa:

- * Recortes de prensa con artigos de Antón Villar Ponte. 536 pezas.

2. FONDOS ESPECIAIS

DOCUMENTOS FIGURATIVOS

Iconográficos:

- Dibuxo anónimo de Carmina Villar Chao, filla de Antón Villar Ponte, a lápiz. 1 peza.
- Fotografía dun grupo de mozos, entre eles Antón Villar Ponte. 1 peza.
- Fotografía do Menú Homenaxe a A. Bernardo B. Jambrina. 1908. Firmas autógrafas e fotografías. 1 peza.
- Postal de O Parrote, A Coruña. s. a. 1 peza.
- Felicitación de "nadal" de Álvaro de las Casas. 1 peza.
- Grabado dun recanto de Vilagarcía, por Naya. 1 peza.

COLECCIÓNS DE IMPRESOS (Van clasificados pola C.D.U.)

Xeneralidades (0):

- Ciencia e Cultura:
 - * Recortes de prensa. 15 pezas.

— Obras xenerais (Almanaques, Catálogos, Homenaxes, Memorias):

* Libros e folletos. 9 pezas.

— Revistas e periódicos:

- * Academia Gallega. Boletín. VI, 50 (1911). 1 exem.
- * Adelante. Diario Republicano de la Noche. (A Coruña, 1931). 1 exem.
- * Alento. Boletín de Estudos Politicos. (Santiago, 1934 e 1935). 13 exem.
- * Céltiga. Revista Gallega de Arte, Crítica, Literatura y Actualidades. (Buenos Aires, 1931). 1 exem.
- * Concordia (La). (Vigo, 1921). 2 exem.
- * Correio do Minho. (Braga, 1956). 1 exem.
- * Correo Gallego (El). (Ferrol, 1921). 1 exem.
- * Correspondencia de Valencia (La). (1922). 1 exem.
- * Descubrimiento. Revista de Cultura. (s. l., 1931-1932). 2 exem.
- * Eco de Teo (El). (Buenos Aires, 1916). 1 exem.
- * Erte. Periódico Galeguista. (Ferrol, 1933). 2 exem.
- * España. Semanario de la Vida Nacional. (Madrid, 1916 e 1917). 2 exem.
- * Faro de Vigo. (Vigo, 25 julio 1928). 1 exem.
- * Figaro Littéraire (Le). (París, 1949). 1 exem.
- * Fouce (A). (Bos Aires, 1930, 1931, 1935). 4 exem.
- * Fouce (A). (Negreira, 1919). 1 exem.
- * Gaceta de Galicia. (Vigo, 1929). 1 exem.
- * Galicia. Diario de Vigo. (Vigo, 1924 e 1926). 4 exem.
- * Galicia. Periódico Semanal Informativo. (Buenos Aires, 1924). 1 exem.
- * Galicia. Revista Rexional. (La Coruña, 1887, 1888). 2 ex.
- * Galiza. (Mondoñedo, 1932, 1933). 3 exem.
- * Guieiro. Outavoz Patriótico da F.M.G. (Ourense, 1935, 1936). 4 exem.
- * Heraldo de Galicia. Semanario de los Lunes Cultural e Informativo. (Ourense, 1932, 1933, 1934, 1935, 1936). 11 ex.
- * Heraldo de Vivero. (Vivero, 1934). 2 exem.
- * Idea Moderna (La). Diario de Lugo. (Lugo, 1910). 1 ex.
- * Ideal Gallego (El). (A Coruña, 1923, 1924, 1926, 1947 mutilada). 4 exem.
- * Irmandade Nazionalista Galega. Boletín Mensual. Delegación do Ferrol. (Ferrol, 1921, 1922). 14 exem.
- * Irmandino (O). Periódico Galego. (Montevideo, 1935). 2 exem.
- * Landro (El). Periódico Independiente. (Vivero, 1931). 1 exem.
- * Mais! (Santiago, 1933). 1 exem.
- * Mondoñedo. (Mondoñedo, 1942). 1 exem.
- * Noroeste (El). (A Coruña, 1931). 1 exem.
- * Nós. Boletín Mensual da Cultura Galega. (Ourense, 1920, 1928). 2 exem.
- * Nós. Órgao da Xuntanza Nazionalista Galega d'Habana. (s. a.). 2 exem. do núm. 1.
- * Nosa Terra. Boletín Decenal. Idearium da Irmandade da

- Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal. (A Coruña, 1918, 1919, 1920, 1921; Bos Aires, 1928, 1930, 1931, 1932, 1951, 1953). 40 exem.
- * Nosa Terra (A). Boletín do Partido Galeguista. (Pontevedra, 1932, 1934, 1935, 1936). 13 exem.
 - * Noticiario Católico Inglés. (s. l., 1944). 2 exem.
 - * Opinión Gallega. (Buenos Aires, 1952, 1953). 5 exem.
 - * Orzán (El). (A Coruña, 1931). 1 exem.
 - * Pirulí (El). (A Coruña, 1916). 1 exem.
 - * Pueblo Gallego (El). (Vigo, 1928, 1931, 1936, 1937, 1950, s. a.). 7 exem.
 - * Regionalista (El). Defensor de los Intereses Regionalistas de Andalucía. (Sevilla, 1920). 1 exem.
 - * Resol. Hojilla Volandera del Pueblo. (s. l., 1932). 2 exem.
 - * Rexurdimento. Órgao da I.N.G. (Betanzos, 1922, 1923). 11 exem.
 - * Rexurdimento. Revista quincenal. Órgao dos Intereses Mariñás. (Betanzos, 1922). 1 exem.
 - * Roteiro. Publicación do Grupo Galeguista de Vilagarcía. (1932). 2 exem.
 - * Sol (El). (Madrid, 1917, 1919, 1930, 1931, 1932). 15 exem.
 - * Terra. Idearium da I.N.G. n'América do Sul. (Bos Aires, 1923). 2 exem.
 - * Terra. Órgao Quincenario do Grupo Galeguista de Redondela. (Redondela, 1933). 1 exem.
 - * Terra Gallega. Órgao da Xuntanza Nazonalista Galega d' Habana. (Habana, 1921). 1 exem.
 - * Terras de Portugal. (Braga, 1958). 1 exem.
 - * Ultreya. Colexio Labor. (Vigo, 1933). 1 exem.
 - * Vanguardia Gallega. (Lugo, 1932). 1 exem.
 - * Verdad y Justicia. (Vivero, 1915). 1 exem.
 - * La Voz de Ortigueira. (Ortigueira, 1954). 1 exem.
 - * Zarpa (La). Diario de los Agrarios Gallegos. (Ourense, 1922). 3 exem.

Filosofía e Relixión (1 e 2):

- * Recortes de prensa. 9 pezas.

Ciencias Sociais. Dereito (3):

— Política xeneral e española:

- * Recortes de prensa. 97 pezas.
- * Libros e folletos. 4 exem.
- * Manifestos, impresos e mecanografiados. 7 pezas.
- * Cartas de Unamuno a Cueto e de Cueto a Unamuno. 1926. 2 exem. mecanografiados.

— Política galega (Afirmación galega):

- * Recortes de prensa. 80 pezas.
- * Manifestos, impresos e mecanografiados. 7 f.
- * Selos coa lenda "Denantes mortos que escravos", de 10 cnt. 2 pezas.
- * Propaganda electoral nacionalista galega. 23 f. impresas.
- * Folletos. 13 pezas.
- * "Verbas de un loitador", de Luis Porteiro. Recortes de prensa. 11 pezas.

- * Poesías de Gonzalo López Abente e Victoriano Taibo adicadas a Luis Porteiro. Recortes de prensa. 2 pezas.
- * Programas de teatro de pezas galegas e de festividades e conmemoracións. 10 pezas impresas.

— Estatuto de Galicia. Periódicos:

- * Adelante. Diario Republicano de la Noche. (A Coruña, 1931). 1 exem.
- * Correo Gallego (El). (Ferrol, 1921). 1 exem.
- * Fouce (A). Periódico Galego. (Bos Aires, 1931). 1 exem.
- * Guieiro. Outavoz Patriótico da F.M.G. (Ourense, 1936). 2 exem.
- * Herald de Galicia. (Ourense, 1933, 1936). 2 exem.
- * Irmandade Nazonalista Galega. Boletín Mensual, Delegación do Ferrol. (Ferrol, 1922). 4 exem.
- * Mais! (Santiago, 1933). 1 exem.
- * Nós. Órgao da Xuntanza Nazonalista Galega d'Habana, núm. 1 (s. a.). 2 exem.
- * Noroeste (El). (A Coruña, 1931). 1 exem.
- * Nosa Terra (A). Boletín do Partido Galeguista. (Pontevedra, 1936). 4 exem.
- * Opinión Gallega. (Buenos Aires, 1952). 1 exem.
- * Orzán (El). (A Coruña, 1931). 1 exem.
- * Pueblo Gallego (El). (Vigo, 1936). 1 exem.
- * Rexurdimento. Órgao da I.N.G. (Betanzos, 1922-1923). 2 exem.

Estes periódicos van intercalados nas Revistas e periódicos de "Xeneralidades" (0).

- * Recortes de prensa. 33 pezas.
- * Manifestos impresos. 31 pezas.
- * Propaganda electoral. 27 f. e 3 carteles.

— Irmandades:

- * Circulares impresas e multigrafiadas. 11 pezas.
- * Homenaxes. 1 menú e 1 f. impresa. 2 pezas.
- * Manifestos impresos e mecanografiados. 321 pezas.
- * Propaganda electoral impresa. 6 pezas.
- * Recortes de prensa. 18 pezas.
- * Reglamentos, Estatutos, Himno, impresos e mecanografiados. 11 pezas.
- * Discurso do Dr. Porteiro ao fundarse a Irmandá en Santiago. 1916. 1 peza impresa.
- * Asamblea Nacionalista da I.N.G. Recortes de prensa. 3 pezas.
- * Xuntanza Nazonalista Galega. Habana (Cuba). Circulares, listas de Socios, recortes de prensa e respostas a un cuestionario, dirixidas a Villar Ponte e Parapar Sueiras, Vicente Rebollar, Aurelio Xellas e Vicente Risco, impresos, mecanografiados e manuscritos. 15 pezas.

— Partido Galeguista:

- * Circulares impresas. 8 pezas.
- * Manifestos impresos. 19 pezas.
- * Memorias mecanografiadas. 4 pezas.
- * Periódicos:

Erté! Periódico Galeguista. (Ferrol, 1933). 2 exem.
Heraldo de Galicia. (Ourense, 1932, 1933). 3 exem.
Nosa Terra (A). Boletín do Partido Galeguista. (Pontevedra, 1932, 1934, 1935). 9 exem.
Roteiro. Publicación do Grupo Galeguista de Vilagarcía. (1932). 2 exem.

- * Principios e programa impresos e mecanografiados. 12 pezas.
- * Propaganda impresa. 25 f.; e ponencia pra propaganda, mecanografiada. 1 peza.
- * "A interpelación dos Diputados Galeguistas", 1933. Impreso. 3 exem.

— Economía de Galicia:

- * Escritos sobre industrias e obras hidráulicas, mecanografiados e manuscritos. 2 pezas.
- * Estatutos da Asociación de la Prensa de La Coruña, 1908. Impreso. 1 peza.
- * "La ganadería", por Juan Rof Codina, León, 1914. Impreso. 1 peza.
- * Recortes de prensa. 64 pezas.

— Etnografía, etc.:

- * Festa dos maios, Mondoñedo, 1934. Impresos. 2 pezas.
- * "Historia de la Cultura Femenina en España", por María de Maeztú. 1926. Impreso. 1 peza.
- * "Alalá do Cebreiro" e "Romaxe de Nosa Señora da Franqueira". Impresos. 2 pezas.

Arte (7):

- * "Exposición Germán Taibo". A Coruña, 1947. Impreso. 1 peza.
- * Recortes de prensa. 38 pezas.

Filoloxía e Literatura (8):

— Línguas, e lingua galega:

- * Recortes de prensa. 108 pezas.
- * Normas pra a unificación... Impreso. 1 peza.

— Poesía galega:

- * Artículos sobre poetas galegos, conferencias e sesións de poesía. Recortes de prensa. 13 pezas.
- * Traducións ao galego e poesías de non galegos sobre temas galegos. 13 pezas. Recortes de prensa.
- * Poesías de:
- * Poesías de (en recortes de prensa):
César Abellás, 2. / Alfonso el Sabio, 2. / Johan Arias, 1. / G. Alvarez Limeses, 1. / Juan Bautista Andrade, 1. / Francisco Añón, 1. / Eduardo Archidona, 1. / Augusto Barcia, 1. / Juan Barcia Caballero, 3. / Roberto Blanco Torres, 1. / Xan de Bueu, 1. / Xosé María Cabada Vázquez, 1. / Julio Camba, 2. / Juan Carballeira, 1. / Ricardo Carballo Calero, 1. / Eugenio Carré Aldao, 2. / Alvaro de las Casas, 1. / Augusto Casimiro, 1. / Rosalía de Cas-

tro, 1. / Correa Calderón, 1. / Álvaro Cunqueiro, 1. / Manuel Curros Enríquez, 2. / Julio Dantas, 1. / R. Dieste, 1. / Samuel Eiján, 1. / Robustiano Faginas, 1. / Herminia Fariña, 1. / Xan das Festas, 1. / Marqués de Figueroa, 4. / José María de la Fuente Bermúdez, 3. / José García Mosquera, 1. / Celestino García, 1. / Alfredo Gómez Jaime, 1. / Francisco María de la Iglesia, 1. / José Iglesias Roura, 2. / Jacob, 1. / Enrique Labarta Posse, 3. / Manuel Lago González, 4. / Valentín Lamas Carvajal, 3. / Ángel Lázaro, 1. / M. Leiras Pulpeiro, 2. / Antonio Losada Diéguez, 2. / Eugenio Montes, 3. / José María Mosquera, 1. / Manuel Murguía, 1. / Antonio Noriega Varela, 1. / Xan de Ningures, 1. / J. Otero Espasandín, 2. / Emilia Pardo Bazán, 1. / Nicomedes Pastor Díaz, 2. / Antón de Pepiño, 1. / Aureliano J. Pereira, 3. / Luis V. F. Pimentel, 1. / Juan Manuel Pintos, 1. / Eduardo Pondal, 1. / Carmiña Prieto Rouco, 1. / Ribas Montenegro, 5. / Vicente Risco, 2. / Eladio Rodríguez González, 3. / Juan A. Saco Arce, 1. / Xoaquín Sánchez Peña, 1. / Victoriano Taibo, 2. / Florencio Vaamonde, 4. / A. Valcárcel, 1. / Antonio G. Vázquez Queipo, 1. / Benito Vicetto Pérez, 1. / Johan Viqueira, 1. / Antonio Zapata García, 1. / Anónimas e tradicionais, 4.

Total recortes poesías e folletos, 12 exem.

— Outros xéneros literarios de autores galegos:

* 3 pezas impresas e 5 multigrafiadas.

— Autores (A-Z):

* Gustavo Adolfo Bécquer:

Recortes de prensa, un extra de ABC e Debate sobre o centenario do seu nacemento. 6 pezas.

* Miguel de Cervantes Saavedra:

Cromos infantis sobre D. Quijote. 3 pezas.

Recortes de prensa. 37 pezas.

* Gregorio Marañón Moya:

Recortes de prensa. 3 pezas.

* José Ortega y Gasset (recortes de prensa de El Sol):

Amor en Stendhal. 1926. Incompleto. 8 pezas.

Dinámica del tiempo. 1927. 4 pezas.

La elección en Amor. 1927. 5 pezas.

Entreacto polémico. s. a. 3 pezas.

Las ideas de León Frobenius. 1924. 3 pezas.

La interpretación bélica de la Historia. 1925. 3 pezas.

Maura o la política. s. a. 6 pezas.

La misión de la Universidad. 1930. Incompleto. 5 pezas.

Mirabeau o el político. s. a. 5 pezas.

Notas del vago estío. s. a. Incompleto. 11 pezas.

Pedagogía de Secreciones internas. s. a. 2 pezas.

El poder social. 1927. 5 pezas.

Quién manda en el mundo. 1930. 11 pezas.

Sobre el poder de la prensa.

Sobre la muerte de Roma. s. a. 3 pezas.
El tema de nuestro tiempo. (Una lección universitaria).
s. a. 6 pezas.

Temas de viaje. 1922. 4 pezas.

Outros artigos soltos de diversos anos de menos de 3
pezas cada un. 73 pezas.

* Rabindranath Tagore:

Recortes de prensa. 3 pezas.

* Ramón del Valle Inclán:

Recortes de prensa. 28 pezas.

* Yeats:

Two folk-dramas. Santiago, 1935. Impreso. 1 peza.

* Outros autores:

Recortes de prensa. 44 pezas.

Xeografía. Biografía. Historia (9):

— Viaxes e Turismo:

* Recortes de prensa. 29 pezas.

— Santiago de Compostela e Santiago Apóstol:

* Recortes de prensa. 24 pezas.

— Biografía e Historia:

* Recortes de prensa. 44 pezas.

* Heráldica galega presentada por José Espinosa Rodríguez, en "Faro de Vigo". Recortes de prensa. 14 pezas.

* Colón Gallego. Recortes de prensa. 11 pezas.

* Ramón Villar Ponte. Recortes de prensa. 34 pezas.

* "Souvenirs inédits de Carolina Otero". Feuilleton de "Comœdia". Recortes de prensa. 19 pezas.

* "Don Fernando de Valladares", Santiago, 1952 e "Estampas de Cambados", s. l., 1953, por José Caamaño Bour-nacell; "A Illa d'Ons", Santiago, s. a., por Alvaro das Casas; "Catálogo dos Castros Galegos, Terra de Lobeira", Santiago, 1933, por Florentino López Cuevillas; "Casité-rides", Madrid, 1950 e "Sepulcro paleocristiano de Coiro" (Coruña), Sep. de Archivo Español de Arqueología número 79 (1950), por Luis Monteagudo. Libros impresos. 6 pezas.

VIQUEIRA, Xohán Vicente. 6 caixas

1. FONDOS ORGÁNICOS

DOCUMENTOS PERSONAIS

Correspondencia:

— Cartas dirixidas a J. V. Viqueira de:

* Leonardo Coimbra, 1. / Correa Calderón, 1. / Marcelino Domingo, 1. / D. Katz (postal de Würzburg), 1. / Manuel Lugris Freire, 2. / Vicente Risco, 1. / Losada Diéguez, 1. / Octavio Sergio, 1. / Antón Villar Ponte, 1. / Federico Zamora, 1. / Descoñecido (Membrete da Cámara Municipal de Viana do Castelo), 1.

- Cartas e minutas de J. V. Viqueira a:
 - * Enrique Hervada, 1. / Vicente Risco, 1. / Teixeira de Pascoais, 2.

Individuais:

- Libros escolares de J. V. Viqueira de:
 - * Universidade de Berlín, 1911 e 1913. 2 pezas.
 - * Universidade de Gotinga, 1913. 1 peza.
 - * Universidade de Leipzig, 1912. 1 peza.

DOCUMENTOS DE FUNCIÓN

Instituto da Coruña:

- * Exercicios de Filosofía dos alumnos da Cátedra de Filosofía da Coruña. 1 caixa.
- * Memorias do Instituto Xeneral e Técnico da Coruña, 1924. 3 exem.

Irmandades da Fala:

- * Oficio nomeándoo membro do consello de redacción do boletín "A Nosa Terra". 1922. 1 peza.

DOCUMENTOS CIENTÍFICOS E LITERARIOS

Autógrafos manuscritos e mecanografiados:

— Poesía:

- * Varias autógrafas. 33 f.
- * Antoloxía da Poesía Galega, s. XII a XIX. Xerocopia. 1 peza.
- * Diez idilios de Teócrito, Nueva Versión del griego, con notas. Manuscrito. 1 peza.

— Obras de Filosofía: Lóxica, Psicología e Ética:

- * Programas, apuntes, ensaios, leccións de clase, bibliografía, tratados. Manuscritos. 3 caixas.
- * Apuntes de dereito. Mecanografiados. 1 peza.


— Miscelánea:

- * Libretas con notas e dibuxos manuscritos. 2 pezas.

Obra impresa:

- * Programas de Psicología, Lógica y ética. A Coruña, s. a. 4 exem.
- * Lecciones elementales de Historia de la Filosofía (resumen). A Coruña, s. a. 2 exem.
- * Psicología y Lógica. En "Estudio", VI, 65. 1 exem.
- * Lecciones de metafísica, probas de imprenta. 1 exem.
- * Anormalidades mentales y educación. En "Boletín Escolar", 1919 e 1920, con notas autógrafas. 1 peza.
- * Bosquejo de Psicología infantil. En "Revista General", s. a. 1 peza.
- * La Nueva Psicología del sonido. En "Estudio". 1915. 1 peza.

OLGA GALLEGO
e PEDRO LÓPEZ
Vigo



Homemaxe a Fernin Poutol.

Aniethu 81

A PROPÓSITO DA PUBLICACIÓN EN "LA NACIÓN" DUNHA NECROLOXÍA DE ANTOLÍN FARALDO

No mes de xullo de 1853 publicase de xeito destacado no xornal madrileño *La Nación* unha longa necroloxía de Antolín Faraldo, firmada polos tamén galegos José Rúa Figueroa e Antonio Romero Ortiz. A sentida homenaxe dos seus amigos e compañeiros na loita política viña precedida dunha sinxela nota editorial na que, textualmente, se recollía o seguinte:

"Nuestro amigo y correligionario político el distinguido escritor público don Antolin de Faraldo ha muerto en Granada el día 20 del mes pasado.

Nos hemos abstenido de publicar antes esta triste noticia por no ser los primeros en comunicarla a su desconsolada familia"¹.

Non era a primeira vez que no devandito xornal progresista se falaba de Antolín Faraldo. Citaselle en abril de 1853 entre o escolleito fato de galegos residentes por aquel entón na Corte, preocupados pola realización de actividades benéficas que, dalgún xeito, permitiran paliar os terribles efectos da fame desatada en Galicia, principalmente no inverno dese mesmo ano e que, xa daquela, adquiría proporcións alarmantes². Encabeza a lista Ramón de la Sagra e xunto a el aparecen Domingo Fontán, Daniel Carballo, Vicente Alsina, Eduardo Chao, Antonio Romero Ortiz, José Rúa Figueroa, Pedro A. Mourin e Manuel Somoza³.

A recadádiva de nomes non é casual, polo que cumpre que nos deteñamos neles. Ao denominador común de seren todos eles "ga-

¹ Véxase en *La Nación. Diario progresista constitucional*, de 3 de xullo de 1853. Nestas datas dirixía o xornal José Rúa Figueroa (quen se integrara ao equipo do periódico en 1850), e nel figuraban Antonio Romero Ortiz como redactor e Daniel Carballo como secretario da redacción.

No número un do xornal (1-V-1849) publicase un "prospecto" de dezasais puntos contendo o ideario do partido progresista, que será asumido con entusiasmo pola redacción do mesmo. Firmaba ademais o devandito "prospecto" o primeiro director do periódico Luis Sagasti quen, co tempo, logo do trunfo da "revolución de xullo" (1854), sería gobernador de Madrid.

² A plasticidade con que Rosalía de Castro lle recorda a Murguía o espectáculo dantesco que ofrecía Santiago nestas datas, libranos de calquer intento de describir a miseria de Galicia (véxase en M. Murguía, "Ignotus", reproducido en *Política y Sociedad en Galicia*, Madrid, 1974 (reedición), pp. 93-104). Téntase unha aproximación socioeconómica, á crise agraria de 1853 en María Xosé Rodríguez Galdo e Fausto Dopico, "La crisis agraria de 1853-1855 en Galicia y la persistencia de las estructuras tradicionales", *Investigaciones Económicas*, n.º 7, 1978, pp. 203-207.

³ *La Nación* o 21 de abril de 1853 ao dar conta da actuación deste feixe de galegos, sinala que, como primeira medida "...se resolvieran invitar a los señores directores de los teatros principales, con objeto de que diesen una función benéfica a beneficio de las provincias afligidas por la miseria, y, como esperaban, todos se apresuran a contestar en términos altamente lisonjeros, felicitándose de tomar parte en una obra tan digna y meritoria...".

legos en Madrid" suman a sua adhesión nese intre, mais ou menos explícita e en grado desigual, aos presupostos doctrinais que animan ao partido progresista e do que *La Nación* aparece como o voceiro máis cualificado⁴. Falamos de "presupostos doctrinais" e non de militancia política en sentido estricto, entendendo que a liña de moralidade pública reivindicada polo devandito xornal e o decidido tono crítico con que fustiga á Administración moderada de Sartorius, o conde de San Luís, facianno depositario das esperanzas de cambio areladas, amáis de por amplos sectores populares, por aqueles espíritus intelectuais máis inquedos. O papel do xornal *La Nación* como aglutinador do grupo explicaría, pois, a inclusión, ou millor a presenza, dunha personalidade tan complexa como Ramón Martínez de la Sagra⁵.

O resto do grupo compoñenno os máis esgrevios ideólogos mozos e activistas políticos da que se deu en chamar "xeneración rexionalista de 1846"⁶ (pensemos nun A. Faraldo, nun J. Figueroa, nun A. Romero Ortiz), liberais de primeira hora como Domingo Fontán⁷ para quen, en virtude dos seus méritos se ven de reivindicar o título de "precursor do galeguismo decimonónico" nun recente traballo⁸, militantes xa de vello no partido progresista como Vicente Alsina ou mozos como Eduardo Chao e Daniel Carballo⁹... Pola mesma fonte, o xornal *La Nación*, sabemos que o pensador e polígrafo coruñés, mentor ideolóxico da xoven xeneración do 1846 (os mesmos firmantes da necroloxía lembrannos que A. Faraldo

⁴ Fálase arreo do vencello que os une ao partido progresista en editoriais e artigos diversos, facendo seus os dezaseis puntos do "prospecto" con que inauguraban a publicación do mesmo.

⁵ Un riguroso estudio sobor da figura intelectual de La Sagra publicouno hai poucos anos Jordi Maluquer de Motes en *El socialismo en España*, Barcelona, 1977, pp. 200-236.

⁶ Término empregado por Xosé R. Barreiro Fernández en "Pronunciamiento do 1846 e rexionalismo galego", *Grial*, n.º 50, 1975, pp. 413-428.

Tal xeneración foi obxecto de moi diversos ensaios. Os seus antecedentes inmediatos foron estudiados por Benito Varela Jácome en "La Academia Literaria de Santiago en 1842", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 28, 1954. Baldomero Cores Trasmonte publica "Antolín Faraldo y el regionalismo gallego" no *Boletín del Instituto de Ciencia Política*, n.º 10, 1972, retomando en parte o tema en "Vida y muerte de Antolín Faraldo", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXVI n.º 79, 1971. Ocupase tamén dela Xosé Vilas Nogueira en "Ideología y periodización del diferencialismo gallego en el siglo XIX" en *VII Coloquio de Pau. De la crisis del Antiguo Régimen al Franquismo*. Madrid, 1977, pp. 11-35. Asimesmo neste ano publica X. R. Barreiro Fernández, *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*.

⁷ No 1823 desempeñaba o cargo de secretario da Diputación de Galicia (Cfr. en *Diario Constitucional de la Coruña*, luns 28 de abril de 1823). En 1816, en Santiago, fora profesor de Matemáticas Sublimes de Ramón de la Sagra (véxase en M. Casas, "Un gallego ilustre. Don Ramón de la Sagra", en *Vida Gallega*, n.º 146, 1920. Citado por C. A. Zubillaga Barrera, "Epistolario americano de los hermanos Sagra", *Grial*, n.º 22, 1968, pp. 433-450.

⁸ Xan Carmona Badia e Xosé Cordero Tarrón, "Introducción á análise da redención foral de Mendizábal en Galicia", en *Revista Galega de Estudios Agrarios*, n.º 3, pp. 37-45, en especial a nota 18.

⁹ O mesmo xornal *La Nación* deixa constancia da actividade de ámbolos dous, Chao e máis Carballo. Ao primeiro atopámolo participando nas xornadas revolucionarias de xullo de 1854 en Madrid, ao lado de J. Rúa Figueroa, A. Romero Ortiz e outros persoeiros do progresismo. En outubro do mesmo 1854 sae elixido deputado por Ourense na candidatura da Unión Liberal. No decembro dese mesmo ano, noméano "oficial primero del ministerio de la Gobernación". Daniel Carballo, pola sua parte, desempeña as funcións de secretario da redacción de *La Nación*; resultando elixido en novembro deputado pola Coruña nas listas da Unión Liberal.

"en 1846 daba a luz en compañía de don Ramón de la Sagra y de los que firman estas líneas, *El Porvenir de Galicia*)¹⁰, seguía a manter unha estreita relación con aqueles mozos santiagueses que, por avatares da política, tiveran que abandonar a súa terra¹¹, e que agora desenvolvían en Madrid unha actividade importante no eido da publicística¹².

En varios números do devandito xornal, no decorrer do 1853, publicanse artigos de R. de la Sagra¹³, o mesmo que en distintos números de 1854 se recollen estudos da súa autoría sobre da Illa de Cuba¹⁴. Tamén, pola súa parte, a redacción do xornal adoita facer causa común con la Sagra diante do esquecemento de que é vítima por parte do Goberno; e así aprovéitase que o axuntamento de París acordara por unanimidade concederlle "una medalla de primera clase" para denunciaren que a Administración nin tan siquer lle satisfai "la asignación que se le tiene acordada" para encarar a publicación da súa "grande obra de la isla de Cuba"¹⁵. Ademais La Sagra axiña ía encabezar a candidatura da *Unión Liberal* por Lugo, resultando elexido en outubro de 1854¹⁶. As súas intervencións nas primeiras sesións das Cortes Constituintes do Bienio acadaban deseguido eco na prensa influida polo progresismo, tal como se refrexa en *El Coruñés* de 19 de decembro de 1854 que recolle íntegra a controversia que sobor da situación especial de Galicia mantivo o agora deputado lugués co ministro de Fomento Luján. Tamén *La Nación*, agora subtítuloado "eco de la revolución

¹⁰ Repítese cáseque testualmente o mesmo na necroloxía que lle adica a redacción de *La Nación*, a José Rúa Figueroa, e que se publica no devandito xornal o día 23 de maio de 1855.

¹¹ Sabemos da estada en Lisboa de A. Faraldo e de A. Romero Ortiz polos artigos que dende ali envían, en 1847, ao coruñés *Boletín Mercantil e Industrial de Galicia*. Do primeiro publícase no n.º 27 "Impresiones de Lisboa", ás que acompaña dunha ben significativa dedicatoria ("Eu te saúdo ó terra hospitaleira"); no número seguinte Romero publica "Recuerdos de Portugal". Recóllese tamén no devandito *Boletín*, n.º 26, un fragmento da carta que Faraldo lle dirixira ao redactor do mesmo, J. Puente Brañas, e que nos fala ben ás claras do desacougo que sinte naquel intre o xoven Faraldo cando escribía: "Es seguramente muy triste escribir sin recompensa: mucha abnegación, mucho civismo hace falta para imponerse una tarea estéril como la vida del escritor gallego: pero ya que tal es nuestro destino aceptémoslo resignados. Nosotros, dirás, tu, abrimos la senda, cultivamos un campo cuyos frutos recogerán nuestros nietos; estamos formando el público que hará ricos a los escritores que nos sucedan. Bien, muy bien; mas yo no pienso en la posteridad". Pola súa parte, J. Rúa Figueroa voltaría a Galicia en 1848 como recolle Antonio de Valenzuela Ozores nunha pequena semblanza que lle adica á súa morte e que publica *La Nación* o 21 de xuño de 1855; parece que Faraldo tamén voltou a Galicia (véxase en Francisco Fernández del Riego, *Antolín Faraldo: un precursor*, Vigo, 1978). A estes homes e a outros da súa xeneración as circunstancias políticas fixéronlles desistir da súa permanencia en Galicia, sendo de destacar o achego que lles dispensou nestes anos difíciles o escritor vivariense e destacado político conservador, Nicomedes Pastor Díaz.

¹² Está por facer un "censo" dos periodistas galegos destacados en Madrid nestes anos. Ao longo destas páxinas fálase un algo dos máis sobresaintes, permitindo realizar un achegamento a este feito.

¹³ Véxase, por exemplo, en *La Nación* de 20 de maio de 1853.

¹⁴ Así en 11 de abril de 1854.

¹⁵ Véxase no número do 27 de xaneiro de 1854.

¹⁶ Integraban a candidatura da *Unión Liberal* por Lugo, amáis de La Sagra, Ramón Pasarón y Lastra, Nicomedes Pastor Díaz, Ignacio Yáñez Rivadeneira, Augusto Ulloa, Manuel Somoza, Juan María Blanco de la Toja, Policarpo Carrera, Valentín Vázquez Curiel e Benito Somoza (véxase en *La Nación* de 30 de setembro de 1854).

de julio", dá cabida nas suas páxinas á iniciativa de La Sagra contra das realización do tamén deputado galego Urbano Feijóo Sotomayor e da sua empresa de inmigración branca na illa de Cuba" ¹⁷.

Coñecer o entorno político en que se desenvolvía Faraldo en Madrid ten para nós un especial interés. Ese é o valor principal que apoñemos ás referencias periodísticas contidas en *La Nación*. Pois anque breves e se se quere esquemáticas botan unha certa luz sobre os derradeiros anos da vida do noso lider provincialista, permitindo desbotar, ao menos en parte, a interpretación que nos ofrecera Murguía en *Los Precursores* ¹⁸. A necroloxía confirma asimismo as averiguacións que encol do lugar e a data do seu pasamento realizara Francisco Vales Villamarín ¹⁹. Albíscase tamén na homenaxe póstuma de *La Nación* a causa da sua morte, e teñen alí comprida resposta as preguntas que sobor dos motivos que determinaron a Faraldo a se refuxiar en Granada (onde, efectivamente atoparía acobillo definitivo), se facian os máis rigurosos estudos da obra faraldiana ²⁰.

Non é este o momento de resaltarmos a importancia da prensa de mediados do século XIX, e a sua influencia no acontecer político do país. Faraldo e os seus vellos compañeiros na política empregaron a fondo este recurso para impulsar os cambios que, segundo eles coidaban, demandaba a sociedade española. A muda forzada de escenario político fíxolles afondar na necesidade dunha reforma radical a nivel do aparello xurídico-político. Mais sen por elo esquecer a peculiar problemática diferencial galega, labor no que destacarían xunto con A. Faraldo, J. Rúa Figueroa, A. Romero Ortiz, E. Chao, D. Carballo... dende as filas do progresismo, e Vicente M. Cociña, Tiburcio Faraldo, Luis de Trelles... dende posicións liberais máis moderadas que tiñan o seu voceiro en *El Oriente*, Augusto Ulloa dende as páxinas de *El Tribuno*, etc. Galicia acadou en Madrid, especialmente no período anterior á "revolución de julio" (1854), meirande representación ao través destes homes que

¹⁷ O xornal reproduce a petición que La Sagra realiza ás Cortes xuntamente con outros deputados galegos, e que redactaran nos términos seguintes: "Reclamando un urgente remedio a los inhumanos abusos a que está dando lugar la empresa de colonización de pobladores gallegos en la isla de Cuba pido a las Cortes Constituyentes se sirvan acordar que el Gobierno traiga, para su examen y efectos consiguientes, el expediente de la contrata, conforme a la cual se están haciendo dichas introducciones. Palacio del Congreso 8 de enero de 1855. Ramón de la Sagra, Ramón So-moza, Alejandro Castro, Juan Diego Osorio, José Vázquez Bugueiro, Policarpo Carrera, Tomás Acha". En diversos números do xornal, no decorrer do 1854, *La Nación* viñera facendo unha defensa do proxecto de Feijóo (especialmente nos meses de abril e maio). O nomeamento do xeneral Concha como capitán Xeneral da Illa de Cuba influíu no cambio de actitude do xornal (como se pode apreciar, por exemplo, no número correspondente ao 14 de novembro de 1854).

¹⁸ Murguía escribe que Faraldo "...después de haber anunciado la buena nueva... abandonó su tierra y sus antiguos amores: desde Mayo de 1846 no pertenece ya a Galicia. Abandonó las banderas de la pequeña patria, y dejó el reducido ejército sin Jefe... Verificose en su modo de ser un cambio radical. Puesto por entero al servicio de las ideas liberales, deserta de los altares en que quemaba su incienso y se olvida de servirlos..." (Cfr. M. Murguía, *Los Precursores*, páx. 34).

¹⁹ Francisco Vales Villamarín, "Deshaciendo un error. Antolín Faraldo falleció en Granada", en *Boletín de la Real Academia Gallega*, T. XXVIII, 1957.

²⁰ Así, Francisco Fernández del Riego, *ob. cit.* Páx. 77.

ao través dos seus propios deputados nas Cortes, a pesares dos denodados esforzos de homes como o tamén deputado V. M. Cociña.

Non extraña, polo astra aquí sinalado, que *La Nación* reproduza, por exemplo, no seu número do 21 de maio de 1851 un duro manifesto no que se denuncia a situación de Galicia, afirmando ser ésta "la Irlanda de España"²¹. As críticas circunstancias que vive o País Galego a raíz do desencadeamento da crise agraria de 1853 son analizadas polo miúdo, denunciándose rexamente as causas de fondo que a motivan, urxindo solucións ao goberno... As denuncias contra da administración moderada suben de tono con ocasión da aparición do cólera nas costas galegas. Por este motivo *El Oriente* será denunciado e o seu director V. M. Cociña sometido a xuício²²; a vehemencia dos seus escritos é secundada por *La Nación*, que reproduce os chamamentos de aquel. As persecucións reafirmanos na defensa dos intereses de Galicia; escriben daquela que "Galicia, nuestro país querido, ha sido siempre y continúa siendo el objeto de nuestra viva solicitud... nosotros, decimos, que venimos siendo los defensores celosos de Galicia y los representantes de sus intereses, como también los patronos de sus necesidades..."²³.

Unha relación exhaustiva dos temas galegos abordados nesta específica prensa madrileña sería longa. E o noso propósito, neste momento, céntrase en sinalar as vivencias, nesta nova xeira, dos compañeiros de xeneración de Faraldo e de el mesmo. Experiencia, polo demáis, moitas veces trágica, como recalca a redacción de *La Nación* esta vez en homenaxe póstumo a José Rúa Figueroa:

"Parece que persigue un destino fatal a los publicistas galicianos. En 1853 murió don Antolín de Faraldo, el redactor de *La Europa*, el escritor más enérgico, más entendido y más elocuente del partido ultra-progresista. En 1854 murió don Vicente Manuel Cociña el redactor de *El Oriente*, el escritor más erudito, más ameno y más conciencizado de la fracción conservadora. En 1855 muere don José Rúa Figueroa, el escritor más ilustrado y más modesto de la escuela progresista"²⁴.

²¹ Imaxe que se repetirá en boca de escritores diversos nestes anos, especialmente críticos para Irlanda e máis para Galicia. O mesmo embaixador inglés en España escribiulle a Lord Clarendon en abril de 1853 que "allí (Galicia) estaban peor las cosas de como jamás lo hubieran estado en Irlanda". Véxase en The Clarendon Papers da Biblioteca Bodleiana de Oxford, citada por V. G. Kiernan, *La Revolución de 1854 en España*, páx. 41.

²² Os artigos que levaron ao procesamento de Cociña foron publicados o 9 de febreiro de 1854 e o 11 de febreiro tamén de 1854. Dase conta da absolución do director de *El Oriente* no número correspondente ao 1 de abril de 1854.

²³ Recólleo de *El Oriente* o número de *La Nación* correspondente ao 26 de febreiro de 1854. Amais das persecucións das que viñan sendo obxecto como representantes da prensa liberal e progresista, tiñan que soportar agora novos atropellos acusados de fomentar o intento de cambio político protagonizado por elementos militares en Zaragoza os días 20 e 22 de febreiro. Cociña refúxiase daquela en Córdoba, namentras que Tiburcio Faraldo e Luis de Trelles teñen que "pasar á clandestinidade" por algún tempo, ao igual que o director e redactores de *La Nación*. Mais non por elo decae a actitude combativa da prensa liberal, e particularmente da progresista.

²⁴ Cfr. en *La Nación* de 23 de maio de 1855. Por aquel entón J. Rúa dirixía a Imprenta Nacional. No periódico *El Journal de Madrid* de 24 de maio recóllese as verbas que lle adicou o seu compañeiro de tantas horas, Antonio Romero Ortiz, no acto do seu enterro no cemeterio madrileño da Sa-

A contemplación da evolución política de dous membros significados da xeneración de 1846 (ou xunguida a ela por fortes vencellos, como E. Chao por exemplo), supervivintes a Faraldo, Cociña e Rúa Figueroa, como ben pode ser o caso de Eduardo Chao e de Antonio Romero Ortiz (o primeiro evolucionando cara planteamentos e praxis federalistas²⁵, e o segundo mergullado no aparello de poder estatal dende as filas do Partido Demócrata)²⁶, non permite aventurarnos a posible evolución ideolóxica de Antolín Faraldo ou do mesmo José Rúa Figueroa, homes desta truncada xeneración mortos prematuramente.

CARMEN e MARÍA XOSÉ RODRÍGUEZ GALDO

Santiago

NECROLOGIA. DON ANTOLÍN FARALDO.

“Como hijos de Galicia, como escritores públicos, como liberales, y como amigos, vamos a tributar en estas líneas un doloroso homenaje a la memoria del que acaba de desaparecer de entre nosotros dejando tras de sí una vida corta en años, dejando delante de sí un porvenir de legítimas esperanzas. A los que le hayan conocido cuando en las aulas alzaba su elocuente voz para romper las torpes cadenas que la tradición escolástica y las rutinas universitarias imponían al pensamiento afanoso de emancipación y de nuevos y vastos horizontes; a los que le hayan leído cuando en la prensa periódica sustentaba las más atrevidas tesis del espíritu y del siglo; a los que le hayan visto cuando en el terreno de la política ardiente se consagraba a la defensa de la causa liberal y de todas las conquistas de nuestra época; a los que hayan adivinado en su frase enérgica y severa, en su estilo elocuente y sentencioso, en sus ideas lozanas y profundas al escritor distinguido y al pensador discreto, al patriota inflexible; a los que hayan sabido que este genio maduro, que esta cabeza perfecta no estaba inspirada más que por un alma de seis lustros, a estos y solo a estos es a quienes pedimos una lágrima que se una con las nuestras, para que su raudal corresponda a la intensidad de nuestra pena, y para que su número espese el hondo sentimiento de los pocos que tratándole le querían, y de los muchos que sin tratarlo lo amaban. Harto sabemos que hay reputaciones de 30 años que asombran al mundo con su posición y sus escritos, renombres que nacen sin oriente, personas que mueren sin ocaso; fortunas privilegiadas que aparecen a tiempo en la sociedad, que se anuncian sobre un teatro ya levantado, y ante un público ya reunido, genios de la ocasión, que la ocasión los eleva y la ocasión los protege. Desgraciadamente Faraldo no gozó de esta venturosa estrella, no porque fuere menos digno de su luz que otros muchos, no porque no mereciese brillar tanto como otros que brillan y

cramental de San Luís. Entre outras cousas Romero Ortiz sinalaba: “Rúa Figueroa ha muerto, pero su nombre vivirá mientras se conserven las colecciones de ese periódico en donde prestó tan eminentes servicios a la causa liberal, mientras vivan los que compartieron con él los peligros de la revolución de 1846, los que expusieron con él su pecho a las balas en las jornadas de 26 de marzo y de 7 de mayo de 1848 y en los tres memorables días de julio...”.

²⁵ Véxase en Xan Moreno, *El Federalismo gallego en el sesenio*. Tese de Licenciatura, Facultade de Xeografía e Historia, Santiago, 1872 (inérita).

²⁶ Sinálase a participación activa de A. Romero Ortiz no nacemento, en novembro de 1868, do novo partido “monárquico-democrático” formado “sobre a coalición dos elementos dos tres anteriores partidos (Demócrata Español, Progresista e Unionista) e a aceptación conxunta da forma monárquica e das ideas democráticas” (véxase en Antonio Eiras Roel, *El Partido Demócrata Español (1849-1868)*, Madrid, 1961, páx. 388).

brillaron en nuestra patria. Meteoro fugaz cruzó el espacio de su vida, sin dejar más que un tenuísimo rastro para el mundo: lámpara solitaria, no tuvo más rayos que los que recogieron en su corazón sus compañeros; en sus columnas la prensa que publicó sus muy contados escritos. No podía suceder otra cosa. Las persecuciones empezaron para él cuando para otros se abría la carrera de los destinos: de la Universidad salió para la emigración; de la emigración regresó para devorar en las filas de su partido una serie de infortunios, cuyo principio contó en 1843, cuyo término no sabemos si habremos de contar cuantos hemos tenido la dicha o la desdicha de sobrevivirle.

¡Fenómeno digno de estudiarse! A medida que fue adelantando en edad, a medida que iban marchitándose una a una las ilusiones del espíritu virgen, del espíritu que cree en pronta realización de lo que considera justo y bueno, Faraldo concentraba en sí mismo las sensaciones que en otro tiempo servían para estimular sus publicaciones literarias, se hacía avaro de escribir para el público, desconfiaba, sino de sí, de la eficacia de su palabra, esparcía con suma parsimonia los frutos de su talento. En 1841 redactaba en Santiago *El Recreo Compostelano*, periódico literario; en 1843 escribía en *La Situación de Galicia*, diario político de aquella provincia; en 1846 daba a luz en compañía de don Ramón de la Sagra y de los que firman estas líneas, *El Porvenir de Galicia*. De este año en adelante le pierden de vista las letras, y con las letras, su patria. Naufrago, como nosotros, de la revolución de Galicia, se refugia en las orillas del Tago, víctima también como nosotros, de las persecuciones de 1848, va a ocultarse en las risueñas florestas de Andalucía.

¡Ay! Tierra encantadora que le recibió en sus brazos lleno de juventud, y que le despidió de su regazo consumido por la fiebre: país delicioso adonde dirigía sus miradas en busca de consuelos para las heridas de la política, y a donde encaminaba sus suspiros en busca de un remedio para el fatal pronóstico de los doctores. Allí murió aun no hace quince días: allí murió acompañado de su hermano; lejos de los que sin serlo por la sangre, lo fueron y lo son por los dulces vínculos del compañerismo, de la amistad y de las opiniones.

Galicia, que era su cuna, sabe que las primicias de su ingenio fueron para su historia; Santiago, que fue su escuela, sabe que los albores de su inteligencia alumbraron sus aulas: el partido progresista, que fue su bandera, sabe que sus fuerzas se ejercieron en su defensa: nosotros que fuimos sus amigos, sabemos que a nuestro lado combatió joven y niño, cuando empezaba a vivir, y cuando empezó a morir, cuando sonreía ante la perspectiva del triunfo de su causa, y cuando desfallecía ante el siniestro presagio de que tendría que sucumbir sin poder saludarlo. ¡Ni aun la triste recompensa de la victoria sin despojos le otorgó su adversa suerte! Luchar día y noche, hora tras hora, caminar instante por instante, tras una idea que se tiene en el corazón, y que no se encuentra en el gobierno, tras un bien que se pide para el pueblo y que el pueblo no recibe, tras de una verdad que pertenece al siglo que al siglo se le niega, y morir rendido, no por la fatiga del viage, no por el desmayo de la voluntad, no por la ira de los hombres, sino por la mano de ese ciego destino que nos obliga a respirar un poco de veneno en la atmósfera, y que rehusa cierto temple a alguno de nuestros órganos... Esto es horrible, esto es desgarrador; esto no admite consuelo fuera del consuelo a que nos obliga Dios al ordenarnos sus inescrutables decretos.

Faraldo vivió pobre, y eso que tenía un rico patrimonio en su cabeza: Faraldo vivió humilde, y eso que contaba con el legítimo orgullo de las inteligencias escogidas. ¡Qué extraño es! Progresista, no conoció la apostasía: liberal, no se dobió a la adulación; español de 1853, no tenía otras necesidades que las del alimento y el vestido.

Todas estas cualidades son uno de los mejores títulos que puede ofrecer a la consideración y al aprecio de los que le sobreviven, aunque no el único que nos obligue a llorar su eterna ausencia.

J. Rúa Figueroa - A. Romero Ortiz"

RONSEL DE ARROAZ

DE VIRE

Asegún é fama nas beiramares de Muros, arroaces cariciosos seguen o ronsel dos andares de dornas e cachemares á hora da marea chea, na xornada da lua; e, si en ela os mariñeiros empreñan muller en apareamentos vespertinos, nascerán á luz de nove meses cumpridos só homes de peitos abertos e azares de ben. Fillos varóns trabados de bos sucesos que lles saberán a pan trigo a quen os trouxer.

Pero non todos quixeran sempre por certo o aquél desta sona. Houbo xa, entre quenes quer á fama mintireira, un home posto na deixar pra as vellas, onda non pra o engano. E B, que así se chamaba aquele home, puxéralle a obriga de dicer o porqué da morte de Domingos, vindo de aquela industria, aos crendeiros, sendo, como habemos ver, os seus inquéritos respondidos coa disciplina da mesma vida de Domingos.

Éste abriera os ollos ao mundo naquele valimento da lua un mencer estivo, celebrado por frautas de olivo verde sete vegadas, e da sua criancice medráranlle as mañas das palabras, que logo afacería a escribir todas as xeiras da moi goapisima dona, entre as madamas muradananas a sua sirea. Conecera do corpo de Eva á hora que a vira, e xa nunca haberían segredos os dous. Diríanse a gracia do seu alfabeto naquele pirmeiro encontro; pra de alí en diante falárense entendidos sempre un dentro do outro. Así, até que ao principiar o ano que referimos ela acudira a se dar ás doce da Lanzada o baño das nove ondas, por traere fructo de amor á vida, misturándose o seu corpo blao de dona coa mar. Domingos soubera da tardanza da amiga polo reloxo da area longa que lla novedara, e coa mesma puxera afán seguido na atopar, e atopáraa, madia leva, en chegando pola voce de ela ás ribeiras de Arousa, que nadaría trais a orca blao que dibuxara co ronsel a sua verba. Ele entrara á mar en noivado de arroaces.

Pero da ausencia, que xa conviñera morte, B abriera portas ás dúbidas. Ula a verdade? Si a for a fama de ben da lua chea, ulo Domingos?

Ían na conta do tempo xa duas luas e había aínda nas señoras donas da beiramar a fe na volta do seu mozo. E porque en elas couper o mandado da verdade, os aers de Muros deixaran sons de frautas á terceira lua. Todos acudiran á mar mansa de Arealonga aos escoitar e ver os arroaces, e de entre eles ao máis distraído dando ao ceo de todos sete asubíos de corna, que desa guisa sería tido coma o sinal de Domingos; e, asegún é fama dende aquela, sempre que Domingos viría a mar de Muros caricioso coa orca blao poñería sete asubíos de corna a cada lua.

V I U V O

Nalgunha das ribeiras de Galicia, nun cabo a mar aberto ou entre praias abeiradas de illas recollidas, ele había lugar pra os choros en común cos arroaces que choraban polas alas perdidas. E era sabido de todos que, polas noitiñas até as doce dos meses co erre no nome, esquencíaos lendo na pizarra do ceo ronselado as verbas de Eva en varia voce, segundo falara nunhas ou noutras estrelas. Aínda que escolliu primeiro Domingos pra lle escoitar as boasvindas cási que só o galgar plural da mar no areal amarelado da Carboeira, aonde eles encararan os pasos guiados do afán seguido da vegada do encontro, tendo así compañía dende antes. O estreleiro Ulises S, quen lle dera a nova de que naquele había vir cun pan, e a da despedida, sería quen lle aprendera a ler o ceo na agarda de nova unión, querida á hora de se afacer a desexo e realidade desemellantes na sua vida.

E for da sorte destas industrias aprendidas que os meses referidos do ano consolaba nas conversas dos choros dos outros oito. Polo meio destes foi cando coidou que, prestándolle máis novo encontro por seguire a sua historia xuntos, chegaría a chamada que conviñeran.

Era fama da terra que quen quixer a dona de peitos de pomba, como era a donina, entraría ao ceo, si o fixer denantes ela, de acudire ao mencer mariño abridor da primavera que cubrira aniversario da dona. Pra aquela xornada durmيران a noite acordes o meimo seu e os meimos da ribeira dándolle razóns.

(El non vos levara a vida a ser amigos? Repetiredes naquelas beiras ao haber os pes ali os dous. El Qué quén elas eran? As de sempre.)

Víraa nesta beiramar co mesmo pan do encontro ao ire a noviciado dos ceos, e co peite de óso ennovelando a cabeleira. Ele dérallo en demanda de perdón á despedida, e até que non o houbera non o voltaría a vere. E xa o vira, tan sabidas as trampas da nombradía das estrelas pola usanza de elas, peinando as ondas da ribeira, meimosas elas i ele. Era o sinal.

Sabía de Evalegre coma dos pans ás fames. E atopándose os seus camiños no alto blao regresarían un pan de amor a cada primavera da ribeira de Pontedeume, pra que muller o levara a vegada do encontro de amigo. Así mil primaveras.

A NOVA

Por seguir coas famas de Muros diremos da dos anos que suman dazaoito, que é de choivas e de baixar o Tambre con moita ribeira endulzando as augas. E, a resultas delo, é de que percuran os pescos ondas de faenas tranquilas mar ao Norde. Acontecendo que si, esquencidos da mensura trais da marea boa, avantan por aquele até un cento de millas, das pasaren no goberno da lua preñarían nele, coma for o sucedido con Domingos —tan guapos os aers pola Ascención coa frol que houbo— da alba de muller delgada, envolvido no sitio dos aers do seu van; sin querer, estando neste engado, a volta.

Pero logo a acordaría, pra lle novedar aos seus o noivado e pra lle dicer á mar muradana das gracias de aquela mar da donina, non-a deixando os celos da amiga e da mar, contente de ter quen-a atendera, pola desconfiar sin regreso.

Era no outro grande o seu contentamento, a pesares de que o tempo que tiña pra a lembranza éravos pouco: durmía a noite dunha aperta seguida e madrugaba con lua pra ire á mar cedo pola artesa de fructos que a cada xornada lle traía, no entanto pende Eva na prinquenia dos laranxos da horta tecendo e desteendo nun noveio, logo de amañar as sábanas aquecidas da noite da parella e denantes de facer o pan que adormecería nas laccas até o encontro. Ele tomáralle decontado lei á mar morna dos cabos, que a cada día voltariao rendido das preguizas vespertinas entre cantares de arroaces xeográficos, que o tiveran enledizado de enredos ao lanzar e ao recoller. A pouco a pouco medráranlle as amizades e poidera darlles a encomenda dos recordos pra as xentes da súa terra, logo de se lle ofrecer o máis distraído de amores, ao conecer a súa pena.

—Douche do meu o andar que percises.

—Irás ao Sul levando nos ronseles os fros que trouxen, Pídeme logo cousa de precio.

Era así que amostrándolles o fardelo da viaxe saberían de ele, aínda que non dos seus beizos. Xa que por máis que porfiare e por máis afinco que puxer eran frocos os seus posibeis pra esa volta, poisque puxera os pes en común con ela da outra beira da vida; e por teren-os prendidos cen millas ao Norde non cabería nin despedida tan curta. Os pes separados, qué pasos soñaran? E qué danzas?

Os arroaces escolleran tamén a ialba de Muros, en tempos de festa, pra a chegada e pedíranlle ás ondas resóns de cornas, tocadas alén das cen millas polo seu mozo, nas ribeiras cheas de moitumedes que acudiran a receber os fros perciveis, recollidos sin mágoa con unha fita de seda que falaba pra eles da atención dos noivados.

Á volta acompañaran aos mensaxeiros dornas e lanchas até a metade xusta das légoas. Eles todo llo contaran, e todo de gratis, a Domingos, quen, por mor de non deixar de balde o recado cumprido, aprenderíalle a tocar a corna, que soplarían en todos os mences dos cabos da mar morna por parellas.

OS NOVE NOVELOS DE SEGUIR

Nove novelos de ondas fian a mar da Lanzada, segundo é culto novo da terra. E dicese neste, creído, que por eles enchen e baixan as mareas de todas as beiramares entre ríos dende Ortegá ás Cíes, abeiradas das nove fontes de augas santas que lavaran os mences da donina.

Todo principiara a vispora do último San Xoan.

Puxera Domingos pola noitiña a monza de cereixas na xanela da Eva. Ela quixéraas, saíndo al alba pola frol da auga que levaría o pan trigo do sí. E, no entanto tomaba unha frol de cada unha das fontes escollidas, demoraría a peinar a cabeleira longa regalando un seu cabelo prendido do peite a cada.

Pero houbo o tempo da volta —na ida só pisadas dos seus pes as rosas que o galán prantara— e a lua fiandeira madeixaría os cabelos mentados por poñerlle mar felice á parella. Anque xa pra os andares, o fructo cortado da lua non percisaba obra de nove meses, houbo separación, debido a que mentres ele ía coas novas á terra ela agardaría a vinda.


I era daquela que das trenzas da Eva, madeixadas, nasceran volvoretas litorais entre os aers, tecéndose a si violíns que empurraban unha cantiga de recramo ás ribeiras. E bailáranlle as perfebas a Domingos, por amor, sob as danzas da verde mar á hora da chegada, coincidente coa da gracia da fusada a circos dos arroaces, franqueada por catro fusadas de especies desemeillantes a cada banda. Así encomendáranlle as xentes atención á chamada que lles puxera medo: "Cercada das ondas da mar nas illas do Sul, e nin barqueiro nin remador". E desta guisa, percebidos os novelos da súa escolta como fiados pra o socorro, ía librar cautiva no máis guapo. I en chegando a Ons escoitaria á mar coma un berce infantil arrolando a Eva; deitouse cabo súa e durmeu na mesma pace. Logo madrugarian con lua e pra almorzo déraselle a fariña areal das praias co almibre do argazo.

Ollados de todos, que seguiran os afáns de Domingos a xornada enteira dende os novelos compañeiros, farialles querer en diante por vontade luar só pra eles tres o das greas de arroaces da súa cabalgadura, que viña de máis lonxe e a máis lonxe ía que o resto. E foran con grande alegría afacéndose ás boasandanzas do seu fio, ondina e mozo, pra a fartura do gosto dos camiños porvir xuntos.

Cando viñeron recibidos non cabía malo sentido: disciplinara o ollar a estampa leda compretada polo recendo ao almibre das aigas, o rumor das ondas vindo entre sons, o pan traído polos mozos sabendo nas bocas, e as areas molladas apousando nas mans.

Benvindas entre as cerdeiras frolecidas outra volta, onda as arbres deran os fructos duas vegadas.

X. L. REI NÚÑEZ
Santiago



ONOMÁSTICA GALEGA: ABELAIRA E FAMILIA

Lixeiramente ó SE de Roma, cabeza do Lacio, surxe a rexión de Campania encabezada por Capua. Unha das cidades que nesta provincia sonaban muito nos tempos antigos era ABELLA. Virxilio chámala *pomífera* ou *malífera* Abella; é decir, productora de mazás e maceiras. Pois ben: do adxetivo *abellanus*, *a*, *um*, derivado de Abella, en xuntoiro có sustantivo *nux*, salía e sale a expresión binomia *abellana nux*, que nosoutros traducimos por *avellana* e tamén *avellano*, outra das producións, tamén características da cidade capuana. Explicitemos sin máis a súa etimoloxía:

ABELLANA NUX: { cast. *avellana/o*.
gal. *aveláa*¹, *avelá*, *avelán*². (Este último tamén significa o árbol).
port. *avelã* (en Figueiredo: 'Fruto de aveleira').
cat. *avellana* (Pompeu Fabra: 'Fruit de l'avellaner').
ast. *ablana*, *abrana* (Dicc., *passim*).
occ. *avelana*, *aulana*.

Pasemos agora ós derivados de *Abellana*:

ABELLANARIA/O: { cast. *avellanera/o*³.
gal. *avelaira*, *ablaira*, *abraira*, *abeleira*: 'avellano'.
port. *aveleira* (como en gal.).
cat. *avellaner*: avellano.
ast. *ablanera*, *ablaneru* (Canellada: 'el, la que vende o trata en avellanas'); *ablanar* (Canellada: 'avellano').

Avellana máis *-ale*, *-are* > cast. 'avellanal, avellanar' (RAE 1970: Dicc. 'Sitio poblado de avellanos').

gal. 'Avelanal': 'Aveleirada' = 'avellanal, avellanar': 'sitio donde abundan las aveleiras o avellanos'.

cat. 'avellanar, avellaneda' (Pompeu Fabra: 'Lloc poblat d'avellaners').

Avellano/a máis *-ētum*, *-ēta* > cast. 'avellanedo/a' (RAE 1970: 'avellanar, avellaneda').

¹ Kelvin M. Parker, *Vocabulario de la Crónica Troyana*, páx. 14, liña 14: 'avelaa, avellana'.

² Figueiredo, Dicc. s. u. *Avelã*: 'Fruto da aveleira'.

³ *Avellanera*: 'Avellano'. *Avellanera/o*: 'La que, el que vende avellanas'.

gal. aveledo/a, avelendo/a (Eladio Rodrig.: Aveleda = aveleira 'avellano'; Aveledo = aveleiredo = aveleireda 'avellanal/r, sitio donde abundan las aveleiras o avellanos'. Avelendo = aveleireda 'avellanal/r, sitio donde abundan las aveleiras o avellanos'.

cat. Avellaneda (Pompeu Fabra: 'Lloc plantat d'avellaners'.

Advertencias: 1. Muitas das formas precedentes, polo menos están contaminadas polo castelán: *Avelaneira* por *aveleira*; *avelanedo* por *aveledo*, *avelleira* por *aveleira*.

2. É fácil observar que, en xeral, partín das formas latinas *postuladas*, co correspondente asterisco. A razón é que así se aluma muito millor o orixe da palabra. Pero podíamos tamén ter prescindido de ese aparato: Unha vez estabelecida a base latina e a forma de algúns derivados, estos nacen dotados da súa propia fecundidade pra multiplicarse mediante os pertinentes sufixos casteláns, galegos, etc. Por ex. unha vez saído á luz do día o castelao *avellana*, mais o sufixo cast. *-edo*, *-eda* xa dan directamente *avellanedo*, *avellaneda*; o mesmo que o gal. *abelá* co sufixo gal. *-aira*, *-eira* dan os derivados galegos: *avelaira*, *aveleira*.


3. Dice Eladio Rodrig. no seu *Dicc.*, s. II. *Abelaira*: 'En algunas comarcas se llama así (*abelatra*) a la aguillada, é dicir, *avelaira* = aguillada, ¡Sorprendente igualanza! E sen embargo, as cousas son así. Teño un irmao labrador, e os labradores nestas cousas son doutores. Como se trata dunha igualdade *semántica*, tamén as descripcións lexicográficas que traen os dicionarios axúdannos moito nesta materia. Así o *Dicc.* da RAE dice no corpo do seu artigo: *Avellano*: 'La madera de esta planta es *dura y correosa*, y muy usada para aros de pipas y barriles'. E os labradores, meu irmao e outros, incluso castelaos, enséñannos: 'As aguilladas preferidas son as de *abelaira*' porque: 1. Como son flexibles, péganse mui ben ó corpo do gado, e non se quebran como sucedería se fosen rixas. 2. A madeira da *avelaira* é *dura*, e os pinchos que ela leva clavados na súa punta, non se embuten nela inutilizándose pró seu oficio. Entre as figuras literarias, ésta que se funda na oposición materia e instrumento feito de ela, entre a causa e o efecto chámase *metonimia*.

4. *Avellanador* e *avellanar* ulen a *avellana* e seus derivados. Pero ó leer nos dicionarios encontramos: *Avellanador*: 'Barrena...'; e apartamos os ollos descorazonados, preguntándonos ¿qué ten que ver unha barrena con unha *avelá*? Pero non perdamos a esperanza, sigamos leendo e encontraremos algo que calme de tudo nosos sobresaltos. *Avellanador*: 'Barrena cuya rosca está sustituida por una cabecilla de forma de *avellana* y estriada, la cual suele emplearse para ensanchar o alisar los taladros o barrenos'. (Para colmo de luz, véxase o dibuxo que trae *VOX* na pág. 174).

5. E o artículo referente a *avellanar* remacha o clavo: 'Ensancha en una corta porción de su longitud los agujeros para los tornillos, a fin de que la cabeza de estos quede embutida en la pieza taladrada'.

FROILÁN LÓPEZ

Madrid



OS FONDOS BIBLIOGRÁFICOS DA BIBLIOTECA PENZOL

A cuantía do fondo bibliográfico é a seguinte:

- Libros: 9.641 títulos, cuns 12.000 volumes (e 1.321 títulos ademáis, do fondo de Economía).
- Folletos: 8.690 títulos.
- Revistas: 300 títulos.

Todas as ramas do saber e da cultura galega están representados, podemos decir que exhaustivamente. De entre as materias que tratan, cabe destacar como máis completas e voluminosas, as relativas a lingua e literatura galega e portuguesa, historia e xeografía de Galicia, dereito e economía. Velequí unha pequena reseña das mesmas, seguindo o orde da C.D.U. (Clasificación Decimal Universal).

0. Interesan as obras sobre exposicións celebradas en Galicia e no estranxeiro, como a Universal de París do 1878, a Rexional de Galicia do 1875, celebrada en Santiago, e numerosas locais ate a actualidade; tratados e descrições de museos galegos e portugueses, memorias, anuarios e outros estudos de sociedades galegas, en Galicia e América, prensa e publicacións periódicas de toda Galicia dos séculos XIX e XX, con exemplares rarísimos como "El Recreo Compostelano", "Estafeta de Galicia", "Diario de La Coruña", "Revista de Galicia", "La Ilustración Gallega y Asturiana", "El Eco de Galicia", "El Danzante", "A Monteira", "Galicia Revista Universal", "El Sensato", "El Iris del bello sexo", "Los guerrilleros por la religión", etc.

3. Moitos libros de política de Galicia e rexións autonómicas, partidos políticos, nacionalismo vasco e catalán, galeguismo, e emigración a América; son numerosas as obras de economía política, relativas a relacións entre patronos e obreiros, terra e propiedade, minifundios, nacionalización e socialización, mutualismo laboral e asociaciónismo; os clásicos da economía política, Somoza de Monsoiu, Sánchez, Labrada, Cornide, etc. Existe, ademáis, un fondo independente adicado exclusivamente a estudos económicos actuais, con máis de 1.321 títulos de libros e 54 de revistas. Entre os fondos de Dereito, hai que mencionar os relativos a dereito foral, con máis de 66 títulos, os referidos a pleitos e procesos célebres, moitos deles do século XVII (memoriais xustados, percones, etc.), dereito civil e familiar galego, con obras de Hervella de Puga, Febrero, Saavedra, Somoza, etc.; dereito procesal e canónico, dereito adminis-

trativo e estratexia militar, sobre beneficencia galega, educación —especialmente, e como é natural, sobre a Universidade de Santiago—, colexios especiais, Concepción Arenal, etc. Entre os de comercio hai publicacións sobre Cámaras de Industria e Navegación, ferrocarriles do século pasado e actual, carreteiras e vías de comunicación desde a época romana. Sobre folklore hai moito e moi interesante: etnoloxía, costumes, danzas, música, refráns, festas, etcétera, de Portugal, Asturias e Galicia.

5 e 6. Obras do 5 e 6 hai poucas, pero interesantes, e relativas a inxeniería hidráulica, minería, transportes, agricultura, horticoltura, floricultura, viticultura, caza e pesca. Mencionaremos *La Flora de Galicia* do P. Merino, entre elas.

7. Existen numerosos estudos sobre arquitectura, escultura e artes aplicadas galegas, ate as recentes reedicións piratas de Castela.


8. É practicamente exhaustivo en literatura galega, o mesmo en poesía como en novela, teatro e outros xéneros menores, desde o século XVII ate os nosos días. Igualmente en literatura galega escrita en castellano e outras linguas, como inglés, francés e italiano, e moitas traducións. En filoloxía é tamén exhaustiva, con gramáticas, dicionarios e vocabularios; i é notable en filoloxía portuguesa e linguas indias norteamericanas.

9. Abondosísimas son as obras do 9, que tratan de xeografía de Galicia e de Portugal; as biografías e os tratados de xenealoxía e heráldica galega, as historiografías e as ciencias auxiliares da historia, da historia de España, e, de forma completa, de historia de Galicia, cos traballos de Molina, Gándara, Pallarés y Cayoso, Riobó y Seixas, Murguía, Risco, González López, etc., deica Meijide, Eiras e Lombardero; as publicacións sobre historia de Portugal e o seu imperio, etc.

Referentes a diversas materias atópanse numerosos *libros raros* e algún *incunable*, con encuadernacións preciosas e artísticas, como a *Regla de la Orden de Caballería del Señor Santiago de Espada*, de 1526; *Pauli Orosii... Historiarum initium ad aufelium augustinum*, Venecia, 1500; Vasco Díaz Tanco, *La Palinodia*, Orense, 1547; *Carta y relación cierta y verdadera enviada desde Santiago... a la Corte... en la que cuenta la victoria que ovo el Señor don Alvaro de Baçan... en día del Señor Sanctiago*, 1543; *Constituciones Synodales, del Arçobispado de Santiago*, Santiago, 1601.

Entre os numerosos *manuscritos*, a *Historia de don Servando Obispo de Orense*, ano 1646; *Discurso sobre el nombre... de la planta... carqueyxa e Educación de la Jubentud* do P. Fray Martín Sarmiento, século XVIII; *Historia Peregrina del señor Duende Político de los años de 1735, 1736 y 1737*; o *Catecismo* do P. Méndez Quiroga; o *Episcopologio de la Catedral de Santiago de Torres Val-*

carce; as *Constituciones y Estatutos de la Catedral de Oyense*; as *Constituciones sinodales del Obispado de Tui*; obras xenealóxicas de Tirso de Avilés e Botello de Morales; a *Historia do Apóstol Santiago* de Bugarín; dicionarios de leis e formularios legais; a *Historia del Buho Gallego* de Fernández de Castro; o libro de notas de viaxe de Correa y Losada; *La educación de los hijos* de Locke. (Todos eles do século XVIII). *Ligeros apuntes del Observatorio de Marina (San Fernando)... por los Guardias Marinas de la Corbeta "Nautilus"*, 1895; e numerosísimos manuscritos autógrafos de Otero Pedrayo, o que foi patriarca das letras galegas.



UNHA XOIA BIBLIOGRÁFICA DA BIBLIOTECA PENZOL

Entre as xoias bibliográficas que garda a Biblioteca da Fundación Penzol, en Vigo, figura un folleto gótico, que coidamos exemplar único, de gran importancia histórica para Galicia. A súa ficha bibliográfica é a seguinte:

CARTA y relación cierta y ver/dadera embiada desde Sanctiago de Galizia / a la corte de su magestad: en que cuenta la victo/ria que ouo el señor don Aluaro haçon capitán / de su Magestad el día del bienauenturado apo/stol señor Sãctiago: deste presente año de 1543 / de vna armada de franceses que andauã roban/do por aquella costa y puertos de Galizia. (s.l.s.i.s.a.) 4 h. sin fol. Sig. Añ. 4.º. L. gót. varios tam. 36 lin. Inic. grab. Cald. Papel fino de non moi boa textura e sin filigrana. Portada con cinco xilografías de bon estilo. A superior: escudo cuartelado de Castela e León, circundado por colar do Toisón e sobre águia bicéfala coroada, de cuías patas sai ramaxe rematado en sendas cabezas fantásticas de ave. Laterais: columnas de Hércules rodeadas por candelas coa lenda PLUS ULTRE, de abaixo arriba na columna esquerda e de arriba abaixo, na dereita. Inferior: dous anxos cuíos troncos rematan en roleos, sostendo escudo coas cinco chagas. Na parte central superior, guerreiros en tres embarcacións dirixíndose á costa, formada por paisaxe con fortificación almeada. Debaixo, o título. Ao fin do texto, viñeta con dous anxos alados, sentados sobre cornucopias, entre roleos e follaxe, sostendo unha alcachofa central. Enc.: pel, nervios e dobre recadro de ferros fríos. Escudo heráldico gofrado no centro de ambas tapas, cuartelado: 1.º e 4.º, león, con bordura de seis calderóns; 2.º e 3.º, castelo. Escusón axedrezado. Detrás do escudo, cruz de Santiago coroada por coroa ducal con grandeza de España. Dúas cintas de seda verde en cada tapa. 19×14 cms.

A impresión, en xeral, é coidada. Advirtense, con todo, algunhas erratas: S invertida e E, en lugar de A, na lenda PLUS ULTRA. No texto, algunha de pouca monta.

Pedro Vindel, "Repertorio de libros raros", núm. 606. Atanasio López, "La imprenta en Galicia", núm. 6. Antonio Palau y Dulcet, "Manual del libro Hispano Americano", t. 3.º Desconocido por Antonio Rey Soto, "La imprenta en Galicia. El libro gótico".

O P. Atanasio dáo como saído probablemente das prensas de Agustín de Paz, quer en Mondoñedo, quer en Santiago. Evidentemente, os tipos desta Carta son similares aos do "Sumario de los Privilegios... que la... Iglesia de Santiago de Galizia... tiene..." (s.l.s.i.s.a.), que Rey Soto supón impreso en Mondoñedo en 1550 ou 51, baseándose en que emprega a mesma letraría da "Descripción del Reyno de Galicia", do Ledo. Molina, do ano 1550. Noutante, é difícil asignar a impresión dunha obra a un determinado impresor, apoiándose escrusivamente nos tipos gráficos ou nas viñetas, pois de todos é ben sabido que moitas letrerías usadas en incunables empréganse aínda ben entrado o século XVI, que un mesmo grabador traballaba para impresores moi distantes na xeografía. Os impresores traspasábanse os tipos. Os mesmos

tacos repítense en varios impresores e un mesmo impresor emprega tipos diversos¹.

Si a impresión foi feita inmediatamente despóis de escrita a Carta, como é de pensar, obedecendo á necesidade de espricar uns feitos ao país e ao desexo de acadar a gratitude ou o premio a uns servicios, o probable é que o autor deste impreso fose o segundo impresor conocido en Galicia, Vasco Díaz Tanco del Frexenal, persoaxe moi curioso que pasou, entre 1542 e 43, de Santiago a Ourense, chamado polo bispo Manrique de Lara para imprimir as Constituciones sinodales do obispado de Ourense. Nesta cidade traballou polo menos deica 1548, data na que fai testamento. Neste periodo imprime obras moi conocidas, tales como a Palinodia e quizáis os Veinte triunfos. Reaparece anos máis tarde en Valladolid, coa impresión do Jardín del alma cristiana, a comenzos do 1552. O impresor Agustín de Paz non chega a Galicia hastra 1548. En Mondoñedo aparece imprimindo hastra 1553, ano en que pasa a Santiago. Dous anos despóis, en 1555, trasládase para Oviedo, non voltando a Santiago máis que para ingresar e morrer no cárcere.

As costas de Galicia foron ao longo da historia terreo doado para os ataques dos piratas, corsarios e enemigos de todas crases. Baixo Carlos V e con motivo das súas guerras con Francia, menudeaban estas incursións. O máis adoitado era que non pasasen de ser escaramuzas sin perigo para a seguranza do Estado, mas provocaban desacougo e medo nos habitantes da costa, chegando, incluso, á despoboación temporal de certas zonas. Estas acometidas costeiras, despóis de se derramar máis ou menos sangue, viñan rematando en roubos e preadas a xentes non moi abastadas e cuio medio de vida era mesmamente o mar. O Emperador tiña sempre a punto unha armada para a defensa do litoral mediterráneo, pro no Cantábrico, como as incursións francesas eran polo xeneral de menos envergadura, inda que moi reiteradas, confiaba a súa defensa ás xentes costeiras. Pouco antes, nembargantes, da súa saída para Alemaña, en abril de 1543, D. Carlos trata con D. Fernando de Valdés, Presidente do Consello Real, sobre a comenencia de facer unha "remada" polas costas do Cantábrico. Vólvello a lembrar dende Barcelona, nas vísperas da súa partida a Italia. Ao mesmo tempo chama a D. Álvaro de Bazán, mariño de gran prestixio que xuntamente con Andrea Doria dirixira a escuadra que atacou Túnez en 1535, e que estaba arredado da armada, para que volte ao seu servicio e pídelles que reclute en Vizcaya e Guipúzcoa xente e navíos cos que navegaría a Laredo a fin de transportar a Flandes a D. Pedro de Guzmán con 2.000 homes e defender as costas do norte de España contra franceses e outros enemigos.

Don Álvaro obedece rápido. Según Sandoval, parte de Valladolid o 10 de abril. Axunta 40 naves. Quince delas vanse a Flandes co sevillano Guzmán e os seus homes. O xeneral de Fuenterrabía D. Sancho de Leiva anúncialle o 8 de xulio a presenza nas súas augas de unha armada de 30 naos francesas. Bazán pide entón reforzos —só tiña 1.000 homes mandados por un García de Paredes como mestre de campo— e fóronlle enviados 500 arcabuceiros ás ordes do capitán Pedro de Urbina.

A nosa carta narra un notable episodio da cuarta guerra entre Carlos V e Francisco I, que tuvo como escenario a costa de Galicia comprendida entre as rías de Laxe e Muros, do 15 ao 25 de xulio de 1543.

Unha escuadra francesa, composta de 900 a 1.000 homes e 16 naves, tripuladas por xentes procedentes da fronteira de Navarra e mercaderes da bis-

¹ O impresor ourensán Tanco dinos no seu testamento: «dexo en esta casa donde bivo nueve arquillas con letra de enplenta..., letra del manual y punto..., otra caixa de glosa del manual..., la letra del libro del turno..., la letra del brevyario de Santiago con la glosa...», «Ay bifetas de ortado y quatro y medio pliego, media dozana de cada uno todo nuevo, que me costó mas de ochenta ducados en Medina del Campo», «Ay historias de coarto y de octavo y de diez y seis y de treinta y dos y armas de Obispos y de Reyes...», «Ay birgulas que hize para el libro del turno... y ay componedores justificadores y todo lo demas necesario para una ynprenta...», «Ay en un arca alfabetos de letras que yo hize nuevos de palo y de estaño de los primeros hasta ocho que balen mucho...».

barra de San Juan de Luz, propietarios de parte das naves e concededores destas costas polos seus tratos mercantís, desembarcan o día 15 no porto de Laxe, e en días sucesivos en Fisterre e outros puntos da costa entre este pobo e Muxía. Durante dez días saquean canto atopan. Arrapañan a prata da venerada imaxe de Nosa Señora de Fisterre, desensaíxan a custodia da súa eirexa, rachan as orellas das mulleres co mesmo fin, apodéranse de 600 quintales de pescado e congrio, rouban vacas, tronzan as redes e furan os barcos para que se vaian ao fondo, matan, xogan e pasean, comen e beben "de aquel saludable y nombrado vino de Ribadavia" do que encontraron abundancia, sin repararen no desastre que lles agardaba. Andaría polos dez ou doce mil ducados o importe do que se levaron.

O Gobernador de Galicia Conde de Castro (éran don Alvar Gómez Manrique y Mendoza, sucesor neste cárrago do Infante don Juan de Granada, morto en 1542), ao mesmo tempo que envía ao Oidor Lcdo. Alonso Gómez a alentar e dar fogaxe ás xentes, fai chamar con urxencia a don Alvaro de Bazán, que estaba en Laredo coa armada do Emperador. Acude supeto tamén á defensa do porto de Muxía, seriamente amenazado. Velastegui, Alcalde Mayor do Arzobispo de Santiago (don Gaspar de Avalos —aquele bon e coitado arzobispo, educado polo seu tío o primeiro arzobispo de Granada Fr. Hernando de Talavera— tiña partido no mes de maio, acompañando ao emperador no seu viaxe por Italia e Alemaña).

O día 19 pon proa ás costas de Galicia don Alvaro. Acompañano 19 naves. Chega á altura da Coruña o día 21. Aproveñado eiquí de pan, viño e carne e informado con máis detalle, continúa deica o porto de Laxe, a onde chega o día 24. Permanece all hastra media noite en que leva áncoras a fin de se atopar ao mencer cos franceses, situados a media ou a unha legua de Fisterre, medio escondidos detrás dunha punta de terra, nun portoiño sin xente o areal. Albiscáronse as escuadras o día de Santiago e a española, como por milagre, ao decir do cronista, embiste unha nave que levaba o mellor do botín e pártela, indose ao fondo con oito guerreiros españois que a abordaran sin se decataren do perigo. As outras 15 naves non se lles dá cuartel e son apreixadas con facilidade. Os prisioneiros capturados son conducidos inmediatamente a Muros e deixados a bon recaudo. Bazán, catregado de gloria e na compañía de 5 ou 6 persoas, dirixese a Santiago en romería, a pe desde Lariño, o día 27, para dar gracias ao Apóstolo. En Santiago é atendido dignamente, non sabe o autor si pola cidade ou polas xentes do Arcebispo, na casa de Fructuoso Gallos, e volta á Coruña o sábado día 28.

Este relato coetáneo —foi escrito en Santiago unha semana despois da batalla— e inédito ten grande valor por canto ven precisar o lugar —a seis leguas de Laxe e media ou unha legua de Fisterre—, a data —ano 1543—, o número de naves e as circunstancias que precederon á batalla, o pillaxe francés e a rexa defensa das xentes do noroeste de Galicia. Da batalla en si apenas dá detalles. Alóngase máis no referente á defensa feita polos naturais do país. Mira con simpatía a bravura do xuez de Fisterre, Antón Pérez, que, despois de resistir un sitio de cinco horas dentro da súa casa, foi feito prisioneiro xunto coa súa muller e dous fillos.

Verbo da data da batalla, todos os escritores que, seguindo a Fr. Prudencio de Sandoval, trataron dela, dana como celebrada o 25 de xulio de 1544, en augas de Muros, con 24 naves españolas. As perdas francesas foron de 3.000 entre rendidos e mortos e as españolas 300. Mandaba a escuadra francesa Mr. De Sana. López Ferreiro atribúe aos franceses 25 naves e aos españois, 24. Artuza eleva a 40 as naves españolas, interpretando erróneamente a Sandoval.

Que a batalla tivo lugar en 1543 e non no 44, confirmanolo implícitamente o cronista ao non mencionar ao Arcebispo de Santiago na recepción feita a don Alvaro nesta cidade. Evidentemente, don Gaspar de Avalos non voltaría á súa diocese do viaxe co Emperador deica febreiro do 44.

A falta de sentido crítico de Sandoval faille incurrir en notorias contradicións. Sitúa no ano 1544, erróneamente, a preparación da escuadra por don

Alvaro de Bazán e o transporte subseguinte en 15 destas naves de don Pedro de Guzmán e os seus 2.000 homes. Con todo, ao tratar o ano 1543, sitúanos a este persoaxe e aos seus homes (aquí son 3.000) en Flandes e fálanos deles con tres motivos. A primeira vez a propósito do grave perigo que correron ao chegaren a Flandes, onde nonos querían recibir por terse corrido o rumor da morte do Emperador en Arxel, en 1541, e coidaren que estas tropas eran enviadas para os someter. Carlos V entérase desto durante a súa estancia de 15 días en Spira, a onde chegou o 20 de xullo de 1543. Por segunda vez fala deles a propósito do sitio de Landresi, no Artois, ocupado polo rei de Francia. O Duque de Ariscot tiña ido socorrello cos homes que levara don Pedro de Guzmán. Esta nova recíbea o emperador despóis da rendición do Duque de Cleves en setembro do mesmo ano. E, ao cabo, dinos que no mes de outubro seguinte, o emperador diríxese a Landresi, que sitiaba á raíña María cos 3.000 homes levados por don Pedro de Guzmán, chamado don Pedro de Noche polas cantigas que compuña e adoitaba cantar pola noite.

Tamén o eximio López Ferreiro confunde a este don Álvaro de Bazán co seu fillo do mesmo nome, que andando os anos chegou a ser o primeiro Marqués de Santa Cruz e que, según Sandoval, recibiu o seu bautismo de fogo nesta batalla de Fisterre sendo moi mozo, pois nacera no 1526.

O autor desta Carta debía ser vasalo do Arcebispo de Santiago ao que chama dúas veces "mi señor". Si non intervén na batalla, ao menos estivo presente no recibimento que se lle fixo a don Álvaro. A narración é sobria, sin a retórica que podería agardarse dunha carta panexírica e concebida para exaltar a un héroe. Escribe con imparcialidade e con oficiosidade. A súa admiración cara ao vencedor é pouco expresiva: "tan buen capitán", "nos habló muy bien". O relato é case sempre impersoal. Ás veces, poucas, quizáis pola forza que lle dá a súa presenza nos sucesos, narra en primeira persoa. Hai soltura e corrección, inda que abusa un tanto do encadeamento por medio da copulativa. O estilo directo aparece somentes no discurso pronunciado por don Álvaro diante do xentío que o agardaba en Santiago.

OLGA GALLEGO

BIBLIOGRAFÍA

Pedro Vindel: «Repertorio de libros raros». Madrid, 1925, pág. 58. Atanasio López: «La imprenta en Galicia. Siglos XV-XVII». Madrid, 1953, p. 54. Antonio Palau y Dulcet: «Manual del libro Hispano Americano». Barcelona, 1950, t. 3.º. Antonio Rey Soto: «La imprenta en Galicia. El libro gótico». Madrid, 1934. Cándido Cid: «Testamento y codicilo de Vasco Díaz Tanco del Fregenal». Bol. Com. Mon. Orense, t. VII, p. 89. Marcelo Macías: «Vasco Díaz Tanco de Frexenal». Idem, p. 153. Prudencio de Sandoval: «Historia del emperador Carlos V». Madrid, 1955-56, t. 3.º, pp. 140, 156, 158 e 209. Antonio López Ferreiro: «Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela». 1898-1909, t. VIII, cap. III e V. Idem: «A tecedeira de Bonaval. Episodio da hestoría de Compostela no século XVI». 2.º ed., A Cruña, 1895. Justo Eliseo Areal Barros: «Fragmentos de la Historia de Galicia...». Vigo (s. a.: 1900?). Ramón de Artaza Malvárez: «La villa de Muros y su distrito». 2.º ed., Pontevedra, 1959, p. 164. José L. G. Novallín: «El Inquisidor General Fernando de Valdés (1483-1568). Su vida y su obra». 1968, p. 144.

A PAIXÓN MEDIDA, por Carlos Drummond de Andrade

Xiadas para sempre as líras de Vallejo e Neruda, Carlos Drummond de Andrade ergue hoxe a voz máis senlleira do parnaso sul-americán. Non quero decir do ibero-americán. Dentro de aquela área, de antigo ultrafecunda, o cetro da lírica trocou de titularidade. Pasou, sin que a xente se decatara na Europa, de unha comunidade lingüística a outra. Da do castelán á do portugués.

Carlos Drummond de Andrade foi nado en Itabira. Unha vila sertanexa do Estado de Minas Gerais, onde os poetas se veñen dando cuasi tan ben como os diamantes. O berce, con a súa enerxía telúrica, deixou súa impronta ben marcada, así no home como na obra.

Mais se quixeramos ir máis alá, mexer na proxenie do cantor, non dubidariamos en lle atribuír unha de non menos nobre orixen. A do sangue celta transmigrado ao trópico. Non é outro o vncello que os seus apelidos pregoan. *Drummond*, que o mesmo poeta traduz "como de onda alta", ven da Escocia. E o segundo —que na terra de orixen sería o primeiro— o paterno, *de Andrade*, está cheo de almeadas resonancias galegas, brigantinas...

Cando tiña poucos máis de vinte anos, entre 1925 e 1926, o itabirano xa era estudante belo-horizontino. Na capital do seu Estado, con outra roлада de novos poetas, incorporouse á segunda promoción do modernismo brasileiro. A primeira fora a que outros Andrades —Mario, Oswaldó, Guillerme de Almeida— a maiores de Jorge de Lima, Manuel Bandeira e moitos máis, fixeran agromar con estrondo no 1921.

Non é cousa de facer camiño agora na dilatada obra do itabirano. Nin cinguíndonos á poesía. Abondará con engadir que refundidas as súas dez primeiras colectáneas líricas, fixérase *Reunião*¹. Tomo de máis de trescentas páxinas, que no 1977 xa chegara á octava edición. Un feito que di tanto a prol dos merecementsos do autor, e da súa longa vixencia, como do índice de lectores de poesía que sostén o mercado brasileiro das letras.

Agora saíu do prelo, como segunda edición, outro libro. Ten título enxebremente drummoniano: *A Paixón Medida*². Antinomia aparental, que ben pudiera constituir unha das claves segredas do poeta. Non diréi da súa estética, mais sospeito que do seu temperamento, do seu desasosego polo achado da expresión rexa e lírica a un tempo.

De *A Paixón Medida* poderíamos decir que, máis que segunda, a de agora é primeira edición. Ou polo menos a edición completa. Publicárase denantes con tiraxe fora da venda, composto de 643 exemplares numerados e adicados a outros tantos bibliófilos. Agora o libro medrou de 28 a 34 composicións. E foi ornado con 16 valentes ilustracións de Luis Trimano, tamén deseñador da tapa.

No libro de agora aínda canta aquél que cantaba no 1930, cando irrumpiu no parnaso belo-horizontino con *Alguma Poesia*:

Cando nací, um anjo torto
desses que vivem na sombra
disse: Vai, Carlos, ser *gauche* na vida.

Sin perda de aquele realismo quente, de tan achegado ao humano, o poeta medrou. E non semente por enriquecemento do seu estro, e polo folgo con que transfigurou en poesía o que nunca fora como tal tratado. Também pola súa creatividade expresional, polo virtuosismo ineditista da lingua. Sin deixar nunca de ser artista directo, profundo, en algunhas situacións, duro ou pechado. Val a pena recoller o que, sobre o sub-tema agora encetado, escribe o gran lingüista brasileiro Antonio Houaiss:

"Carlos Drummond de Andrade é consabidamente (e pior e o cego que não quer ver) um senhor mestre da língua, cujas actualidades, mas sobre tudo cujas potencialidades explora expresionalmente com tais ineditismos e inauditismos, que se lhe ha de reconhecer o direito de ver de superpor-se a norma, infringil-a, recreal-a, adentrándose no sistema da língua e aprehendendo deste os filamentos, meandros e conexões potenciais, as células generatrices, para trazal-as a luz da sua expressão."

¹ Livreria José Olympio Editora, Rio de Janeiro, 1977.

² Id. Id. R. de J., 1980.

É para remate unha coordenada temática inagardada. De novo no libro que agora folleamos, a famosa estampa lorquiana de "La Casada Infiel" remanece na poesía brasileira. As primeiras veces fora en dúas composicións de Vinicius de Moraes —falecido recentemente na Bahía—. Unha titúlase "Rosario" e outra "Balada da praia do Vidigal" ³.

Drummond compuxo "A festa do Mangue", outro poema do amor venal, con escenario semellante ao dos precedentes. O paralelismo dos tres poetas, desenvolto ao redor do mesmo eixo temático, pudera servir para un exercicio crítico de proveito. Mais aínda que polas paridades —ben notorias nos dous primeiros—, pola gama das outras variacións expresivas. Sin esquecerse, de que cada poema teña seu auténtico valor, sen lle deber nada a outro. Maiormente o de Drummond, feito, como tantos seus, con ritmo mais sin rima. Outra das estrenuas aportacións á lírica moderna do estro drummoandradino.

V. P. A.

NÃO PERCA O SEU LATIM, por Paulo Ronai ¹

Paulo Ronai é xa conocido en Galicia. Hai poucos anos achegouse á nosa Terra, nunha viaxe que desde o Brasil, seu país de adopción como exiliado da segunda Guerra Mundial, fixo á súa Hungría natal, e a outros países de Europa. Crítico de sobranceira calidade, especializado na obra de Guimarães Rosa, encol da descollante personalidade literaria do xenial romancista do sertão, pronunciou conferencias no auditorium da Caixa Municipal de Aforros de Vigo, e na Facultade de Filosofía e Letras de Sant Yago. Ademais, como é sabido, de prefaciarse "A Galecidade na obra de Guimarães Rosa".

Ronai é un traballador infatigable, en varios eidos especializados do pensamento. Maiormente como traductor políglota, como crítico, como historiador da literatura, etc. Dentro da liña de investigación das literaturas clásicas, o Prof. Ronai ven de publicar, con a colaboración de Aurelio Buarque de Holanda, outro libro: *Não perca o seu latim*. Obra de paciencia e sapiencia, ceais a máis copiosa coletánea que se teña feito nas linguas neolatinas de frases e ditos, máximas e proverbios, locucións e inscricións, epitafios e lemas do latín, que se usan na escrita de aqueles idiomas. No luso-galaico de xeito especial, e condicionante para a concepción da obra.

O autor e seu autoriado colaborador non traballaron na admirabel colectánea sómente como tradutores. Foron máis alá como glosadores, investigadores do léxico, como analistas das verbas. Despóis do completísimo alarde de palabras e frases, a obra ten segunda parte. Trátase de unha gramática latina, que o autor califica de sucinta. Non é tanto, pois abrangue desde a páxina 185 á 261. Constitúe un manual de conhecimentos e normas, que fornecen a quen os precisa saberes básicos axeitados.

Na "introdução" Ronai anota: "Hoje o latim anda ausente dos programas, mas um bom punhado de sentenças continua a fazer parte da bagagem do homem culto". E a seguido, engade: "E a este que pretendemos ajudar". Mais esta axuda aínda pode ser de maior valimento en áreas da comunidade idiomática, como a galega, onde aínda a tarefa de fixación vocabular e sintáctica principalmente, si ben xa escomenzada, aínda ten longo camiño a andar.

V. P.-A.

³ Vinicius de Moraes, Antología poética, Editora Sabiá, R. de J., 1960.

¹ Editora Nova Fronteira, Rio de Janeiro, 1980.

COMO E ONDE NACEU A BIBLIOTECA PENZOL

Mercando un exemplar de *O Tio Marcos da Portela*, nun kiosco da Gran Vía madrileña, Fermín Penzol descubriu a Galicia como cultura e como pobo, despertándose nel a grande pasión da súa vida, a bibliofilia galega.

Os primeiros libros que adquiriu foron *Galicia antigua* de García de la Riega, e *Varones ilustres* de Vestreiro Torres. Procedían da Biblioteca do Duque de Béjar e estaban á venda nun posto de vello da rúa de San Bernardo. Outra importante adquisición foi a *Palinodia de los Turcos*, editada por Díaz Tanco de Ourense, no 1547, procedente da Biblioteca do Duque del Infantado.

Moi novo tivo Penzol que competir, en desigualdade de condicións, con outros notables bibliófilos galegos: Rey Soto, Vaamonde Lores e Cotarelo Valledor.

Contemporáneo e amigo de moitos escritores galegos, el nada escribiu; apenas si cartas aos amigos. Gardou silandeiramente as súas impresións, os seus sentimentos. Pero legoulle a Galicia o que máis quería, xesto singular nunha terra onde non se prodigan estes feitos.

A DATA DE INAUGURACION DA BIBLIOTECA

O día 5 de maio do 1963 inaugurouse oficialmente a Fundación Penzol, cunha conferencia do Prof. Rodrigues Lapa. Acudiron daquela a Vigo moitos amigos procedentes de diversos puntos de Galicia e de Portugal. O local estaba ategado de xente. Reinaba alí a admiración e o entusiasmo de estar vivindo un acontecemento trascendente.

No ano 1956 fixolle entrega simbólica á "Editorial Galaxia" da súa biblioteca, formalizándoa ao crear a "Fundación Penzol", en virtude de escritura notarial do 7 de abril do 1963, á que lle fixo entrega dos libros, documentos e toda eras de revistas coleccionadas por el. Nomeou, pra rexila, un Patronato do que formaban parte varios membros de número da Academia Galega, algúns profesores da Universidade de Santiago, o Director do Arquivo Provincial de Ourense, e outras personalidades destacadas nas Letras, as Artes e as Ciencias.

Dito Patronato —presidido polo propio Penzol— acordou establecer a Biblioteca e o Arquivo da Fundación na cidade de Vigo, por ser unha das máis importantes do país, e carecer daquela de institucións específicas neste terreo.

Á Editorial Galaxia, dada a coincidencia de fins coa dita Fundación —posto que viña desenrolando desde había anos unhas tarefas de creación e difusión no campo cultural galego en solitario— confiouselle o depósito, custodia e administración dos fondos integrantes da Fundación, baixo a tutela do Patronato desta.

Fermín e Branca Penzol acababan de entregar a Galicia un tesouro cultural —un tesouro que estaba na súa casa— e, despois de o entregaren, compartían a emoción e a alegría dos que o recibían.

Alí estaban —en entrega aos estudosos do país— todos os materiais recollidos por Penzol ao longo da súa vida. Na súa mocidade tiña visitado

centos e centos de veces as librerías de vello de Madrid á procura de libros galegos. Despois, sin perder o contacto cos libeiros madrileños, Fermín e a súa muller Branca, visitaron centos e centos de veces as librerías de Galicia á mesma procura.

UNHA OPINIÓN DE BLANCO AMOR SOBRE A FUNDACIÓN

Nun volume de homenaxe a Fermín Penzol, o escritor Eduardo Blanco Amor escribiu:

A idea, e idea crara, de que a Fundación Penzol existe, pode ser útil e propagable pra o seu arriquecemento. Unha cousa é donar enseres, por rutina, por bondade, por abundancia ou polo que sexa pra o seu sonequeo e pasividade en pinacotecas e arquivos crípticos, e outra inxerilos formando parte dun organismo xoven, inmediatamente útil, vivo, incluso no seu ser físico, domiciliario, nunha rúa movedía, comercial, céntrica de Vigo.

A Fundación Penzol coa confianza que inspira a súa utilidade, a súa "facilidade", o cordial manexo dos seus fondos, pode ser incentivo pra novas dávidas. Cicais a biblioteca de Rey Soto, os libros galegos de Antón Docampo en Cuba, os libros e coleccións

O seu fogar de Castropol convertiase nun dos fogares galeguistas máis respeitados e queridos. Nel estiveron todos os libros, revistas, xornais e documentos que logo se trasladaron a Vigo.

xa perdidos de Castro López en Buenos Aires, e quén sabe cántos máis non se houberan perdido ou non houberan trabucado o seu destino si a obra conmovedora de Penzol tivera acadado a comprida e merecente publicidade a que ten dereito en razón da súa propia utilidade...

Aínda hai agora xente que non sabe "que facer" coas cousas que lle veñen ás mans; que racha papeis que non entende; que deborca nas librerías de vello ou nos chamariles incalificados, ou máis sinxelamente que queima libros sin siquera acertar a vendelos.

Eis o meu homenaxe ao Fermín Penzol. Cada seu pon o que pode: el os libros, os papeis que en Vigo nos agardan a todos; ún, o entusiasmo por traballar algo máis a prol do coñecemento, do desenmeigamento, desta leixada e amada Terra Nosa.

LABOR DE DIVULGACIÓN E EXTENSIÓN CULTURAL

A misión específica da Biblioteca, de fonte para a investigación, únese un extraordinario labor de divulgación e extensión galega, posta de manifesto na colaboración no montaxe de numerosas exposicións bibliográficas e documentais. Entre elas destacan:

A celebrada en Barcelona, no 1970, con motivo da Exposición do Libro Galego, á que foron enviados moitos diplomas medievais, impresos e libros raros, e outros fondos bibliográficos modernos.

A Exposición "Presencia de Galicia", inaugural da Galería Sargadelos de Madrid, celebrada na segunda quincena de abril do 1975, contou cunha boa aportación da Fundación Penzol.

A Exposición "O Libro Galego Onte e Hoxe", en Santiago de Compostela no 1979, tivo unha presenza importante da Fundación nesta mostra exhaustiva de libros galegos.

A Exposición sobre "El Constitucionalismo Español", celebrada no 1979,

veu arriquecidas as súas vitrinas con documentos únicos sobre o Estatuto galego do ano 1936, sobre a súa preparación, eleccións, e personaxes que dalgún xeito estiveron relacionados con el.

Xunto coa Editorial Galaxia, publicou a Fundación unha serie de obras: *A vida e a fala dos devanceiros*, escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI, preparada por Xesús Ferro Couselo; libros de Xoaquín Lorenzo, Pensado Tomé, Carballo Calero, e de ou sobre Pondal, Leiras Pulpeiro, Viqueira, Cuvillas, etc.

Pasaron pola Biblioteca, e utilizaron amplamente e sin cortapisas os seus fondos, moitas personalidades, escritores, profesores e estudantes, tanto de aquí como do estranxeiro, cuxa soa enumeración sería moi prolíxa.

As demandas dos seus catálogos por parte de universidades e institucións culturais estranxeiras son constantes, dado o seu prestixio e alto interés.

OS FONDOS BIBLIOGRÁFICOS E DOCUMENTAIS

Os fondos da Fundación son de dúas clases: Bibliográficos, formados por libros, folletos, revistas e periódicos; e documentais, de orixe público, semipúblico, privado, e especiais ou coleccións varias.

Os fondos bibliográficos caracterízanse por ter como denominador común —ao igual que os documentais— temas e asuntos referentes a Galicia, ou estar escritos por galegos e editados en e fora de Galicia, ampliada á área cultural que lingüistas e etnólogos chaman "área do galego exterior"; é dicir, o Bierzo e a Maragatería, a parte occidental de Asturias, Portugal e as súas ex-colonias e o Brasil. Tamén as producións de Centros Galegos das Américas, e dos países autonómicos,

Cataluña e o País Vasco. Constitúen o conxunto bibliográfico máis importante do mundo sobre temas galegos, xunto co da Real Academia Gallega da Coruña.

O segundo grupo, constituído polos fondos documentais, formouse con documentos soltos ou formando lotes que saían á venda en calquera parte da xeografía española; e, polo tanto, son coleccións totalmente facticias, de procedencia diversa, inda que referentes á historia e cultura galegas, e non homoxéneas. O seu interese radica en servir de fonte histórica complementaria ás outras fontes históricas galegas tradicionais, existentes nos arquivos estatais, da administración local, da eirexa, etc.

PENZOL EN PRECURA DOS LIBROS DE GALICIA

Nunha evocación que de Penzol fixo Carballo Calero, escribiu:

Fermín Penzol, en procura de libros de Galicia, en procura de glorias de Galicia, erguendo un pazo de libros para gozo de Galicia, erguendo un castelo de libros para defensa de Galicia, erguendo unha catedral de libros para honra de Galicia; arquitecto de libros, constructor de moimentos de libros, gran labrador dos eidos da nosa cultura, colleitador do noso pan espiritual, gardador nos nosos piornos, nos

piornos de Galicia, do pan que sacie a nosa fame, do ouro cereal que aliménta a nosa alma degoirada e debecida.

Fermín Penzol entra nunha librería de novo, nunha librería de vello. Fermín Penzol entra na librería de Galicia. Fermín Penzol entra na historia de Galicia. Fermín Penzol entra na entraña mesma de Galicia, está ahí, nela, no corazón de Galicia, fillo piadoso de Galicia, erguendo a Galicia, cos seus libros, un moimento de amor filial.

N O T A S

FERMIN PENZOL, gran filántropo e patriota galego, atopábase en posesión dunha magnífica biblioteca especializada en temas de Galicia e sobre escritores galegos, tanto antigos como modernos, que fora reunindo amorosamente desde a súa primeira mocidade. Uníu a ela un importante fondo documental —tamén sobre asuntos galegos— nos seus recorridos profesionais a traveso da xeografía española. Na plenitude da súa vida, ao mediar o seu medio século de existencia, decidiu donar ditos fondos ao seu país pra que servira de eficaz instrumento de traballo e información a cantos pretenderan consagrarse ao estudo e investigación

da historia, do idioma, da literatura e os problemas da realidade cultural e social galega, singularmente para a mocidade universitaria, graduados de todas as especialidades e investigadores e estudosos estranxeiros.

A AGUZADÍSIMA sensibilidade ética de Penzol amostrou tres vértices ben nidios na súa andadura vital: A súa temperada ironía cara os homes e as institucións que tollen os canles comunicativos; a súa piedade e simpatía polas vítimas incomunicadas; e a súa maina desesperación verbo da pronta desaparición dos atrancos perturbadores da comunicación postulada pola es-

tricta ética social. E estes tres momentos —disgusto moral, compasión moral, desilusión moral— apuntaron en Penzol unha rexa organización ética e unha rara aptitude pra percibir, por contraste, a cadea de afectos humanos no seu xuício final.

GARCIA SABELL escribiu que na faciana de Fermín Penzol había unha constante existencial: o seu sorriso. Era unha curva xenerosa, aberta sobre si mesma, que rachaba a fisonomía e aluméabaa de humanidade. Desde ela, os beizos pechados falaban sin palabras. Todo o espírito, toda a persoa de Fermín Penzol estaban no seu sorriso. Os ollos axudaban. Pero os ollos aparecían sostidos polo despliegue xestual da boca. A súa mirada se non explicaba sin a realidade do sorriso. O sorriso de Fermín Penzol era a viga maestra da súa faciana. ¿E de onde lle viña ese sorriso constante? Da súa capacidade espectadora.

REFERENTES A diversas materias atópanse na Biblioteca Penzol numerosos libros raros e algún incunable, con encuadernacións preciosas e artísticas. Por exemplo, a *Regla de la Orden de Caballería del Señor Santiago de Espada*, de 1526; *Pauli Orosii... Historiarum initium ad aufellium augustinum*, Venecia, 1500; Vasco Díaz Tanco, *La Palinodia*, Ourense, 1547; *Carta y relación cierta y verdadera enviada desde Santiago... a la Corte... en la que cuenta la victoria que ovo el Señor don Álvaro de Baçan... en día del Señor Sanctiago*, 1543; *Constituciones Synodales, del Arçobispado de Santiago*, Santiago, 1601.

ENTRE TODOS os fondos especiais que figuran nas coleccións documentais da Biblioteca Penzol, é, sin dúbida, a

de *diplomas*, en pergameo, a de meirande importancia, pois sobrepasa o milleiro de pezas, todos galegos, desde o ano 1135 ao século XIX. A colección de *executorias de fidalguía* componse dunhas trinta, en pergameo ou papel, con preciosas encuadernacións, ilustradas con viñetas, armas e escudos dos solicitantes, dos séculos XVI ao XIX. Hai tamén dúas coleccións de *documentos soltos*: unha de documentos medievais e do século XVI, en papel e pergameo, galegos; e outra de documentos soltos, en papel, do século XV ao XIX.

DE IDEALISTA galego exemplar calificou Rodrigues Lapa a Penzol. E baixo aquel rubro escribiu: "Estou lembrando, há uns anos atrás, de me ter sentado junto deste homem durante o banquete que lle foi ofrecido na cerimonia inaugural da Fundação que tem o seu nome. Não sei já que palavras pronunciei a seu respeito; mas tenho tanta veneração por pessoas desta qualidade, que foram certamente expressões de simpatia e comovido entusiasmo. Homem singular, trabalhado por um ideal generoso, conseguiu recolher, anos a fio, num labor incansável e metódico, o mais rico e completo acervo de livros referentes à Galiza. Constituem neste momento a grande Biblioteca Galega, cuja consulta se torna indispensável para quem desejar conhecer todas as actividades presentes e pretéritas do país. Os livros aí se encontram, nas estantes, devidamente catalogados; mas não estão só para serem vistos; é para serem consultados com amor e numa recordação agradecida para quem os adquiriu e ofereceu. Efectivamente Penzol, doando-os à Galiza, só teve em mira a grande obra de recuperação cultural do país galego".

